gación de Cerillas na cidade (quitaríanlla á familia no 1937) e que fora concelleiro con Adolfo Sánchez Díaz no 1922-23 e no 1930-31. Tomás xa era o 31-VII-1914, á idade de 14 anos, membro do Comité dos «Liberales» do Conde de Romanones en Betanzos, dos que figuraba en primeiro lugar, Eugenio Corral Golpe, seguido de César Sánchez San Martín, Fermín Couceiro Serrano, Víctor Cancela Noguerol (futuro concelleiro e alcalde republicano), Francisco Veiga, Francisco López Torres (pai de Tomás), Agustín Leis Ponte (será alcalde do 22-XII-1917 ó 1-IV-1920), Fabián Costas, Agustín Núñez, Joaquín Novo, (nesta posición ía Tomás), César Sánchez Díaz (alcalde do 14-III-1912 ó 1-I-1914 e líder no 1931, como vimos, dos «Independientes»), Domingo Tenreiro, Francisco Otero Datorre, Antonio Faraldo, José Iglesias (futuro concelleiro republicano), Jesús Posse e Francisco Sánchez Díaz. Máis tarde, sería concelleiro na Dictadura de Primo de Rivera a partir do 8-II-1924, en que preside Jesús Martínez García como Delegado Gubernativo, para seguir con Emilio Romay Montoto de alcalde (desde o 11-II-1924) ata o 6-II-1930 con Raúl Fernández Meás de alcalde accidental. Na Segunda República integrarase no PSOE, sendo o último alcalde no 1936: sería fusilado en outubro.

Outros persoeiros son, Raúl Fernández Meás, ex-alcalde accidental (I-1929/II-1930) en ausencia de Romay, e Carlos Peña Rodríguez, perito agrícola que pertencera ás Irmandades da Fala xunto con seu irmán Joaquín.

Ideoloxicamente non semella que haxa grandes diferencias cos «Independientes»: son monárquicos; máis radicalmente antirrepublicanos (non andan con ambigüidades) e reivindican, loxicamente, o seu papel político e a súa xestión na Dictadura. Nas follas propagandísticas e nun artigo de López da Torre en *La Voz de Galicia* (7-IV-1931) está moi claro que os inimigos políticos e persoais da «Unión Monárquica» son os «Independientes, ayer conservadores y poco antes liberales», ós que respostan puntualmente en tódalas súas acusacións, non deixando, ademais, que se desmarquen do seu pasado tamén ligado á Dictadura:

> [...] D. Antolín Sánchez Valeiro fué el primer presidente de la U. P. [Unión Patriótica] local en la época en que se desencadenó por el distrito un furor persecutorio contra secretarios y médicos; dispuso de cuatro Ayuntamientos en los que colaboraron sus mejores amigos; asistió a los banquetes al señor Romay [...] titulándose leal amigo [...] hasta el día en que se decretó la renovación de las Diputaciones. D. César Sánchez Díaz, visitó al Sr. Calvo Sotelo en Madrid, ofreciéndose para dirigir los destinos de Betanzos [...] Por último, el Sr. Corral,



*Emilio Romay Montoto, líder en Betanzos da «Unión Monárquica».*



*Carlos Peña Rodríguez (de «Unión Monárquica».)*



*Raúl Fernández Meás (de «Unión Monárquica».)*

fué propuesto para Presidente de la U. P. en su postrera época, cargo que aceptó, visitando con tal carácter al Gobernador Civil del brazo del Sr. Romay. ¿Es qué en estas fechas ignoraban los citados señores todos los horrores que cual doncellas escandalizadas, relatan ahora? [...] Pero, si la disculpa cabe en aquel tiempo ¿cómo explicar que aún el día de la proclamación de candidatos ofreciera D. César Sánchez al Sr. Peña tres Concejales a cambio del consiguiente tacto de codos? [...] Juegan con las palabras que mejor les retratan y así emplean otra vez la de camaleón que hace diez y seis años aplicaron a su tío [Agustín García Sánchez]. Son monárquicos y coquetean con la república; los antidinásticos les atacan y al igual que los esclavos, responden al latigazo con genuflexiones de servilismo. Merecen conmiseración; al fin y a la postre son los estertores del agonizante caciquismo que para bien del país, muere. *Betanzos, 12 Abril 1931.*

Mentres estes grupos afíns se atacaban mutuamente, as organizacións republicanas non deixaban de editar follas propagandísticas e de facer mitins. A «Con-

**O. R. G. A.**
ORGANIZACION REPUBLICANA
GALLEGA AUTÓNOMA
GALICIA

*Enero, 1931.*

**A NUESTROS AFILIADOS:**
**A NUESTRAS SECCIONES:**

*Suponémoos sabedores de que por virtud de los pasados sucesos de Jaca fué preso en aquella ciudad y sometido al rigor de una incomunicación en un calabozo durante 17 dias, nuestro entrañable amigo D. Santiago Casares Quiroga que, como representante de Galicia, firmaba el manifiesto que al país dirigió el Gobierno Provisional de la República.*

*De la labor de este nuestro compañero, que hoy se halla en la Cárcel Modelo de Madrid, adonde fué trasladado, nada queremos hablar por no ser ello de ocasión y porque a su tiempo será conocida en toda su amplitud para entonces apreciarla y estimarla cuanto se merece y ver cuanto hay en ella de altruismo, de abnegación, de espíritu de sacrificio, puesto todo al servicio de la República y de Galicia.*

*Pero si el momento no lo reputamos indicado para hablar de nuestro querido camarada,—quien, estamos seguros, se indignará cuando conozca esta circular en lo que tiene de alusión a su persona,—no queremos que pase la oportunidad de comunicaros que, ausente y preso nuestro compañero, la O. R. G. A. seguirá su camino de lucha y de captación de voluntades dentro de nuestro país gallego y de sus secciones de América con mas fé y con mas entusiasmo que nunca, con la fé y el entusiasmo que nos dá la firmeza de nuestras convinciones y la seguridad que abrigamos de que triunfante en España la República Federal hallarán solución todos los problemas que afectan a Galicia.*

*Es por esto por lo qué cumplimentando un acuerdo de nuestros elementos directivos os dirigimos estas lineas, que no quieren ser un recordatorio ni un llamamiento a vuestros entusiasmos republicanos porque los supongamos entibiados, sinó que es, pasado el alto que hicimos en la marcha, una orden de continuar en la lucha que nos impusimos hasta lograr el triunfo de nuestros ideales y la liberación de nuestra Tierra y en cuya conducta debemos y habremos de perseverar sin una tibieza, sin un desmayo, sin una vacilación y sin aceptar colaboraciones ni pactos con ningun elemento que no sea republicano pues bajo la bandera y al señuelo de un agrarismo de «doublé» y de combate contra un determinado caciquismo--para nosotros todos los caciquismos son igualmente despreciables y combatibles —tratan de confusionarnos y deslumbrarnos algunas gentes que directamente unas e indirectamente otras se hallan en contubernio con el Gobierno actual y por lo tanto al servicio del régimen nefando y de oprobio que viene detentando la voluntad del pueblo español.*

*Así os lo indicamos y así lo esperamos de vosotros y de nuestro amor a la República y tened por seguro, que en las horas de lucha que se avecinan, nos acompañará con su espíritu y con su consejo el amigo del alma que por nuestras comunes ideas y por nosotros los gallegos pasó horas de hondo sufrimiento y amargura, que es nuestro deber corresponder trabajando sin descanso en la completa republicanización de nuestra tierra, labor para la que la ausencia de nuestro hermano no ha de ser un obstáculo, antes bien, será acicate y estimulo que la haga mas perseverante y enfervorizada.*

*¡Viva la República Federal Española! ¡Viva Galicia!*

Por la O. R. G. A.,
El Comité Regional.

AMB

**Teatro Alfonsetti**

**Sábado 20 del actual a las 9 de la noche**

**"Anda la Orga"**

**Apropósito Carnavalesco original de Nito, con ilustraciones locales a cargo de Fiaño**

**PRECIOS:--BUTACA, 1'50; DELANTERA, 1'00; GENERAL, 0'60**

AMB

federación Nacional del Trabajo, secundada por la Prensa y opinión izquierdista» solicita por medio do avogado, Luís Cortiñas Díaz (antigo presidente das Irmandades da Fala), a celebración dun mitin no Teatro Alfonsetti o sábado 27 de setembro de 1930, no que intervirían: José Suárez (da Coruña), José Villaverde (de Vigo) e Ángel Pestaña (de Barcelona). A folla ou panfleto que presentan ó alcalde sería parcialmente censurada no parágrafo que empezaba así: «La odiosa Dictadura...»

Ricardo Bonome, no nome da «Agrupación Republicana de esta ciudad» solicitou a cesión do Campo de Deportes (onde está hoxe o Parque Pablo Iglesias) ou o Teatro Alfonssetti, se chovía, para facer un mitin o domingo, 5 de outubro de 1930. Solicita tamén o Alfonsetti para diversos mitins republicanos no 1931: o 28 de marzo (tamén o solicita a UGT e a Federación Agraria) «pro amnistía y de propaganda electoral, organizado por los elementos republicanos y agrario-socialistas de la localidad» no que intervirían, «Don Víctor Cancela Noguerol por los republicanos locales, Don Manuel Lugrís Freire, Don Antonio Villar Ponte y Don Luís Peña Novo, por la Organización Republicana Gallega Autónoma, y nuestros camaradas ferrolanos Alfonso Quintana y Pena, por la UGT, y el ex sacerdote Matías Usero Torrente por el Partido Socialista.»

**El Comité de la Federación Agraria del Partido Judicial de Betanzos, a todos los asociados de las distintas Sociedades y Sindicatos que la integran.**

**Compañeros:**

Nuestros estatutos federales disponen que al final de cada año ha de celebrarse una asamblea general ordinaria a la que deben acudir todos los afiliados de esta Federación.

Arbitrariedades de un poder ilegítimo que, para satisfacción nuestra y bienestar del país, rueda vertiginosamente hacia el abismo, acuciado por el peso de sus propios errores y pecados, y envuelto en el desprecio total de los ciudadanos que anhelan convivir en un régimen de Justicia y Libertad, han motivado una serie interminable de crímenes, escándalos, atropellos, vejaciones y toda clase de desafueros, que vienen siendo norma de gobierno en este régimen caduco; dieron lugar a que durante un mes consecutivo haya estado clausurada nuestra Casa del Pueblo, con el natural regocijo del caciquismo local y otros elementos no menos repudiables, que creyeron ver en este hecho arbitrario e ilegal, nuestro total aniquilamiento como campesinos organizadas, lo que contra nuestra voluntad ha impedido dar cumplimiento al mandato de nuestros estatutos.

Hoy, abierto el Centro y recobrado cierto margen de libertad que el poder absoluto va reintegrando al país por la enérgica y arrolladora actitud del pueblo, que aspira a librarse totalmente de un régimen despótico que ha venido escarneciendo consecutivamente sus derechos ciudadanos, podemos anunciar, por fin, la celebración de dicha asamblea para el próximo domingo, día 22, a las diez en punto de la mañana, en el salón de actos de la Casa del Pueblo, en cuyo acto serán tratados asuntos de suma importancia y vital interés para el mejor desenvolvimiento y progreso de esta Federación y de los campesinos a ella adscritos.

Por consiguiente, cúmplenos, con el mayor interés, dirigiros este llamamiento, para que por ningún motivo dejeis de asistir a dicha asamblea; porque en estos momentos decisivos para la democracia española y para la liberación de Galicia, es necesario afianzar nuestra unión, acrecentar nuestro entusiasmo y ratificar nuestra fe en el trinfo inmediato de los ideales democráticos, por defender los cuales han entregado sus vidas unos hombres valientes de espíritu noble y generoso y sufren, otros, los rigores de la prisión, esperando detrás de las rejas a que el pueblo, en un gesto de virilidad, vindique la memoria de los muertos y los liberte a ellos de las cadenas y de la amenaza de los códigos facciosos.

Meterse cada uno en su casa; esconder la cabeza como las avestruces; alegar ocupaciones supuestas para disculpar ausencias, en estos momentos en que una buena parte del pueblo ya está en medio de la calle, sería dar muestras inequívocas de una cobardía que por fortuna ya no existe.

CAMPESINOS: Hay que dar muestras de ciudadanía; hay que traer mas compañeros a nuestras filas; hay que difundir en todas partes y en todos lugares el espíritu de unión; hay que asociar a todos aquellos que aun vacilen; hay que crear Sociedades allí donde no existan; hay que trabajar, en fin, hasta libertarnos de todos los tiranos; y sobre todo, y por encima de todo, hay que demostrar rotundamente, categóricamente, a nuestros enemigos, que estamos en unos tiempos felices en que las persecuciones y los atropellos, cuanto más encarnizados, más hacen vibrar los corazones y aunar las voluntades en pro de la Libertad.

Todos, pues, sin excepción y como un solo hombre, debeis acudir a la asamblea del día 22.

Así lo esperan
POR EL COMITÉ

**Bernardo Miño** — *Presidente*

**Ramón Beade Méndez** — *Secretario*

Betanzos, Febrero de 1931

BETANZOS.—Imp. de M. Villuendas

AMB

Bonome solicita outro mitin para o 4 de abril no nome da «Organización Republicana» e da «Federación Agraria», no que intervirán, Víctor Cancela Noguerol, Manuel Lugrís Freire, Antonio Villar Ponte, Luís Peña Novo e Juan Tizón Herreros. Unha das súas follas propagandísticas di: «Ciudadanos: Acudid al mitin y ayudad a esta cruzada republicana de que Betanzos sea gobernado por los ciudadanos y no por los caciques.» Falan do «despótico caciquismo sostén de esta monarquía caduca y agonizante, incompatible con el progreso del país.»

# LAS ELECCIONES MUNICIPALES

## CIUDADANOS

Insistimos en las exhortaciones que la Conjunción Republicano-Socialista os lleva hecho durante el período electoral presente.

Recogeos en vosotros mismos, reflexionad y con decisión emancipaos de prejuicios, personalismos y del miedo.

Nosotros somos el verdadero orden fundado en la moral y en la justicia, emanado de la voluntad del pueblo. No atacamos a las personas, por el contrario las respetamos; pero defendemos con tesón el ideal republicano y la prosperidad administrativa. Miedo, solo pueden sentirlo los estrechos de espíritu y los ignorantes; nunca, los que sin más estímulo que la grandeza de su ideal y del bien común, se sienten precursores de una España mejor, con ciudades, pueblos y aldeas prósperos y civiles, rechazando previamente su conciencia toda merced, provecho y honores.

Los momentos que vivimos son críticos y solemnes a la vez. No quedan más que dos caminos: Monarquía o República. Las elecciones municipales que se van a celebrar el próximo domingo, día doce del actual, dirán cual de los dos regímenes prefiere el pueblo. Es preciso que los hombres libres, socialistas, republicanos y simpatizantes de cualquiera de ambos grupos, ayuden a conseguir el triunfo de la República votando en favor de sus candidatos.

La política anterior al 23 y dictaduras subsiguientes, repudiadas en general, deben ser sepultadas por la voluntad de todos los hombres conscientes. Pongamos a contribución nuestro esfuerzo, para que la influencia y el compadrazgo, no sean los medios de lo que oligarcas y caciques llaman gobernar a España, aniquilándola; para que no estén alejados de su gobernación y de la de sus pueblos, los hombres de iniciativa, voluntad e inteligencia y cese de una vez la imposición oligárquica de estultos, mediocres, serviles e ignorantes. El pueblo debe ser gobernado por el pueblo: esta es la verdadera democracia, cuyo disfrute anhelamos.

Los republicanos y socialistas al ponerse al servicio de la República, no ofrecen programa en su futura actuación local: no es posible de antemano. Pero prometen en cambio y lo prometen con toda la fuerza de sus convicciones y de amor al pueblo, que de acuerdo con las ansias del mismo, plantearán y estudiarán sus problemas, para cuya resolución y puesta en práctica lucharán con el máximo vigor.

**CIUDADANOS, A LAS URNAS. HA LLEGADO LA HORA DEL TRIUNFO DE LA CIUDADANÍA. VOTAD LA CANDIDATURA REPUBLICANO-SOCIALISTA.**

**O. R. G. A.** **FEDERACIÓN LOCAL AGRARIA**

IMP. VILLUENDAS-BETANZOS

AMB

Efectivamente, os «caciques» (léase, os «Independientes») aparecen como os inimigos fundamentais de republicanos, agrarios e socialistas en toda a súa propaganda, como se ve nunha folla da FLA e da ORGA, que, con ironía, resposta ó suposto sacrificio persoal dos «independientes», que escribiron de si mesmos que deixaran no goberno «girones de su salud en servicio de sus convecinos» e que «lejos de aumentar con la política su caudal, lo han disminuido notablemente»:

> Y a vosotros, centristas, upetistas, conservadores, ex-romanonistas, «liberales de abolengo», etcétera, etc., que vais a la lucha con toda independencia solos (?) tened mucho cuidado con los caudales y la salud. Nosotros, un poco suspicaces, siempre creímos que a este «conglomerado monstruoso» le llevaban a unirse fines interesados o ambiciones [...]

Seguindo o vello modelo revolucionario, encabezan case tódalas súas follas propagandísticas coa palabra «Ciudadanos» e nelas amosan o seu ideario xeral para España, se ben «los republicanos y socialistas al ponerse al servicio de la República, no ofrecen programa en su futura actuación local; no es posible de antemano».

# A TODOS LOS CIUDADANOS Y ELECTORES DE TIOBRE

TIOBRENSES: Mañana es el día señalado para celebrar en toda España las elecciones municipales.

Mañana, pues, tenemos que demostrar todos los vecinos de Tiobre sin distinción, unidos como un solo hombre, que no queremos estar por más tiempo bajo la férula de un caciquismo indecente, ni del régimen agonizante a quien este caciquismo sirve. Mañana tenemos que dar la sensación unánime de que Tiobre dentro del mapa electoral de Betanzos, ya es una pequena república; pero una república de orden, una república de trabajo, una república de ciudadanos inteligentes, laboriosos, honrados; una república donde muchos de los que ahora pretenden coaccionar su voluntad, obstaculizar su firme y decidida resolución de votar contra la Monarquía, han labrado sus riquezas ejerciendo la más desenfrenada usura a cuenta del dolor, de la miseria y de las privaciones de nuestros antepasados. Pero hoy Tiobre, por fortuna, ha logrado redimirse, en parte, y se ha redimido gracias a su trabajo, a su esfuerzo, a su laboriosidad. Sin embargo, aún quedamos algunos económicamente supeditados, porque no sabemos como el Creador, que hizo el sol para que sus rayos iluminasen la humanidad, que creó el agua para servicio de la humanidad, que hizo el aire para que la humanidad respirase sus espúreos hijos cometieron la injusticia de que el principal elemento natural, la Tierra, pasara a manos de unos cuantos privilegiados que la detentan en su exclusivo provecho explotando a quienes la riegan con el sudor de su frente y la fecundan con el esfuerzo de su trabajo. Y estos detentadores de la tierra, no se contentan con vivir regaladamente a cuenta del trabajo y las privaciones de los demás, quieren todavía, imitando a los vampiros, usurpar la conciencia de sus esclavos, amenazando con desahucios, con venganzas, con persecuciones si quieren hacer uso de un legítimo derecho al depositar su voluntad en las urnas. Pero a esta segunda sumisión, sépanlo todos, nos rebelaremos como un sólo hombre.

Ciudadanos de Tiobre: sabed todos que votar al caciquismo es votar por la Monarquía, es votar la ruina definitiva del país, es empujarlo al precipicio, es hundir la nación, es acabar de desprestigiarla, es refrendar un préstamo de sesenta millones de dólares equivalentes a unos 540 millones de pesetas, que el gobierno que desgobierna a España ha concertado con la banca norteamericana para satisfacer los apetitos de financieros sin conciencia como Cambó y sus secuaces que comercian descaradamente con el crédito y el honor de España, es votar por la impunidad de los responsables de los diez mil muertos de Annual y Monte-Arruit, es votar por el deshonor, por la inmoralidad y por la ruina definitiva.

Hay que rebelarse contra todos los tiranos, no hagais caso ni a las amenazas de los caciques, que ya saben lo que les viene encima, ni tampoco a las de vuestros amos, porque estos se dan cuenta perfectamente de que el horno no está para bollos y que allí donde intenten cometer un atropello hasta las piedras se levantarán contra ellos.

Votad todos por la República, con valentía, con decisión firme y gesto enérgico. Hay pue demostrar nuestra masculinidad, mañana ante las urnas y dentro de unos días en la calle. Esto hay que derribarlo, sea como quiera. No se puede esperar un momento más.

No votar con nadie para no quedar mal es una cobardía indigna. Votar al cacique por miedo no es ser hombre, es ser gallina. Vecinos de Tiobre: no hay que hacer traición a nuestros ideales, hay que votar la candidatura republicano-socialista-agraria. Tenemos fe en vosotros. Sabemos que todos cumplireis con vuestro deber, y los que nos traicionaren, que creemos que no lo hará nadie, sepan que no nos traicionan a nosotros solamente, sino que troicionan a España entera, que ansía que todos sus hijos acudan en este crítico momento a salvarla votando por la República.

A votar, pues, como un solo hombre, la candidatura republicano-socialista.

De que lo hareis todos así tiene plena confianza vuestro candidato que con todos vosotros grita: ¡Viva la Sociedad de Agricultores de Tiobre! ¡Viva la República!

Ramón Beade Méndez.

Tiobre, 11 de Abril de 1931.

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

AMB

Casares Quiroga nunha destas follas procura os votos dos campesiños, dicíndolles que a chegada da República implicará a desaparición do caciquismo e, en definitiva, a ansiada liberdade. E algo semellante di Ramón Beade Méndez noutra folla datada o 11-IV-1931 e dirixida «a todos los ciudadanos y electores de Tiobre»: «Ciudadanos de Tiobre: sabed todos que votar al caciquismo es votar por la Monarquía, es votar la ruina definitiva del país...»

Polo tanto, esta coalición non só busca facerse co poder no concello, senón que procura un cambio de réxime no Estado como medio imprescindible para democratizar a sociedade e traer a modernidade a España: «El pueblo debe ser gobernado por el pueblo». E a modernidade pasará non soamente pola desaparición do Rei, senón tamén por apartar ó clero do control da educación e marxinalo todo o posible no seu papel social, posto que se liga o atraso de España coa ignorancia e coa relixión. Pero non será aínda agora, en plena campaña electoral, cando o anticlericalismo se vexa claramente. Verase despois.

A «candidatura republicana agrario-socialista» estaba integrada do seguinte xeito:

> Colegio de la Plaza»: Víctor Cancela Noguerol (médico), José Picado Torres e Víctor Montoto Arias.
> «Colegio de San Francisco y Caraña»: Ramón Beade Méndez (campesiño), José Novo Rodríguez (xastre) e Bernardo Miño Abelenda (campesiño)
> «Colegio del Campo y Piadela»: Raimundo Montes Rilo (procurador), Agustín Costoya Fraga (carpinteiro), Luis Cortiñas Díaz (avogado) e José Rey Milia (campesiño).

Por fin houbo as eleccións, pero no 2º distrito (A Ribeira, A Ponte Vella e Tiobre) non se constituíu mesa, curiosamente onde estaban Beade, Miño e Novo.

As eleccións gañáronas os «Independientes», a xulgar polas 11 actas que coñecemos de concelleiros electos (AMB, c. 1074). Polo 1º distrito (469 electores, dos que votaron 332): César Sánchez Díaz (204 votos), Santiago Moretón Simón (206) e Valentín Pita Pandelo (195). Polo 3º distrito (837 electores, dos que votaron 522): Ricardo López Bugallo (270), Miguel Sanmartín García (277), Jaime Costas Peláez (279), Agustín Concheiro Golpe (275), Manuel Añón Veiga (270), Luis Barreiro Rodríguez (271), José Mª Torres Vico (270) e Manuel Calviño Gómez (273). Chama a atención que non estean as actas do 2º distrito, precisamente das onde dominaba o PSOE. Segundo *El Ydeal Gallego* ou *El Noroeste*, gañaron os monárquicos (hai que ler, «independientes»), con 11 concelleiros, por 1 os republicanos. Faltarían os 4 da mesa non constituída.

Semella claramente que son unhas elecións amañadas, non só polo asunto da mesa, senón tamén porque as cifras dentro de cada distrito son demasiado semellantes.

A pesar destes datos é sorprendente que cando o 15 de abril o alcalde cesante, Adolfo Sánchez Díaz presida por última vez unha sesión municipal[1], á súa beira estén 9 concelleiros que se di foran elixidos nas eleccións municipais do día 12[2] e outros 7 que pertencían ó «Comité Agrario-Socialista republicano»[3]. Pois ben, eses 9 concelleiros «elegidos» serán tódolos candidatos da «Coalición Republicano-Socialista» menos Luís Cortiñas

[1]Adolfo Sánchez Díaz sería Alcalde nesta etapa desde o 15-IV-1930 ó 15 de abril de 1931. Como Alcalde accidental aparece ás veces, Agustín Concheiro Golpe.

[2]Bernardo Miño Abelenda, Víctor Cancela Noguerol, José Novo Rodríguez, Ramón Beade Méndez, Víctor Montoto Arias, Raimundo Montes Rilo, José Picado Torres, José Rey Milia e Agustín Costoya Fraga.

[3]Emilio Ferreira Muíño, Ricardo Bonome Seoane, José A. Carabel Amor, José Veiga Roel, José Iglesias Pérez, Francisco Castro Bouza e Antonio Lagares Gómez.



*Proclamación da Segunda República en Betanzos (15-IV-1931). Foto de F. J. Martínez Santiso.*



*Republicanos de Betanzos o 14 ou 15 de abril de 1931. Os personaxes coñecidos aparecen individualizados ó longo do presente traballo.*



*Manifestación republicana, subindo a Rúa da Fonte de Unta o 15 de abril de 1931.*

Díaz, e como o total a elixir eran 16, segundo este dato, as eleccións do día 12 gañaríaas a «Coalición Republicano-Socialista», cousa que non é verdade, polo simple feito de que en Betanzos, como en todos aqueles concellos onde non gañaron os republicanos, celebraríanse novas eleccións o 31 de maio.

Ata aquí, as vellas forzas manterían, polo tanto, o poder; en números absolutos gañarían tamén en España (por máis que hai un gran descoñecemento das cifras reais aínda hoxe), pero como o resultado nas grandes capitais e vilas importantes foi o contrario, estas eleccións, que *de facto* foron efectivamente un plebiscito como querían os opositores á Monarquía, supuxeron o cambio de réxime, que tería lugar o 14 de abril. Non era doado sospeitar que a Monarquía se derrubase deste xeito, pero, en realidade, estaba ferida de morte e só bastou este golpe para que quedase derrubada sen oposición nin loita nas rúas e dentro dun fervor xeral que abranguía gran parte do arco político. Por conseguinte, os resultados en Betanzos, e en tantos outros concellos, quedaron anulados, non só pola vía dos feitos, senón tamén por acordo do Goberno Provisional relativo á anulación das eleccións alí onde gañaran os monárquicos.

Así as cousas, o 15 de abril de 1931 proclamouse a Segunda República en Betanzos. Moita xente de fóra chegou en ómnibus á cidade. As portas do concello, que estaban pechadas, foron forzadas e o pobo entrou sen orde e con algún exceso que outro: un colleu o cadro que representaba ó Rey (seica era unha foto enmarcada e con cristal) e tirouno á rúa, quedando esnaquizado.

Por fin, aproximadamente ás once da mañá, Adolfo Sánchez Díaz presidía por última vez o concello. Alí estaban eses 9 concelleiros supostamente elixidos da «Coalición republicano-Socialista» e os 7 decididamente non elixidos do «Comité Agrario-Socialista republicano». En definitiva, os «republicano agrario-socialistas» mandaban agora no concello e inauguraban o novo réxime.

Resultan moi curiosas as verbas de Sánchez Díaz, don Adolfo, que, a pesares de representar o desaparecido poder monárquico, facía agora un discurso conciliador, asumindo a nova situación, ata o punto de semellar o máis entusiasta dos republicanos[4] :

> El Sr. Sánchez Díaz, después de usar de la palabra, significando que se hallaba altamente emocionado, y que el ideal de toda su vida había sido el advenimiento de la República, añadiendo que felicitaba á los que integraban el Comité de referencia, y que, también, se felicitaba á si mismo por el fausto acontecimiento, y que, como él, antes que nada, era un ciudadano brigantino y patriota entusiasta, acatando la Soberanía nacional, y oídas las manifestaciones referidas, resignaba el mando de su investidura, y hacía entrega de todos los poderes municipales y cargos concejiles á los Señores referidos, y de las insignias de la Alcaldía al Concejal, mayor de edad, Don Bernardo Miño Abelenda; y por último, con un viva á la República, que fué contestado de un modo entusiasta, se retiró del salón, poniéndose en pie los nuevos Concejales, como deferente acto de cortesía[5].

Media hora despois preside «o vello Miño» o novo concello provisional, que nomeou alcalde a Víctor Cancela Noguerol (Lagares, 1994:171-174). Así, mentres en Madrid o Presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, era católico e do partido «Derecha Liberal Republicana», en Betanzos, Cancela representa algo moi similar: unha maneira de chegar a República ó poder sen asustar demasiado ás vellas clases conservadoras que, todos o saben, aínda teñen moito poder. Cancela, desde o balcón do concello, falou á multitude. Así o recolle a acta:

> Ciudadanos yo en este instante no soy dueño de mí por lo emocionado que me encuentro:
> Estoy desde ayer en un estado tal por el advenimiento de la República que me produce emoción y por si esto no fuera bastante, al ser ahora nombrado el primer alcalde republicano en esta Ciudad en donde nací y espero morir aumenta extraordinariamente mi emoción.
> Que no ha sido nombrado alcalde en forma amañada, sino por el pueblo, aunque por breves momentos, y que va a regir los destinos del pueblo, lo que es para él de gran satisfacción.
> Añadió que se formaría seguidamente una manifestación publica con la banda de música municipal en demostración de júbilo y que rogaba el mayor orden en bien de nuestra querida España, como el que se estaba observando hasta aquí; que era necesario respetar las personas y las propiedades, contribuyendo a la obra que se propone la República, porque es muy fácil destruir y difícil reconstruirlo y necesario mantener el más completo orden, convirtiéndose cada Republicano en un fiel guardador de la misma.
> Que había pedido al Alcalde Sr. Sánchez Díaz que concurriese a esta Casa Consistorial para hacerles entrega, todo lo que se llevó a cabo sin el menor obstáculo; agrega que va a entrar de lleno al desempeño de las funciones municipales provisionalmente mientras no se tienen órdenes, los Candidatos proclamados y otros miembros del Comité Agro-Socialista Republicano.
> Que tiene que censurar lo hecho con el retrato del Rey que se hallaba en esta sala capitular y mucho más enérgica la censura con relación a la actitud de un sujeto que en la noche de ayer

[4] O seu suposto republicanismo, do que el falara nalgunha ocasión, xa fora comentado ironicamente no proceso electoral por algún dos partidos. A xente conta que Don Adolfo tiña o lóxico medo aquel día a que lle pegaran no concello, e daquela fíxose acompañar por Manuel Fernández Folla, máis coñecido por Manolo Puga (home forte que, a pesar de andar sempre con pistola seica lle pegaban o mesmo). Segundo a xente (é unha das anécdotas que máis se lembran), Don Adolfo dixo: «[...] y yo, aunque monárquico, en mi fuero interno siempre fui republicano [...]» Nese momento, Manolo Puga alterouse todo e, arroupado pola masa republicana, interrompeuno dicindo: «tú, ni en el fuero interno, ni en el externo, ni en el medio pensionista fuiste nada, tú lo que eres es un [...]»

[5]Mentres"Expediente instruido con motivo de la constitución de este Excmo Ayuntamiento a causa del cambio de régimen Nacional, con el advenimiento de la República». AMB, c. 2280.




*Víctor Cancela Noguerol, primeiro Alcalde provisional da Segunda República. A primeira foto é do 14-15-IV-1931, mentres que a segunda data de pouco antes do seu pasamento (IV-1936).*

> cometió un atropello que todos ellos desechaban y que no podia autorizar, y mucho menos con los caídos que por el hecho de serlo deben ser objeto del mayor respeto.
> Que ahora lo que procede es, proclamar la Republica en esta Ciudad manifestando que quedaba proclamada; que para afirmarla era necesario como queda dicho guardar el orden más completo.
> A continuación se procedió al nombramiento de Alcalde y Tenientes de Alcalde que se acordó fuesen designados por aclamación lo que tuvo efecto habiendo recaído dichos nombramientos en los siguientes Señores: Alcalde: Dn Víctor Cancela Noguerol; Primer Teniente: Dn José Novo Rodríguez; Segundo Teniente: Dn Ramón Beade Méndez; Tercer Teniente: Dn Bernardo Miño Abelenda[6].

Unha manifestación percorreu as rúas levando como abandeirado, segundo lembran algúns testigos, a un tal Durán, de curta estatura e ferroviario.

A orde pública estaba en perigo e Cancela publicou inmediatamente un bando, que remataba así:

> ... Estamos pasando por el momento mas grandioso de nuestra historia y para cooperar a su grandiosidad, rogamos muy encarecidamente a cada uno de los ciudadanos que integran nuestro pueblo, den la nota máxima de cordura y de respeto al régimen constituido.
> CIUDADANOS: Para hacer justicia, es preciso el mas absoluto orden y la mas escrupulosa disciplina, contribuyendo, de tal suerte, a la consolidación de la democracia y de la libertad individual y colectiva dentro de la Ley
> ¡VIVA LA REPUBLICA!
> Vuestro Alcalde provisional [sinatura de Cancela]

Ese día era festa nacional, así declarado polo Goberno Provisional, e Cancela estaba cheo de entusiasmo. Parecía que todo cambiara, pero unha das cousas que non cambiou

[6] *Ibidem*. AMB, c. 2280.

foi a maneira de actuar do Gobernador Civil, que era o que manexaba os fíos desde arriba, utilizando Betanzos como cabeceira redistributiva de ordes mediante telegrama, ós concellos de: Abegondo, Aranga, Bergondo, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza, Paderne e Sada.

Unha cousa que lle interesa ó Gobernador para xustificar legalmente a nova situación e mesmo as novas eleccións municipais que virán pronto é que polos distintos concellos se presenten reclamacións contra as últimas eleccións municipais, cousa que solicita mediante telegrama.

O 20 de abril o Gobernador suspendeu este concello interino[7] e pediu a Cancela, ó tempo que o facía responsable da súa orde, que o Comité Republicano nomease un representante por distrito electoral para integrar a Comisión xestora (sería a primeira) ata as novas eleccións. Esta sería elixida «por aclamación» e quedou constituída por: Víctor Cancela, Ramón Beade e José Novo.

Cancela estaba defraudado, o seu enfrontamento con outros republicanos, sobre todo cos socialistas, debía estar xermolando e intentou «declinar» o cargo de alcalde que viña exercendo, pero, de momento, non llo consentiron e foi ratificado no posto polos membros do «Comité Republicano-Agro Socialista» que acordou unanimemente pedir ó Gobernador Civil que ratificase o nomeamento de alcalde, ó tempo que quedaba suspendido o concello inmediatamente anterior. Cancela era «concejal electo» e Beade e Novo «candidatos proclamados» porque no segundo distrito en que figuraban non se constituíra mesa.

Polo tanto, Cancela seguiu actuando como alcalde e o 24-IV-1931, arrogándose un papel de intermediación entre os concellos dependentes de Betanzos e o Gobernador Civil, acudiu a unha «numerosa manifestación» en Sada, presidida polo seu alcalde ó que intenta axudar mediante unha carta, na que pide ó Gobernador a destitución do Secretario do Xulgado municipal sadense «no por mala gestión cargo, sino por ejercer coacciones y otros excesos durante período electoral último». Remata así: «Ruego V. E. atienda deseos pueblo vecino, en lo que tengan de justos».

O 28-IV-1931 o Gobernador, seguindo o Decreto da Gaceta de Madrid do 26-IV insta á rectificación do censo electoral.

O 30-IV-1931, ás portas do 1º de maio, Cancela pide ó Gobernador que, a pesar das disposicións do Goberno que instan ó peche de establecementos, permita a celebración da «importantísima feria de toda clase de ganados y productos agrícolas». Solicítoo no nome das «fuerzas vivas localidad, sin excluír trabajadores campo», pero non deixa de ser outro enfrontamento co Gobernador, poñendo por diante os vellos intereses das «fuerzas vivas» fronte á gran significación que o 1º de maio tomaba no nacente réxime republicano.

Estas accións de Cancela, unidas ó feito de ser un declarado católico (cousa pouco recomendable nestes tempos), desgustaron ó Gobernador, Joaquín García Labella, porque ese mesmo 30-IV-31, por irregularidades electorais (as eleccións do 12-IV-1931), insta ó cesamento do «Ayuntamiento elegido» e do seu representante, esa primeira comisión xestora, nomeando outra (a segunda, o acto terá lugar o 4 de maio), de tal maneira que o católico Cancela desaparece por agora da escena en beneficio do ateo Víctor Montoto.

[7]Na convocatoria do 20-IV-1931 figuran como integrantes do concello interino: Víctor Cancela Noguerol, José Novo Rodríguez, Ramón Beade Méndez, Bernardo Miño Abelenda, Víctor Montoto Arias, José Veiga Roel, Raimundo Montes Rilo, José Picado Torres, José Rey Milia, Agustín Costoya Fraga, Emilio Ferreira Muiño, Ricardo Bonome Seoane, José A. Carabel Amor, José Iglesias Pérez, Francisco Castro Bouza e Antonio Lagares Gómez.

> Habiéndose formulado protestas, que se estimaron atendibles, contra el resultado electoral habido en ese municipio; y a propuesta de la Federación Republicana Gallega; y usando de las atribuciones conferidas en la Orden Circular nº 74 del Ministerio de la Gobernación: HE ACORDADO suspender ese Ayuntamiento elegido, y nombrar una Comisión Gestora encargada de la administración municipal, que actuará interinamente y mientras no se resuelve el expediente electoral que se instruye, compuesta por los vecinos de ese municipio siguientes, uno por cada distrito: D. Víctor Montoto Arias, D. José Novo Rodríguez, D. Ramón Beade Méndez. Lo que comunico a V. para que, sin pérdida de tiempo, notifique lo acordado a los expresados vecinos, los convoque y posesione, cesando en el acto la Corporación elegida...

A desaparición de Cancela como líder do novo réxime coincidirá con cambios notables na maneira de actuar o concello de cara á sociedade. Cancela tentara ser moderado, integrador, pero todo cambiará ó constituírse ese 4 de maio a segunda Comisión Xestora, formada por Víctor Montoto Arias, José Novo Rodríguez e Ramón Beade Méndez.[8]

Se algún inimigo tiñan doado de recoñecer os republicanos, aquí e en todas partes, ese era o clero, contrario á liberdade e á igualdade, xunguido case sempre ó carro dos poderosos e aínda coa dor recente das sucesivas desamortizacións que lle impuxeran os liberais do s. XIX. Por se fora pouco, a triunfante Revolución Soviética de 1917 e a conseguinte aparición de partidos comunistas e socialistas, ademais dos anarquistas, etc. tiñan en garda permanente a un clero que nunca soubo andar á beira do pobo. Como consecuencia lóxica, arredor dos cregos, dos frades, das monxas e das conseguintes congregacións, xuntábanse xentes dunha cor política demasiado determinada.

Por eso non nos estrañará que a primeira acción de tintes inequivocamente republicanos e, desde logo, a máis destacada desta segunda Comisión Xestora, fose o desaloxo dos franciscanos e das monxas agustinas recoletas, cousa que supoñía toda unha declaración de intencións do novo réxime en Betanzos, que, por outra banda, non era nisto máis que un leve reflicto do que pasaba na capital do Estado.

A *Gaceta de Madrid* e os periódicos encargábanse de ter informada á xente, e a cuestión relixiosa era materia absolutamente sensible para os republicanos, por considerar que o clero era o culpable do atraso de España. Lémbrese que xa na *Gaceta de Madrid* do 15 de abril de 1931 o Presidente do Goberno Provisional, Alcalá Zamora (a pesar de ser, con Maura un dos dous católicos do mesmo) publicara un decreto que, no seu punto 3 di:

> El Gobierno provisional hace pública su decisión de respetar de manera plena la conciencia individual mediante la libertad de creencias y cultos, sin que el Estado en momento alguno pueda pedir al ciudadano revelación de sus convicciones religiosas.

As altas xerarquías eclesiásticas respostarán, en xeral, con prudencia e diplomacia á nova situación[9] , pero bastou unha voz discordante para que anticlericalismo e antirrepu-

---

[8]Deulles a posesión o «Alcalde-Presidente» da Comisión Xestora anterior, Víctor Cancela «que también concurrió á ese acto, para dar cumplimiento al mencionado escrito del Excmo. Sr. Gobernador Civil, por lo que cesa en sus funciones en este mismo acto, previa la confrontación y firma de la oportuna acta de arqueo de fondos municipales que, á la vez, confronta y suscribe, Don Víctor Montoto Arias. Acto continuo la Comisión acordó nombrar Alcalde-Presidente de la misma, por unanimidad, al Sr. Montoto Arias». *Ibidem*. AMB, c. 2280.

[9]"Los cambios políticos que dan origen a nuevos gobiernos, y sea cualquiera la forma que ellos adopten [...] aceptarlos no solamente es lícito sino exigido. Y este gran deber de respeto y dependencia durará mientras las exigencias del bien común lo pidan. Fieles a las exigencias que nutren nuestra convicción, lealmente acatamos el primer Gobierno de la República, porque es un Gobierno; es decir, porque represen-



*A comunidade franciscana de Betanzos o 29-V-1919, data de inauguración do segundo convento (o gótico fora destruído no s. XIX ). Arredor de San Francisco estaban as seguintes entidades: «Congregación de los Caballeros Concepcionistas», «Hermanos de la Venerable Orden Tercera», «Hermanas de la Venerable Orden Tercera», «Hijas de María», «Juventud Antoniana» (homes e mulleres) e «Señoras de la Visita Domiciliaria de San Antonio».* El Eco Franciscano*, 1919: 617.*

blicanismo chocasen. E esa voz foi, nada menos, que a do Cardeal primado de España, Pedro Segura, que nun día tan sinalado como o 1 de maio de 1931 (mentres os anarquistas se manifestaban en Barcelona pola expropiación dos bens eclesiásticos) redactaba unha pastoral na que, entre outras cousas, eloxiaba a Alfonso XIII de maneira esaxerada e pouco oportuna. A pastoral foi publicada o 7 de maio, ó mesmo tempo que Marcelino Domingo, Ministro de Instrucción Pública, asinaba o decreto polo que o ensino da relixión católica deixaba de ser obrigatorio nas escolas. Mentres tanto, *El Debate* e *ABC* incendiaban máis os ánimos. *El Debate*, órgano de Acción Católica contemporizaba coa República, procurando loitar polas súas ideas desde dentro. *ABC*, en cambio, coa participación de Gil Robles, axudou a crear Acción Nacional (logo chamada Acción Popular), aglutinando amplos sectores das dereitas. E axudou tamén a crear o Círculo Monárquico, que se inauguraría o día 10 de maio con altercados de importancia, sobre todo fronte ó edificio do periódico *ABC.* Houbo algúns mortos. Ó día seguinte, ardían igrexas e conventos sen que o Goberno fixese absolutamente nada ata que todo foi demasiado tarde. A Azaña, contrario ó emprego da Garda Civil, atribuíuselle a frase, «la vida de un republicano vale más que todos los conventos de Madrid» (Romero, 1992: 142): a República nunca se repoñería dese erro. A prensa do 12 de maio aparece con espectaculares portadas:

---

ta la unidad patria, la paz y el orden» (*El Debate*, 15-V-1931, tomado de Romero Largo, Luis, 1992: 126) «La Santa Sede es indiferente a las formas de Gobierno y está dispuesta a tratar con todos los poderes constituidos que representan la mayoría verdadera y respondan a criterios de equidad y justicia» (*El Debate*, IV-1931, tomado de Romero Largo, Luis, 1992: 126).



*«Congregación de los Caballeros Concepcionistas» de Betanzos.* El Eco Franciscano*, 1919: 617.*

Gravísimos sucesos en Madrid:
las turbas queman 17 iglesias.
ABC incautado por el Gobierno y El «Debate» suspendido indefinidamente.
*El Ydeal Gallego: Diario Católico, Regionalista e Independiente* (12-V-1931)

Diríase que estas noticias foron a sinal esperada para iniciar as accións anticlericais en moitos lugares[10] e tamén en Betanzos, aínda que, de momento, non houbo ningún incendio (haberao no 1936): o que aquí pasou na noite e madrugada do 13 ó 14 de maio, un mes despois da proclamación da República, foi que o concello, seguindo, ó parecer, ordes do Gobernador Civil, desaloxou ós franciscanos e ás monxas agustinas recoletas dos seus conventos, e levounos a todos fóra da cidade. A pouca documentación que hai sobre este asunto, algún telegrama ou pago a taxista, fala suficientemente:

... a Manuel López Purriños, chofer, de esta vecindad, importante 15 pesetas, por tres viajes con motivo de la salida de las monjas Agustinas de su residencia, desde las diez y media hasta la una y media de la noche del día trece de Mayo último (AMB, Ac, 13-VI-1931, f. 85v).

Alcalde a Gobernador civil [Joaquín García Labella]-Coruña-
Participo a V. E. que en la noche ayer desalojaron residencia Franciscanos y esta madrugada las Madres Agustinas. No hubo alteración orden, y se colocó rótulo puertas edificios en cumplimiento mandato V. E.
Salúdale respetuosamente [a lápiz, «14 May. 31»]
Víctor Montoto [sinatura][11]

[10] En Málaga arderon 22 edificios relixiosos. E tamén arderían en Sevilla, Cádiz, Córdoba, Murcia, Alicante, etc. (Romero, 1992:138).
[11] AMB, c. 1074.



*«Junta de Hermanos de la Venerable Orden Tercera»*. El Eco Franciscano*, 1919: 617.*

Desde ese momento, os conventos quedaron pechados e o alcalde sería o que custodiase as chaves, por orde do Gobernador[12]. Para os rapaces todo esto era unha novidade e pronto andarían detrás dos *frailes* polas rúas para velos sen o hábito[13].

Algúns republicanos daquela época lembran hoxe o odio ó clero local, entre outras cousas, por ser moi elitista e estar claramente envorcado ás familias poderosas. Por exemplo, din eles que non se concibía que unha «muchacha de servicio» asistise á misa de 12 da igrexa de Santiago onde os reclinatorios xa tiñan posto o nome das señoras e señoritas das grandes familias. Lémbrase que á misa de San Francisco asistían sempre familias da nobreza e da burguesía. E acusábanse ós *frailes* de enriquecerse a través de herdanzas de «ricachonas» sen fillos... En cambio os mesmos informantes tamén din que non se deberon bota-las monxas, porque non facían mal a ninguén: rezaban, bordaban e facían zurcidos especiais nos mantóns de Manila das señoras.... Por outra banda, acusaban ó clero, con razón ou sen ela, de ter información privilexiada do que pasaba na cidade, xa fora polo confesionario ou tamén pola suposta connivencia coa xente da central de teléfonos.

Cando os informantes están máis lonxe de ideoloxías de esquerda e republicanas, lembran as cousas doutro xeito. Por exemplo, din que os reclinatorios non eran da igrexa senón privados e que se levaban dunha igrexa á outra. E recordan *frailes* simpáticos como o P. Salvador Villarnovo, que estivera en Cuba dirixindo un colexio, que refundara aquí o convento e que fumaba como un carreteiro[14]: sempre tiña caramelos para os rapaces.

---

[12] AMB, Ac, 13-VI-1931, f. 90.

[13] Un dos nosos informantes, D. Marcelino Álvarez López, «Maíno», lembra que estaba no balcón da escola de Valle de Paz, frente ó convento, e que estaban tódolos nenos asomados. Como sempre se dixera que non se podía ve-las monxas, eles sentían auténtico morbo por ve-las. E víronas desaloxar certamente, pero como esto tivo que ser de día, el mesmo se pregunta se sería un segundo desaloxo no 1936 no caso de que voltaran no 1934. Unha das monxas era da familia Lafont e seique xa non quixo volver á Orde.

[14] Seica recibía o tabaco «Gener» dos barcos «Magallanes» e «Marqués de Comillas».



*«Junta de Hermanas de la Venerable Orden Tercera».* El Eco Franciscano*, 1919: 617.*

## III.- AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 31 DE MAIO

> Mañana es el día señalado para las elecciones municipales en aquellos distritos donde las anteriores han sido dudosas o se produjeron protestas más o menos fundadas acerca del resultado. Casi toda Galicia está afectada por esta elección... (*La Voz de Galicia*, sábado 30-V-1931)

Todo semellaba perfecto. O «Tribunal de Acción Ciudadana», asistido por dous funcionarios do Estado, da provincia e do concello estivera nun local público os días 9 e 10 de maio atendendo tódalas reclamacións relativas ó censo electoral. Finalmente, entregaron ó Tribunal do censo as listas rectificadas. O papel das «agrupaciones políticas» no proceso debeu ser bastante máis amplo do que din as instruccións:

> Se concede a las agrupaciones políticas el derecho de intervención en los Tribunales del Censo electoral en forma análoga a como la han venido ejerciendo en las elecciones. Los interventores podrán ser designados por los actuales Concejales de elección popular o por un núcleo de treinta vecinos que sean electores de la Sección correspondiente, sin que en ningún caso el número de interventores asignados a cada Sección pueda exceder de seis[15].

¿E quen eran os contendentes? Pois case tódolos que o 12 de abril integraban a «candidatura republicana agrario-socialista» menos Raimundo Montes Rilo e José Picado Torres. E tamén os que o 15 de abril estaban no concello como membros do «Comité Agrario-Socialista republicano» menos José A. Carabel Amor e Antonio Lagares Gómez. É dicir, todos integrados na «Coalición Republicano-Socialista» que participara nas eleccións do 12 de abril. Á beira deles había cinco candidatos novos, dos que catro eran da mesma coalición: Manuel Villuendas Pena, Ricardo Rey Castro, Ramón Montes Navaza e Vicente López Mancera. E o outro, o notario José Alguero Penedo, non sabemos a que partido pertencía, pero, certamente, está fóra da coalición, porque só recibiría 1 voto.

[15]Expte. do censo electoral de maio de 1931. AMB, c. 6425.

Por conseguinte, se hai contendentes a nivel de partidos ou de coalicións, están dentro do que antes era e agora segue a ser a «Coalición Republicano-Socialista». Soamente cabe especular coas persoas e os grupos que a integran, de cara á explicación de futuras actuacións persoais ou partidarias.

Lonxe da tensión das eleccións do 12 de abril, a tranquilidade debeu ser tanta que ningúen se parou a desfigurar un pouco as votacións, e así vemos o curioso caso de que, despois de votarse nos tres distritos divididos en 5 seccións, seis candidatos tiveron case os mesmos votos, entre 200 e 202 cada un[16] As coincidencias seguen, porque catro teñen entre 180 e 183, outros catro, entre 141 e 145 e dous entre 195 e 196. Se observamos a táboa que se adxunta veremos que en cada «sección» se meteron case a mesma cantidade de votos ós candidatos.

O Censo Electoral utilizado foi unha «rectificación» ou actualización urxente do de 1930 (derivado do RD de 4 de maio dese ano), polo que eran electores tódolos homes maiores de 23 anos. Non temos datos xerais do que supuxo esa rectificación, pero a penas debeu haber cambios, posto que a única acta elctoral que se conserva, a de José Novo Rodríguez, do 2º distrito, dá para este, 516 electores, curiosamente 10 menos que no censo de 1930[17]. E, polo tanto, ¿como é posible que houbese nada menos que 1.065 votos máis que electores había no censo de 1930?

A práctica democrática estaba tan nos inicios que ata a aparencia saíu mal, pero eso só o vemos hoxe, porque daquela, cos pésimos precedentes electorais da Restauración, sen oposición entre os contendentes e nun momento de cambio tan importante na Historia de España, debeu verse con naturalidade o que pasou e non houbo reclamación algunha, como asinou o Presidente da Xunta Electoral, Alfredo Curiel[18] .

Se tiveramos que dicir quen gañou, naturalmente fíxoo a «Coalición Republicano-Socialista)», pero dentro dela parece que dominan os socialistas.

Dadas as peculiaridades destas eleccións, os resultados semellan froito dun acordo, de tal maneira que se per-



**Las elecciones municipales de mañana**

Mañana es el día señalado para las elecciones municipales en aquellos distritos donde las anteriores han sido dudosas o se produjeron protestas más o menos fundadas acerca del resultado. Casi toda Galicia está afectada por esta segunda elección. En la provincia de La Coruña se volverán a abrir los Colegios en todos los Municipios, a excepción de La Coruña, Santiago y Ferrol, y algo parecido ocurrirá en Lugo, Pontevedra y Orense.

Después del largo tiempo en que la máquina electoral estuvo parada, va a moverse ahora con excepcional actividad, pues a estas nuevas elecciones, tan próximas a las del 12 de abril —¡cuán próximas y cuántas cosas han ocurrido desde entonces!—seguirán con un mes escaso de paréntesis, las generales para elegir a los diputados que han de formar las Cortes Constituyentes, elecciones a las que las anteriores habrán servido como aperitivo o entrenamiento después de tan larga vacación de la ciudadanía.

Acerca del resultado de las de mañana, nada cabe vaticinar. De presumir es que sean favorables al régimen: pero dentro de esto, no sabemos a qué partidos u organizaciones se inclinará la victoria. Unos y otros han trabajado con interés y han hecho intensa propaganda.

Pero más que el resultado importa en estas elecciones la pureza y sinceridad con que se llevan a cabo. Es necesario que el pueblo se percate de que los procedimientos han cambiado y que advierta que la libertad del voto y la independencia del elector están plenamente garantizadas. Cuanto de sofisticación, de amaño y de corruptela se censuraba antes por los elementos que hoy tienen el Poder en sus manos, es necesario que desaparezca, porque así conviene a los intereses del país y al prestigio del republicanismo.

*La Voz de Galicia, 30-V-1931.*

[16]Expte. de eleccións municipais de 4-VI-1931. AMB, c. 2280.

[17]O verdadeiro cambio no Censo Electoral verémolo no1932 cando figuren homes e, por primeira vez, tamén mulleres. Daquela o censo pasou dos 1.832 electores de 1930 a 5.231.

[18]A Xunta Electoral estaba composta por: Alfredo Curiel Rodríguez, Jaime Costas Peláez, Antonio Cachaza Porto, Benito Muiño Novo, Julio Sánchez Bermúdez, José Veiga Roel e Andrés Brage Bouza.

| ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 31 DE MAIO DE 1931 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º distrito[1] | 2º distrito | | 3º distrito | | Total |
| | sec. única 469[2] | sec. 1ª 337[3] | sec.2ª 189[4] | sec. 1ª 374[5] | sec. 2ª 463[6] | |
| Víctor Montoto Arias | 144 | | | | | **144** |
| Manuel Villuendas Pena | 141 | | | | | **141** |
| José Novo Rodríguez | | 90 | 91 | | | **181** |
| Ramón Beade Méndez | | 92 | 91 | | | **183** |
| José Veiga Roel | | 90 | 90 | | | **180** |
| Emilio Ferreira Muiño | | | | 94 | 107 | **201** |
| Agustín Costoya Fraga | | | | 95 | 107 | **202** |
| Ricardo Bonome Seoane | | | | 94 | 108 | **202** |
| Ramón Montes Navaza | | | | 94 | 107 | **201** |
| Vicente López Mancera | | | | 94 | 107 | **201** |
| Ricardo Rey Castro | | | | 92 | 108 | **200** |
| José Rey MIlia | | | | 89 | 107 | **196** |
| José Iglesias Pérez | | | | 88 | 107 | **195** |
| Bernardo Miño Abelenda | | 90 | 91 | | | **181** |
| Víctor Cancela Noguerol | 145 | | | | | **145** |
| Francisco Castro Bouza | 141 | | | | | **141** |
| José Alguero Penedo | 1 | | | | | **1** |
| *Papeletas en blanco* | 2 | | | | | **2** |
| TOTAL | 574 | 362 | 363 | 740 | 858 | **2.897** |

[1]«Cervantes (calle y pasillo), Constitución (plaza), Díaz de lemos, Galera, Hórreo, Lanzós, Méndez Núñez, Pardiñas, Pescadería, Puente Nuevo, Quiroga, Roldán, Ruanuaeva, Ruatraviesa (calle, manzana y travesías), Sánchez Bregua, Sánchez de Taibo, San Francisco (hoy Ana González, calle y travesía), Santa María (calle y tres travesías), Santiago, Torre (calle y dos travesías) y Valdoncel (calle y plazuela)».

[2]As cifras deste nivel son o número de electores do Censo Electoral de 1930 por non coñecer as variacións que poido haber en maio de 1931 inmediatamente antes destas eleccións (AMB, c. 6425).

[3]«Enrique IV (plazuela), Mandeo, Marina (calle, plazuela y travesía), Ntra. Señora del Camino, Rivera, Saavedra Meneses y Travesía de Caraña».

[4]Parroquia de Tiobre.

[5]«Alhóndiga, Ángeles, Hermanos García Naveira (plaza), Castilla, Castro de Unta (pozo y cañota), Cruz Verde, Jesús García Naveira, Linares Rivas, Monjas y Progreso (primera y segunda travesía), la parroquia de Brabío y parte de la de Requián (entidades: Graña, Juan Rozo y Roibeira)».

[6]«Parroquias de Piadela, Pontellas, Viñas y parte de la de Requián.»

petúa o *statu quo* establecido polo Gobernador Civil coa segunda e última Comisión Xestora. E así veremos o primeiro concello estable da Segunda República en Betanzos, que se constituiría o 6 de abril de 1931, previo cesamento desa segunda Comisión Xestora. E Víctor Montoto Arias será o primeiro alcalde republicano non provisional.

IV.- NOVAS CLASES SOCIAIS NO PODER

Cando vemos de cerca quen son os que, o 6 de xuño de 1931, chegan ó poder no concello de Betanzos, logo das eleccións municipais do 31 de maio, o cambio social parece evidente e mesmo semella revolucionario.

Para darse conta desto é preciso saber que o último concello da monarquía, presidido por Adolfo Sánchez Díaz, constaba de 1 procurador[19], 1 avogado[20], 4 propietarios[21], 5 comerciantes[22] e 4 industriais[23]. Eran xente poderosa que figuraba nos primeiros postos dos maiores contribuíntes do concello[24]. Aínda que había gradacións, eran todos membros da elite social da cidade.

Pois ben, cando, despois do concello provisional, se instaura o definitivo o 6 de xuño de 1931, vemos que, salvo o caso dun propietario (o alcalde) e o dun médico, que poderían adscribirse á elite social, os demais son xentes das clases medias (1 impresor, 3 pequenos comerciantes e 1 empregado), do artesanado/obreirismo (2 carpinteiros, 1 xastre e 1 mecánico) e do campesiñado (¡nada menos que 5 labradores!). Por outra banda a xeografía do poder ampliouse moito, porque varios concelleiros son de fóra da cidade.

¿Qué fai un «propietario» que vive de rendas neste grupo e que semella que apareceu na última Comisión Xestora empurrado polo Gobernador Civil? Certamente non parecería algo moi coherente a súa presencia se non fora porque se chama Víctor Montoto Arias. E ademais, polo carácter romántico do momento, podía parecer que tiña que ser el e non outro o primeiro alcalde en propiedade desta Segunda República. A razón é clara: pertence a unha familia de fonda raizame progresista (o progresismo esparterista do s. XIX) e republicana, posto que seu pai, o avogado Salvador Montoto Varela (en realidade, como descendente de fidalgos que era, chamábase Salvador María Agustín Francisco Antonio Ramón del Socorro Montoto Freyre Varela) fora o primeiro alcalde da Revolución de Setembro de 1868, e o segundo da Primeira República (1874).

Montoto Arias, miúdo e de baixa estatura segundo contan, de 51 anos aprox., ateo, solteirón empedernido, bon bebedor, que vive na Rúa do Hórreo «2A y 4» con súa irmá

---

[19] O dito Alcalde.

[20]Seu irmán, César, tamén o 17º maior contribuínte no censo electoral de 1930.

[21]Agustín Leis Ponte que aínda que figura no posto 51º do censo de maiores contribuintes de 1930 e no 5º da contribución urbana do 1935, é descendente de fidalgos e dono de moitas terras fóra do concello, arredor do pazo de Santa Cruz de Mondoi e do ruinoso de Lema. Julio Romay Rodríguez tamén descende de fidalgos, figurando como un dos maiores contribuintes no censo electoral de 1932 e no posto 23º da contribución urbana do 1935. Outros propietarios son: Francisco López Torres e Francisco Ucha García (este figura no posto 4º dos maiores contribuintes...).

[22]Valentín Pita Pandelo (56º maior contribuínte no censo electoral de 1930), Agustín Concheiro Golpe (un dos maiores contribuintes no 1932), José Teijeiro Bouza (5º maior contribuínte...), Ignacio Valiño Viqueira (6º maior contribuínte...) e Bartolomé Babío Edreira (3º maior contribuínte...).

[23]Manuel Sánchez Suárez (2º maior contribuínte no censo electoral de 1930), José Babío Teijeiro (o maior contribuínte de todos no censo electoral de 1930), Miguel Sanmartín García (8º maior contribuínte...) e Juan de la Fuente Manrique (10º maior contribuínte...).

[24]"Mayores contribuyentes» en 1930 e 1932. AMB, c. 4804.

Consuelo e seu cuñado, o avogado Víctor Barús Labandeira, alongaba agora a sombra histórica, non só de seu pai, senón, sobre todo, do seu avó materno, José Arias Uría, facendado, avogado e exministro con Espartero no 1856, que fora protagonista principal de tódolos movementos revolucionarios que houbo en Betanzos desde 1820 ata a súa morte no 1873[25] .



*Benito Sánchez Valeiro, Secretario do Concello.*

De tódolos xeitos, Montoto, xefe local da ORGA, segundo conversa con Emilio Ferreira[26], e polo tanto o home do coruñés Casares Quiroga en Betanzos, será unha figura simpática que aínda se recorda por levar os petos cheos de trigo para botalo ós gorrións: un romántico atacado prematuramente pola tuberculose que tivo que facer frecuentes esforzos por mante-la orde a base de voz e «campanilla» naquelas sesións-espectáculo da Segunda República nacente, con abundancia de retórica *encendida* e público entusiasta de máis.

Víctor Montoto Arias será alcalde desde o 6-VI-1931 ó 27-VII-1932, data do seu falecemento: foi un dos poucos enterros sen curas que se recorda. Os concelleiros elixidos por sufraxio directo nas eleccións municipais do 31-V-1931 elixiran a Montoto como alcalde propietario, aínda que xa daquela estaba enfermo, como o manifesta na segunda sesión (13-VI-1931). Na votación para alcalde, Víctor Montoto obtivo 10 votos e Víctor Cancela Noguerol, 2 (houbo unha papeleta en branco). Pero é evidente que a súa figura é paradoxal naquel momento, posto que non podía escapar á súa realidade vital: a dun importante «propietario», herdeiro de fidalgos e mesmo tío dun alcalde da Dictadura e Presidente da Deputación Provincial como fora Emilio Romay Montoto (este último cargo volverá a telo no primeiro franquismo) e que será agora, na Segunda República, figura destacada da dereita local. En certo modo, Montoto Arias, consciente ou non, mantén a tradición doutras grandes familias da cidade (os Sánchez, sobre todo) con dúas ramas (unha máis radical e a outra máis conservadora) que lles permite estar case sempre presentes no poder, sexa cal sexa a conxuntura política, ademais, claro, de ter familiares en postos clave das distintas administracións da cidade.

Os Sánchez son o prototipo de familia bicéfala que permaneceu no poder case sen interrupción desde 1836 ata a Segunda República: unha das súas ramas (a dos Espiñeira) é liberal-demócrata e chega ata as portas da Segunda República co alcalde Adolfo Sánchez Díaz. A outra (a dos Cordero) é liberal conservadora, moi católica, e desemboca na Dictadura de Primo de Rivera (Unión Patriótica) e na CEDA da Segunda República.

¿Será posible que desaparecera por completo esta familia do poder municipal? Pois non, porque a pesar das algaradas republicanas e dos excesos dalgúns, a administración do concello permaneceu intacta en principio. E, sobre todo, mantívose a súa figura principal case todo o tempo (ata que renunciou ó cargo o 22-II-1936, día en que retoman o poder

[25](Barreiro Fernández, 1985: 51-62).

[26]Emilio Ferreira nunha conversa que tiven con el cando xa tiña noventa e tanto anos non se lembraba moi ben das cousas, pero á pregunta de quen era o xefe da ORGA en Betanzos respostou, despois de pensalo, que Montoto e logo sinalou tamén a Novo.

os socialistas): o Secretario, Benito Sánchez Valeiro[27] . Este home terá un protagonismo considerable, entrando en frecuentes debates cos concelleiros e mesmo co alcalde que fora. El volverá a estar presente na toma de posesión do alcalde franquista (logo do *Delegado Gubernativo Militar*, Ángel González Vázquez), Juan Jesús García Iribarne o 27-VII-1936. Por outra banda, o seu papel e a súa presencia é importante tamén porque resulta ser irmán do avogado Antolín Sánchez Valeiro, antigo alcalde (1914-15 e 1917), figura importante na Dictadura de Primo de Rivera e candidato principal da CEDA no Partido Xudicial de Betanzos[28]. Evidentemente para a maioría dos republicanos, sobre todo para os socialistas, este Secretario era un obstáculo, algo así como un infiltrado visible do inimigo, e a tensión con el foi frecuente



*Manuel Villuendas Pena.*

Manuel Villuendas Pena, 1º tte. de alcalde, é impresor («Imprenta Villuendas»)[29]. Republicano de ideas conservadoras, parece ser que pertence nestes primeiros momentos ó PSOE dentro da Federación Agro-Socialista. Pasará con brevidade a un lugar preeminente logo da Revolución de Outubro de 1934, como Delegado Gobernativo, no momento en que se marxinaron ós partidos de esquerda. Antes desto, nas votacións do concello vota case sempre co bloque conservador liderado por Cancela. Pero cando Cancela sexa alcalde (18-X-1934/22-II-1936), converterase nun dos seus principais inimigos, o que levou a José Iglesias Pérez, o único que seguiu con Cancela ata o final, a criticar duramente a Villuendas, dentro dunha das sesións máis tumultuosas, das moitas que houbo: «... él como republicano no puede consentir que el Sr. Villuendas, que para venir al Ayuntamiento se hizo socialista, luego para ser diputado se hizo de la Orga, y ahora se afilió á otro partido, que es el monárquico, y está ocupando un puesto que no le corresponde...» (Ac, 8-IV-1935, f.18).



*José Novo Rodríguez.*

José Novo Rodríguez, de 38 anos aprox., xastre[30] , 2º tte. de alcalde, semella pertencer á coalición ORGA-FRG. Ateo declarado e moi belixerante co clero local, tivo un papel protagonista en toda a etapa republicana, xa fora como concelleiro ou como alcalde (20-

[27]Benito Sánchez Valeiro ten 47 anos e vive na rúa da Ribeira, 145. Está casado con Joaquina Vieites Fernández e teñen dous fillos: Antolín e Salvador.

[28]Nado en Aranga, cuna dos Sánchez (orixe fidalga), Antolín Sánchez Valeiro vive agora na rúa do Valdoncel, 16, e ten 49 anos. Está casado con Alicia Fernández Sanjurjo e, segundo o padrón de 1935, ten os seguintes fillos: Adela, Alicia, Mª del Carmen, Antolín, José Manuel, Mª de la Concepción, Alfonso Juan e Mª Cristina. Vive con eles unha irmá, Julia Sánchez Valeiro, ademais da súa sogra, Dª Encarnación Sanjurjo Osorio e unha «sirvienta» moza.

[29]De 46 anos no 1931, vive no n. 46 do Valdoncel. Está casado con María Borondo Sánchez e ten dous fillos, Manuel e Julio Luís.

[30]Vive na casa n. 43 da Rúa Travesa. Está casado con Consuelo Varela Yáñez e teñen 5 fillos: Alfredo, José, Américo, Ana e Consuelo.

VIII-1932/30-V-1933). O seu anticlericalismo[31] , manifestado verbalmente, en follas propagandísticas e en artigos de prensa, non foi perdoado e asasinárono inmediatamente no 1936 mediante un aparente proceso con posterior fusilamento no cemiterio municipal.

Ramón Beade Méndez, duns 30 anos., 3º tte. de alcalde, de Touriñao de Abaixo en San Martín de Tiobre, pertence ó PSOE dentro da Federación Agro-Socialista. Será elixido deputado a Cortes, o primeiro co oficio de labrador na historia da institución[32] . É, sen dúbida, unha das figuras máis destacadas da Segunda República en Betanzos e, desde logo, a que máis transcendeu dentro e fóra. Será alcalde nas etapas 30-V-1933/18-X-1934 e 22-II/25-IV-1936. Escapado durante a Guerra Civil e anos posteriores, foi dos poucos líderes republicanos que logrou salvarse dos fusilamentos e dos «paseos». Ó parecer el é o autor, entre outros escritos, de *Betanzos honra a sus mártires,* do *Comité de Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito*, redactado no 1955 e publicado en Buenos Aires no 1958.





*Ramón Beade Méndez.*

Víctor Cancela Noguerol, de 45 anos aprox., médico, é elixido Síndico, pero rexeita ese cargo, que evidentemente non estaba á altura de quen liderara a proclamación da 2ª República en Betanzos o 15 de abril, aínda que el non o manifestase dese xeito. O caso é que hai un enfrontamento verbal. Veiga Roel insiste en que debe acepta-lo cargo, pero Cancela remata, acalorado, por solicita-lo relevo e Beade dille que se fai a renuncia por escrito aceptaráselle na seguinte sesión. José Veiga Roel, elixido tamén Síndico entra nesta disputa e remata, así mesmo, por renunciar ó cargo. A Corporación aceptou as dúas renuncias. Posteriormente foron elixidos síndicos, Emilio Ferreira e, de novo, Veiga Roel.

Cancela Noguerol[33], antigo liberal de Romanones no 1914 e anos posteriores, se ben pertenceu á coalición ORGA-FRG, pronto figura como «republicano radical» ou lerrouxista. Aparece desde o primeiro momento como membro da «derecha republicana» (*El Ydeal*

[31]Sobre o anticlericalismo de Novo hai textos, pero tamén anécdotas que lembra a xente. Unha das máis simpáticas é aquela que refire a chegada desde Madrid dun franciscano, que non coñecía Betanzos. Veu no Tren Correo e chegou ó Campo despois das once da noite. Como xa non podía chamar á porta do convento, preguntou por unha pensión a dous homes que estaban sentados nun banco. Non tivo moita sorte, porque os homes en cuestión eran, nada menos que José Novo e o seu amigo, Alfredo Curiel. Eles rapidamente lle contestaron que sabían dunha que, sen ser de luxo, non estaba mal. E así o encamiñaron cara ó nº correspondente da Rúa Nova (á beira da casa dun fotógrafo) onde o que había era a «Casa de María a Chacha»: unha casa de putas.

[32]No 1931 vive con seus pais, Andrés Beade Díaz (nado na Habana, de 54 anos e que voltou no 1925) e Socorro Méndez Porto (55 anos). Beade Méndez, de 30 anos, está casado con Consuelo Dopico Méndez, de 29 e, á altura de decembro de 1935 (padrón de habitantes) xa terán 7 fillos: Andrés, Manuel, Dolores, Socorro, Consuelo, Ramón e Marxina (aínda tivo outra filla).

[33]Vive na «Calle de los Ángeles» 3, 2º. Está casado con Andrea da Torre Mera, de 45, e teñen 4 fillos: Tomás, Concepción, Marcelino e Andrés (terán outra filla, Consuelo). Contan tamén cunha «sirvienta» de Aranga.

*Gallego*, 2-VI-1931) e será a cabeza visible dunha certa contestación interna á coalición gobernante. Desde logo, defende os intereses católicos coa mesma paixón que o seu probado republicanismo. Pero, pouco a pouco, comprobará que é imposible unir as dúas cousas e, cando acceda á Alcaldía, logo da Revolución de Outubro de 1934 (18-X-1934/22-II-1936), será demasiado republicano para os membros da CEDA, que o atacarán sen piedade.

O médico Cancela é un dos poucos homes con formación cultural importante naquel concello e eso convérteo nun dos protagonistas principais da Segunda República en Betanzos. Foi orador destacado nos mitins políticos do momento, sobre todo nos que antecederon á Segunda República. Era moi apaixonado e non tiña a experiencia parlamentaria de Beade, polo que diante das saídas de ton duns e doutros, el podía superalos a todos, cousa que aproveitaban os seus inimigos, sobre todo na súa etapa de alcalde: por exemplo, cando nun dos seus xestos de autoridade, Santiago Moretón Simón, da CEDA, lle chama «¡Hitler!», co «tumulto» conseguinte (Actas Capitulares, 9-I-1935, f. 176v-177).

Nembargantes, el foi coprotagonista principal das obras máis importantes deste tempo en Betanzos, como a consecución dun «Instituto de Segunda Enseñanza» e, sobre todo, o proxecto de traída de auga e *alcantarillado*, que se converteu en arma política fundamental da CEDA contra el, torpedeándoo sistematicamente só ata que Cancela tivo que deixa-la Alcaldía: pronto morreu de tuberculose e quizais tamén de disguntos, aínda que, para algunha xente, a súa morte debeuse ás maldicións das augadoras, que, por culpa da traída de augas, perderon o seu traballo.

Emilio Ferreira Muíño é mecánico[34] (reloxeiro e reparador de máquinas de coser). Era un dos fundadores da ORGA en Betanzos e, agora, membro da coalición ORGA-FRG. Hai que cualificalo como un republicano conservador, votando case constantemente con Cancela.

José Veiga Roel, da coalición ORGA-FRG é un magnífico fotógrafo (aspecto este no que se fará famoso en todo o mundo moito máis tarde), debuxante, calígrafo, etc.[35], pero vive en realidade de ser «comerciante», e, como tal, tende á prudencia. Nembargantes, pode dicirse que é un republicano de ideas conservadoras, estando case sempre á beira de Cancela, aínda que, como no caso de Villuendas, será logo o seu inimigo declarado na etapa de Cancela como alcalde, estando daquela próximo ás posicións da CEDA. É membro do Liceo Recreativo, co que se aliña fronte ó concello cando este quere asentar alí o pretendido «Instituto de Segunda Enseñanza», cousa que non logrará e terá que levalo ó exconvento de Santo Domingo. Tamén pertence ó Círculo Mercantil e Industrial.

Agustín Costoya Fraga, de 43 anos aprox., vive na Carretera de Castilla, 10, e é carpinteiro. Fora presidente da «Sociedad de Carpinteros» no 1909 e secretario no 1910. Semella pertencer á Federación Agro-Socialista[36].

---

[34]De 30 anos, nado en Ferrol, vive con seus pais (Juan Ferreira Cal, de Irixoa, tamén mecánico, e Ramona Muíño Blanco) na Rúa Nova, 5, 2º, a mesma casa onde viviu case ata a súa morte.

[35]De 36 anos, vive na rúa Sánchez Bregua, 23, e está casado con Consuelo Sánchez Sánchez. Ten unha filla, Sara, de 14 anos, do primeiro matrimonio e con eles vive unha «sirvienta». Máis tarde, con Consuelo Sánchez Sánchez, terá a: Mª Silvia, José Antonio, Julio Víctor e Mª Consolación.

[36]Tiña 48 anos no 1931e vivía na Av. de Castilla, 11. Estaba casado con María Sánchez García e a finais de 1935 tiñan os seguinte fillos: José, María, Víctor, Juana, Alfonso, Elvira, Manuel e Lourdes.

Vicente López Mancera, duns 43, anos é tamén carpinteiro[37] . Segundo noticias verbais, sen confirmar, parece ser que pertenceu á Federación Local Agraria. Alternando con Bonome Seoane, será alcalde accidental na época de Novo Rodríguez (VIII-1932/V-1933).



*Emilio Ferreira Muíño.*



*José Veiga Roel.*



*Agustín Costoya Fraga.*



*Bernardo Miño Abelenda.*

Ricardo Rey Castro (posesionado o 13-VI-1931), de 34 anos aprox., é labrador e vive en Piadela. Pertence probablemente ó PSOE dentro da Federación Agro-Socialista.

José Rey Milia é tamén labrador e do PSOE[38] .

José Iglesias Pérez, de 38 anos aprox., é comerciante[39]. Pertence á coalición ORGA-FRG. De carácter conservador, case sempre está á beira de Cancela e ten o mérito de manter ata o final esta fidelidade, cando os despiadados ataques da CEDA o facían moi difícil.

Bernardo Miño Abelenda, de 62 anos aprox., é labrador[40] e membro histórico do PSOE, posto que será o primeiro concelleiro deste partido no 1901, ano no que asume a dirección do periódico local *El Pueblo*. Terá unha presencia moi importante na «Casa del Pueblo» no seo do obreirismo organizado. Será un dos «paseados» despois do Alzamento de xullo do 36.

Francisco Castro Bouza, de 53 anos aprox., é outro labrador. Pertence á Federación Agro-Socialista, probablemente como membro do PSOE[41] .

---

[37]Vivía na Rúa Nova, 62. Estaba casado con Juana Iglesias Pérez e (os dous eran de Betanzos), con ela emigrou a Cuba. Alí, en Cienfuegos, naceron os seus fillos: Vicente, María e Manuela. Xa en Betanzos, nacerían: Evaristo, Mercedes, Juan. Logo de quedar viúvo, tivo en segundas nupcias a Ricardo (Padrón de Habitantes 1935, AMB).
[38]Ten 36 anos no 1931 e vive en Caraña do Medio. está casado con Angela Ruanova Marcote. No 1935 teñen os seguintes fillos: Jesusa, Manuel, Juana, Carmen, José e Purificación.
[39]Vive na rúa Méndez Núñez, 18. É natural de bergondo. Está casado con Remedios Sánchez e no 1935 tiñan os seguintes fillos: José, Carmen, Julia e Luis.
[40]Vive na rúa Pardiñas, 29. Está casado con Antonia Santamarina. Ten unha filla, Carmen e en 1935, 2 netas, Josefina e Delia.
[41]Vive na 3ª trv. de Santa María, 3. Está casado e ten unha filla (Mª Águeda).



*Antonio Lagares Gómez, do PSOE, membro do «Comité Agrario Socialista republicano» que o 15-IV-1931 integraba o Concello provisional, e despois «capataz de arbitrios», será asasinado o 28-X-1936, na carretera Betanzos-Ferrol, xunto a Bernardo Miño Abelenda, Camilo Naveira Ferreño e Manuel Fernández.*

Ricardo Bonome Seoane, de 41 anos aprox., é comerciante[42]. Ateo, moi belixerante coa Igrexa, pertencía á coalición ORGA-FRG da que aparece con frecuencia como o seu líder e representante.

Ramón Montes Navaza, de 44 anos aprox., aparece como «empleado» no padrón de 1935, porque durante a República sería recadador de arbitrios. Antes exercera algunha función no concello de Oza. Pertencía á coalición ORGA-FRG[43] .

Así pois, como consecuencia das eleccións municipais do 4-VI-1931, o 6 de xuño constitúese o novo concello, presidido por José Novo Rodríguez e tamén por Agustín Costoya. Os demais membros desa sesión constitutiva foron: Manuel Villuendas Pena, Ramón Beade Méndez, José Veiga Roel, Emilio Ferreira Muíño, Vicente López Mancera, José Rey Milia, José Iglesias Pérez, Bernardo Miño Abelenda, Víctor Cancela Noguerol e Francisco Castro Bouza. Estaba ausente Víctor Montoto Arias, que precisamente sairía elixido alcalde.

Goberna a «coalición Republicana Socialista» en expresión de Cancela Noguerol, pero, aínda que hai certas tendencias, non se vota necesariamente en bloque, polo que non sempre é doado atopar as alianzas, máis ben de tipo persoal, se é que as hai:

> «El Sr. Cancela dice que lamenta no se hallen en el local más número de Concejales. Que el Ayuntamiento tuvo que clarificarse políticamente, y con tal motivo pudo ver que consta de «ocho socialistas, dos agrarios, cinco federales y un radical [16 en total]» (AMB, Ac 4-VI-1931).

Non sabemos se o ambiente na rúa debía preocupar ó alcalde Montoto, porque presentou pronto unha moción encamiñada a que se dotase de «armas de fuego adecuadas» á Garda municipal (AMB, Ac, 30-VI-1931, f. 100v), que soamente foi apoiada por Villuendas, López Mancera e Veiga Roel, polo que quedou desestimada.

Terá un certo protagonismo neste primeiro momento a coalición ORGA-«Federación Republicana Gallega», polo feito de ter a Montoto de alcalde, pero non se pode falar de vencedores nin vencidos, porque todos pertencen á coalición, todos son republicanos cun alto grado de romanticismo e unidos por un anticlericalismo máis ou menos notorio segundo os casos, a excepción de Cancela.

## V.- OS NOVOS SÍMBOLOS

A magnífica fotografía de F. J. Martínez Santiso na que se ve perfectamente a proclamación da Segunda República desde o balcón do concello o 15 de abril, amosa, entre

[42]Vive na Pza. da Constitución, 5 con súa irmá Matilde, tamén solteira. Con eles está unha «sirvienta».

[43]*Pza. García Hermanos*, 20, 1º. Está solteiro e vive cos seus irmáns: Josefa, José, Raimundo e Manuel. Raimundo e Manuel son comerciantes.

outras cousas, o protagonismo das bandeiras: a tricolor republicana[44] e a galega[45], que estarían tamén na manifestación que percorreu as rúas. Así comeza a escenificación da nova etapa histórica, do novo réxime.

Un problema evidente foi o do himno republicano, o «himno de Riego», porque hai que recoñecer que ten pouco de himno e moito de leda peza festeira que invita a bailar, polo que Cancela chega a falar da prohibición de bailar mentres se toca, e da obriga de descubrirse:

> El Sr Cancela dice que la banda de música, en sus conciertos, ejecuta á veces el himno nacional y el gallego, y es necesario que se impida á la gente que baile durante los están tocando, pues da mala idea del pueblo, y pide que, además de prohibir el baile, que debía descubrirse todo el público, y los músicos tocarlos, también, descubiertos; que en Madrid se ponen los



*Vicente López Mancera.*



*Ricardo Bonome Seoane.*



*José Iglesias Pérez.*



*Ramón Montes Navaza.*



*José Rey Milia*

[44]Por certo, *Vida Gallega* do 10 -V-1931 publica un editorial en contra do cambio da bandeira. Dá razóns estéticas, políticas, sentimentais e internacionais: «Muchísimos republicanos, y todos los indiferentes a la forma de gobierno, no creen que haya sido necesario cambiar de bandera. La tricolor parece el «trágala» puesto delante de los ojos de los monárquicos y de los neutrales. Estos, ¡que son tantos!, no tienen porqué soportar que un partido triunfante les imponga sus colores, caprichosamente adjudicados a la bandera nacional [...] Sobre todo hay que tener en cuenta que la bandera que se ha querido suprimir [...] es la bandera eminentemente *liberal,* que debemos preferir todos los verdaderamente amantes de la *Democracia*». De tódolos xeitos, matiza no núm. do 30-V-1931: «Nos agradaría que los monárquicos no levantasen con exageración la bandera bicolor, o que si la levantan sea con el escudo real, de tal modo que la que no lo tiene permanezca ajena a las pasiones de partido»

[45]*Vida Gallega* do 30-V-1931 tamén se opón á bandeira galega tal como se presenta: «[...] la bandera de Galicia. Ésta debe ser elegida plebiscitariamente. No nos cansaremos de decir que los nacionalistas, muy respetables como personas y como amigos, dentro o fuera del Seminario de Estudios Gallegos, no son toda Galicia».

> músicos en pie y se descubren. El Sr. Presidente [Montoto] promete atender el ruego (AMB, Ac, 27-VII-1931, f. 128).

A cuestión do himno non estaba moi clara e López Mancera en rogos e preguntas inicia un debate pedindo:

> [...] que la música toque en todos los conciertos el himno de la República, al principio y al fin. El Sr. Presidente [accidental, Villuendas] dice que no le parece bien, porque se gasta el himno, y con la Monarquía tampoco tocaban la Marcha Real. El Sr. Iglesias Pérez, dice que si se toca, á lo mejor lo bailan (AMB, Ac 16-XII-1931).

Mercáronse os marcos para os retratos de D. Jesús e D. Juan García Naveira que aínda hoxe vemos na Sala Capitular (AMB, Ac, 30-VI-1931, f. 104) como admiración da República ós máis grandes benefactores de Betanzos e, logo, tíñase a necesidade de rexeitar os vellos símbolos ligados á monarquía e á relixión e de impoñer os novos. Pero as cousas non eran tan doadas, porque entraban no terreo sempre lento dos costumes sociais.

> También acordó la Excma. Corporación municipal tomar en consideración la propuesta de la Alcaldía respecto á la adquisición de los sellos de tinta necesarios para la administración municipal, y aplazar ésta durante un lapso de tiempo á juicio de la Alcaldía (AMB, Ac, 3-VIII-1931, f. 130)

Como os famosos «sellos de tinta» parece que non viñeron, por un tempo aínda se empregaron os vellos, pero logo alguén actuou de maneira drástica, cortándolle a coroa ós vellos. Nembargantes, cando consultamos documentación diversa republicana de distintos anos, vemos que hai unha certa resistencia a que desapareza o selo antigo, o da coroa. E esto si ten un responsable claro: o xefe da administración municipal, o secretario, Benito Sánchez Valeiro, ligado familiar e ideoloxicamente ó mundo da monarquía.

Cóntase como anécdota que mesmo se prohibiu mercar unhas plumas de escribir que tiñan o problema de ser da marca «Corona».

Mentres a cidade é visitada por turistas ingleses[46] , cos que se teñen atencións especiais, o novo concello paga gastos dos vellos e dos novos símbolos.

> Para indemnizar á Dª Jesusa Muñoz, y en su nombre á Dª Sara Rodríguez, por la limpieza y planchado de los trajes de los Maceros durante los meses de abril, Mayo y Junio de 1926; así como los trabajos en enlutar las colgaduras y pendón del Ayuntamiento, con motivo del fallecimiento de la ex-Reina Dª María Cristina, y de la Sra. de D. Juan García Naveira, 40 pts. (AMB, Ac, 10-VIII-1931, f. 140)
> Para abonar a los Hijos de A. Núñez el importe de una bandera gallega... (Ac, 10-VIII-1931)
> ... del industrial de esta vecindad, Dn Manuel Lousa, importante 40,50 pesetas, por paño de lana morado para la bandera oficial de este Ayuntamiento (Ac, 13-VI-1931, f. 86).

En canto ó previsible cambio de nome de algunhas rúas, o concelleiro Francisco Castro Bouza foi quen presentou unha moción «para que la Corporación le ponga el nombre de «Calle de Pablo Iglesias» á la Ruatraviesa, de «Fermín Galán» á la de la Ribera, y de «García Hernández» á la del Valdoncel» (AMB, Ac, 30-VI-1931, f. 102rv ). O cambio dos

[46] «Diose cuenta de una factura suscrita por Manuel López Purriños, chofer de esta vecindad, importante ocho pesetas, por un viaje á Collantres con Dn Primitivo Lizarriturri, para recabar que viniese un gaitero para tocar á las parejas de baile, que amenizaron la estancia de los turistas ingleses, el día tres de los corrientes» (Ac, 13-VI-1931, f. 86rv). Pagou esta conta o concello e non Lizarriturri, pero despois dunha votación que quedou en empate.

nomes quedou aceptado co voto en contra de Villuendas.

Veiga Roel[47] pregunta se hai algunha disposición que prohiba o cambio; Villuendas ve ben o nome de Pablo Iglesias para a Rúa Travesa, pero non os demais, e a Cancela parécelle ben todo e quere engadir os de republicanos históricos como Pi y Margall e outros «grandes hombres de la República pasada».

De tódolos xeitos, esta nomenclatura política, que herda formas e maneiras que teñen a súa afastada orixe na Constitución de Cádiz, no Trienio Liberal, etc. tiveron moi pouco éxito entre o pobo (Erias, 1996b, 29-60).




*Selos do Concello. O primeiro, con coroa, aínda está nun documento do 6 de xuño de 1931 no que se convoca ós novos concelleiros elixidos nas eleccións do 31 de maio. O segundo, sen coroa, esta nun documento de novembro de 1932.*

## VI.- A RELIXIÓN COMO CAMPO DE BATALLA (IV-1931//X-1934)

**Contra a «peroración regocijante de los muy reverendos padres redentoristas»**

A relixión como campo de batalla viña de atrás e empregaba, entre outras "municións", panfletos, que deberon encher a cidade a cotío. Un deles, sen data, nin pé de imprenta, nin sinatura, contén acusacións dabondo contra os «padres redentoristas», que deron unhas predicacións que, xa ese día deberon producir algún altercado. Como fala da "prensa liberal", cabe pensar que é anterior á Segunda República, quizais de 1930 ou da época da campaña electoral das eleccións municipais do 12 de abril ¿Autor? Por estilo e temática, semella claro que se trata de José Novo Rodríguez.

> Antes de hacer un ligero comentario a la peroración regocijante de los muy reverendos padres redentoristas nos permitiremos darle un consejo desinteresado y leal a nuestro simpático cura párroco, que si bien el Supremo Hacedor derramó en su persona envidiables cualidades físicas; no dotó a su cerebro de la suficiente clarividencia para evitar que nos endilgara una vez más, unos predicadores que no tienen la más rudimentaria cultura, ni la necesaria perspicacia para suponer, que el púlpito no es, precisamente, el sitio desde donde pueden decirse toda clase de bellaquerías, adobadas con un lenguaje inmoral, capaz de ruborizar al Santo Cristo de Limpias. No hay derecho a esos desahogos que no guardan armonía con la educación y las buenas costumbres, escudados en la inmunidad del púlpito.
>
> Estos reverendos, hacen sin duda, muy buenas digestiones, pero muy malas predicaciones, y sírvales de lección la negativa de las *niñas bien*, que por esta vez dieron una alta prueba de buen sentido, negándose a cantar en esos grotescos coros chabacanas vulgaridades, y sirva esto de lección, también, a la clase artesana, para que no se preste de comparsas a desaprensivos. Esta

[47]Veiga Roel propuxo cambia-lo nome da «Estación Norte» pola de «Betanzos-empalme», representando a «empleados ferroviarios y del Círculo mercantil». Beade recomenda a Veiga «que el círculo mercantil se ocupe de asuntos de más monta», pero a Corporación aprobou a moción de Veiga (AMB, Ac, 4-VII-1931, f. 109).

clase de predicadores, para reforzar cualquier argumento, acuden a la socorrida fórmula de contar cuentos de Calleja, con narraciones fantásticas, y el primero que habló al público, nos refiere que una pecadora, por no confesar un pecado que tenía oculto, echaba sapos y culebras por la boca, y apareció al confesor con torbellino de fuego, diciéndole que estaba en el infierno. Mire usted, regocijante y festivo padre, si usted fuese el confesor de marras, podía apagar ese torbellino de fuego, porque es usted un torbellino de nieve, un ventilador. No hay derecho a endosarnos esas majaderías que nadie cree por ridículas e inocentes. Luego dice que de parte de Dios exhorta a los fieles a que confiesen y salven el alma, y dirigiéndose a los padres de los niños, les habla de que sus hijos aprendan el catecismo antes de nada, que en eso está su salvación. Está bien, amado hermano mío: para usted que tiene la suficente flema para embaucar viejas y sacarles los cuartos, pero para el hombre digno que no quiere vivir a costa del prójimo y que *ama al prójimo como a sí mismo,* no puede aceptar ese oficio de cucos, ni leer esas insulseces sólo comparables a romances de ciego. Este predicador se retira, sucediéndole otro que empieza también contando otro cuento de una pecadora que se mofó y burló de un misionero que estaba hablando al público. Él le dijo que dentro de ocho días había de morir, y al efectuarse la misión al domingo siguiente, la pecadora murió de repente. Se dirigió el misionero a su casa acompañado de los fieles y le dijo: "Catalina, ¿dónde estás?". Levantóse le muerta del ataud y respondió: "¡ Estoy en el infierno !!!". Oiga, reverendo padre, el *Catalino* es usted si piensa que pueden creerse esas mentecatadas. Si dijera que esa *Catalina* se estaba bañando en Riazor es creíble; pero los muertos no hablan, y no se puede estar muerto en un ataud y ardiendo en llamas vivas y seguidamente dice que hasta Voltaire creía en el infierno. ¡Ya lo creo! ¡Y en la burra de Balaan! ¡Y en el milagro de los panes y los peces! ¡Y en el milagro de Josué, que *paró el sol*! ¡Ojalá que estuvieran, reverendísimos padres, en el templo con los mercaderes, para que Jesús les diera una gruesa de latigazos.

Luego, refiere otro cuento de dos amigos que eran incrédulos, y se concertaron para que el primero que muriera trajese noticias de si había o no infierno. Muere uno de ellos, y vuelve (con permiso de Dios y el coro de ángeles y serafines) a este mundo, para decirle que había infierno, y para reforzar tal aserto, limpió de la frente una gota de *sudor infernal* que traía expresamente y vertiéndosela en la mano se la abrasó, teniéndosela que cortar un cirujano. Este reverendo podía vivir en el Polo cómodamente, pues se debe aclimatar perfectamente a las zonas frías; porque es el colmo de la frescura contar esas mostruosas aberraciones de un indìviduo que vá al infierno, con billete de ida y vuelta, llega tan sano y salvo después de haber muerto, habla, trae una gota de *sudor infernal* (que adquirió en el Campo un día de feria a un señor que trae serpientes) la vierte en la mano del amigo y se la achicharra, teniendo que cortársela un cirujano. Entonces no puede arderse sin fin, como usted dice, puesto que con una gota de *sudor infernal* se abrasa una mano, o de lo contrario los cuerpos son incombustibles, o en último caso, si la materia muere, el espíritu no es susceptible de arder, porque es inmaterial. Le digo con toda confianza que su puesto no es en el púlpito, el verdadero sitio para usted es una barraca de feria exhibiendo la mujer-araña o vendiendo polvos de la madre Celestina. Luego refiere un caso de un padre de familia que estaba gravísimo, sin respiración y sin vida, pero que no obstante preguntó a su mujer que hora era, contestándole ella, que eran las diez. "Pues aún me quedan dos horas para blasfemar de Dios y de los santos" dice él, y cae envuelto en las sábanas, echando espuma por la boca vociferando y blasfemando. Que lástima que el pollo de la gota de *sudor infernal* no visitara a este señor y le echara la gota infernal en la lengua y así no vociferaría tanto y pasar por el púlpito y echar otra gota al predicador para que tampoco bociferara, y no nos diera al finalizar el acto, la sensación de un energúmeno, encarándose con media docena de personas, por todos conceptos respetables, amenazándoles con los Tribunales, por no hacer gimnasia sueca y arrodillarse.

Hermanito, ¿por qué no les lanzó un torbellino de fuego, o echó unas gotas de *sudor infernal*?. En otro día de prédica ¿se despacharon contra los novios, los bailes, los escotes, llegando en el

colmo de su feliz improvisación a decir *que no había mujer decente que anduviera escotada* y otras enormes inmoralidades, que por decoro no pueden decirse.

Se acordaron de su enemiga la prensa liberal, teniendo para ella denuestos e imprecaciones, prohibiendo su lectura en los hogares cristianos. Se adivinan vuestras intenciones aviesas, seráficos moralistas. Hablais de moral y sois unos sepulcros blanqueados, os ocupáis de escotes y noviazgos y todos teneis un ama en casa y condenáis la prensa liberal que es la que descubre y puntualiza vuestra histórica intolerancia y fanatismo, y nos dais como único alimento espiritual la *cartilla*, que es una especie de la historia de Xan de Panete.

Dos viejos que estaban acurrucados en la puerta de la iglesia comentan las prédicas y uno de ellos dice: *"Poida que todas esas balbruteiras qu'están drento non lle teñan-a cena feita a-home. A lo cual replica el otro: "Boeno; istos misioneiros predican pro seu peto. Contos da forxa".*

Estos vejetes, con su sana experiencia, sintetizaron en dos palabras todo el valor moral de estas zarandajas impropias de estos tiempos que solo sirven de regocijo y risa, y que en vez de traer adeptos a la causa de la Iglesia, los repelen y alejan.

## O anticlericalismo na Constitución

O odio á Igrexa (ligada á Monarquía, á Dictadura e ás clases poderosas) por parte da esquerda e dun amplo sector do republicanismo foi unha sinal de identidade da nacente República. As discusións nas Cortes Constituíntes, logo das eleccións do 28 de xuño de 1931, alimentaron esa idea e os políticos no poder non se atreveron, ou non quixeron, ir contra ela. O resultado foi unha Constitución radicalmente anticlerical.

Coa perspectiva que dá o tempo, está claro que o anticlericalismo marcou definitivamente a traxectoria da República, escurecendo outros logros, sobre todo ó quedar consagrado no art. 26 (e tamén no 27), da nova Constitución. Foi un gran erro político e estratéxico, porque deu o aglutinante esencial ás xentes de dereitas que, desde que se aprobou nas Cortes Constituíntes[48] (14-X-1931), e xa cos precedentes da queima de conventos, etc., non só loitarán polo poder, senón por derrubar ó réxime, sobre todo, e xa decididamente, cando gaña as eleccións o Frente Popular no 1936. Nin que dicir ten que o día que se aprobaron eses artículos, Niceto Alcalá Zamora e Miguel Maura dimitiron, desaparecendo do Goberno todo referente católico. Os anticlericais sentíronse lexitimados en todas partes e os republicanos católicos, do estilo de Cancela en Betanzos, tiveron que sentirse absolutamente fóra de lugar: non parecía quedar sitio para eles e menos para o clero:

*Constitución de la República Española (9 de diciembre de 1931)*

Art. 26. Todas las confesiones serán consideradas como Asociaciones sometidas a una ley especial.

El Estado, las regiones, las provincias y los Municipios, no mantendrán, favorecerán, ni auxiliarán económicamente a las Iglesias, Asociaciones e Instituciones religiosas.

Una ley especial regulará la total extinción, en un plazo máximo de dos años, del presupuesto del Clero.

Quedan disueltas aquellas Órdenes religiosas que estatutariamente impongan, además de los tres votos canónicos, otro especial de obediencia a autoridad distinta de la legítima del Estado. Sus bienes serán nacionalizados y afectados a fines benéficos y docentes.

[48] O 28 de xuño de 1931 celebráronse eleccións a Cortes Constituintes. Gañou a Alianza Republicano Socialista.

Las demás Órdenes religiosas se someterán a una ley especial votada por estas Cortes Constituyentes y ajustadas a las siguientes bases:
1ª Disolución de las que, por sus actividades, constituyan un peligro para la seguridad del Estado.
2ª Inscripción de las que deban subsistir, en un Registro especial dependiente del Ministerio de Justicia.
3ª Incapacidad de adquirir y conservar, por sí o por persona interpuesta, más bienes que los que, previa justificación, se destinen a su vivienda o al cumplimiento directo de sus fines privativos.
4ª Prohibición de ejercer la industria, el comercio o la enseñanza.
5ª Sumisión a todas las leyes tributarias del país.
6ª Obligación de rendir anualmente cuentas al Estado de la inversión de sus bienes en relación con los fines de la Asociación.
Los bienes de las Órdenes religiosas podrán ser nacionalizados.

Art. 27. La libertad de conciencia y el derecho de profesar y practicar libremente cualquier religión quedan garantizados en el territorio español, salvo el respeto debido a las exigencias de la moral pública.
Los cementerios estarán sometidos exclusivamente a la jurisdicción civil. No podrá haber en ellos separación de recintos por motivos religiosos.
Todas las confesiones podrán ejercer sus cultos privadamente. Las manifestaciones públicas del culto habrán de ser, en cada caso, autorizadas por el Gobierno.
Nadie podrá ser compelido a declarar oficialmente sus creencias religiosas.
La condición religiosa no constituirá circunstancia modificativa de la personalidad civil ni política, salvo lo dispuesto en esta Constitución para el nombramiento de Presidente de la República y para ser Presidente del Consejo de Ministros (Esteban, 1981).

**Contra os xesuítas**

Logo da expulsión de franciscanos e monxas agustinas recoletas a noite do 13 ó 14 de maio de 1931, e mimetizando as noticias que chegaban de Madrid, vemos como xa na primeira sesión do novo concello republicano se discute vivamente sobre un asunto relixioso: o da adhesión ou non ó Goberno na súa decisión de expulsa-los xesuítas de España. Esta discusión continúa na sesión seguinte do 13-VI-1931 cando Beade se estraña de que non apareza tal acordo na acta. El e Miño, os dous do PSOE, fixeran a proposta. O enfrontamento é con Cancela que di que só foi unha discusión particular. Pero Beade pregunta se o concello de Betanzos vai ser unha excepción, porque o de Ferrol e outros na mesma sesión adheríronse ó Goberno. Miño pide que ademais de expulsalos hai que confiscárlle-los bens e impedir tamén que particulares sacasen capitais fóra do país (un asunto este tamén importante naqueles días e que se analizaba na prensa).

Na cuestión relixiosa o enfrontamento será sempre con Cancela, que non dubida en dicir ademais que distintas persoas de Betanzos exportaban capitais, aínda que non deu os nomes. De momento, na emoción destes primeiros días republicanos, Cancela prefire, de tódolos xeitos non enfrentarse moi directamente nestes asuntos e propón que o concello se centre nos problemas locais, desviando a atención a supostas irregularidades económicas do concello de 1923 que habería que resolver. Veiga Roel, na liña de Cancela, acúsaos de facer un debate para a galería e non para atender ós verdadeiros problemas municipais, e a cuestión parece esvaecer.

Núm. 13.

¿ESTA ES LA LIBERTAD?



¿Es esto libertad?



Las religiosas salían de los conventos acompañadas por la aristocracia.



En plena libertad de cultos.



El dinero del juego se dice que está bien adquirido, pero el de las monjas no.

*Viñetas de propaganda católica publicadas por «Editorial Ibérica», Alburquerque,12, Madrid. Tirada: 50.000. Probablemente datan de 1931. AMB.*

## Contra as procesións relixiosas

As festas tradicionais son inevitablemente un problema teórico e práctico para os concellos republicanos, porque ían unidas a conceptos relixiosos e na mente dos concelleiros, cunha Igrexa tan belixerante en toda España co novo réxime, as manifestacións relixiosas equivalen a manifestacións políticas das dereitas. As Festas Patronais de agosto, o San Roque, estaban cerca e había que resolver como facelas. Miño di que os gastos deben limitarse ó presupostado, e procura argumentos na historia dicindo que "siendo Alcalde el Sr Leis, Don Calixto, y él Concejal, propuso aquél que sólo hubiese función de iglesia y procesión". Novo tamén di que a Comisión de festas "debe limitar las fiestas en lo posible". Veiga, pola contra, quere que as festas sexan tan boas coma as do ano anterior (AMB, Ac, 21-VII-1931, f. 121rv)

Pero o enfrontamento coa igrexa pasa inmediatamente dun marco xeral esencialmente teórico a outro local e inmediato cando o cura da parroquia de Santa María solicita ó concello a presencia da Banda Municipal na procesión da Oitava da Ribeira o 14 de xuño dese 1931, comprometéndose a abonar a gratificación acostumada.

Cancela di que debe accederse; Beade, que 150 pts. son poucas "porque una murga de cinco músicos cobra 50 pts".

> El Sr. Novo dice que la banda de música asista de paisano; que la procesión no vaya por la carretera, para no impedir el tránsito; que las bombas las echen en el muelle de la Ribera y hacia donde no puedan causar perjuicio, y que se ponga á la banda el precio de 500 pesetas por su asistencia.
> El Sr. Cancela propone que asista la banda con uniforme y todos sus atributos; que la procesión vaya por las calles de costumbre, incluso por la carretera, en donde el Ayuntamiento no pueda prohibirla; que las bombas se echen en la forma que propone el Sr Novo, y que le parece una atrocidad el cobro de 500 pts., puesto que bandas militares, no cobrarían por eso más de 250, y que menos debe cobrar la de Betanzos, que solo consta de veintitantos números (AMB, Ac, 13 -VI -1931, f. 88rv).

Votaron cada circunstancia do asunto. En canto ó traxecto, gañou o tradicional (Villuendas, Costoya, Veiga Roel, Iglesias, Ferreira, Cancela, Miño e o alcalde Montoto). Perderon: Rey Milia, Rey Castro, López Mancera, Novo e Beade. En cambio perderon os que querían que fosen de uniforme (Villuendas, Veiga, Ferreira, Muíño, Cancela, alcalde Montoto). Gañaron os que querían que fosen de paisano (Costoya, Rey Milia, Rey Castro, López Mancera, Iglesias, Novo, Miño e Beade). Cancela di que non aceptarán a Banda de paisano e que se demostrará que hai máis católicos dos que parece. Costoya sae da sala. Acórdase, sempre por votación, que reciba a Banda 250 pts.

Deuse conta doutra comunicación do cura de Santa María e da comisión da festa rogando a asistencia dunha comisión municipal para presidir a procesión, pero a Corporación negouse debido ás disposicións legais que o prohibían.

Non só desapareceu o concello a nivel oficial das procesións relixiosas senón que ademais chegou a prohibilas en casos concretos, a pesar da oposición de Cancela. É o que ocorreu coa de Nosa Señora en setembro de 1933:

> El Sr. Cancela dice que no hay poder superior al civil, y que está declarado que los ideales de conciencia son libres, y para complacer á la inmensa mayoría de los vecinos de Betanzos, aún á los que no lo son, ruega á la Presidencia sea autorizada la procesión de Nuestra Señora de los Remedios, á la que concurre tan grande número de fieles, al igual que han sido muchas más de otros pueblos, y entre ellos Lugo y Santiago.

Pero o alcalde Beade non deu lugar nin á votación neste caso, porque para ese tempo as procesións debían ser efectivamente refuxio de persoas opostas á liña que neste tema levaba o Goberno de España, e naturalmente, tamén o concello:

> El Sr. Presidente dice que lo lamenta muchísimo, pero que mientras él sea alcalde, no autorizará ninguna; que él tiene respeto para todos, pero que no le parece bien se concedan permisos de esa naturaleza, por considerar que son más bien manifestaciones políticas que otra cosa, y que Coruña y Ferrol tampoco las autorizaron[49].


Presidencia accidental del Excmo. Ayuntamiento de esta Ciudad

Señores Don
José Novo Rodriguez
José Veiga Roel
Ricardo Bonome Seoane
Francisco Castro Bouza
Bernardo Miño Abelenda
José Iglesias Pérez
Agustín Costoya Fraga
José Rey Milia
Emilio Ferreira Muiño
Ricardo Rey Castro
Manuel Villuendas Pena
Víctor Cancela Noguerol

Habiéndose presentado ante esta Alcaldía una Comisión de vecinos de la parroquia de Santa María de esta Ciudad, solicitando permiso para sacar al igual que en años anteriores, la procesión denominada de "Octava de la Ribera", ruego a los Sres. Concejales anoten al pie de sus respectivos nombres consignados al márgen, si están conformes o disconformes con que se autorice la salida de la procesión de que se trata, consignando si o no y rubricando al pie de sus respectivos nombres.

Betanzos 22 de Junio de 1.933.

Vicente López Mancera

O 22 de xuño de 1933[50] o alcalde accidental, Vicente López Mancera (que asina, pero non se pronuncia) pide ós concelleiros que anoten ó pé das súas sinaturas se están conformes ou non «con que se autorice la salida de la procesión» da parroquia de Santa María. Empeza José Novo: «no, de ninguna manera, si sale esa procesión me doy de baja de vecino de Betanzos y me voy al Chaco». Ricardo Bonome: «no». Francisco Castro Bouza: «no». Bernardo Miño Abelenda: «salvo mi responsabilidad, no». José Iglesias Pérez: «entiendo que debe salir y si puede limitarse a las calles Ruatraviesa, Méndez Núñez y Pardiñas, mejor». José Rey Milia: «no». Emilio Ferreira Muiño: «no». Ricardo Rey Castro: non asina. Manuel Villuendas Pena: «sí». Víctor Cancela Noguerol: «conforme con la autorización que se solicita». Non sairá a procesión, polo tanto.

## A ausencia do Concello dos actos relixiosos

O feito de que o concello non tivese que asistir a actos litúrxicos creou pequenos problemas, como o de que facer co vestiario de maceiros e *alguacilillos* diante das vindeiras festas de San Roque en agosto de 1931. ¿Deixábase nas mans da señora encargada de coidalo ou depositábase no concello? Gañou a primeira proposta polos votos do alcalde Montoto, Rey Castro, Veiga Roel, López Mancera, Iglesias Pérez, Cancela e Fereira. En cambio, querían que se quedase no concello: Miño, Bonome, Costoya e Castro Bouza[51].

---

[49] AMB, Ac, 2-IX-1933, f. 89v-90.
[50] AMB, c. 1078.
[51] AMB, Ac, 3-VIII-1931, f. 131-132.

José Novo Rodríguez amosou moi claramente cal era a súa visión das festas patronais nun artigo publicado en *Betanzos*, *Publicación Oficial del "Centro Cultural Betanzos"* no seu núm. 2-XII-1931:

> San Roque y la tradición
> El notable periodista Vila San Juan, en brillante crónica publicada hace algunos años en la revista gráfica "Blanco y Negro", encontraba en Betanzos la representación genuina y típica de los pueblos dormidos.
> Bastáronle al perspicaz observador una breve estancia en la vieja ciudad, y una rápida ojeada de sus peculiares calzadas, sus calles tortuosas y finas, y sus plazoletas silenciosas, exornadas con escudos señoriales, para hacer un juicio atinado y certero de nuestro pueblo.
> Un patriotismo de "Marcha de Cádiz", que dispara sus lacras con aparatosas fiestas retóricas, con el oropel de unas banderitas de trapo, o la baraunda estridente de una charanga, nos ha llevado a un grado tal de ofuscación, por los cultivadores del tópico (opinión sensata), que siempre es reputado como derrotista a aquel que hace objeto de sus censuras ese optimismo "patriotero", de chin-chin y percalinas multicolores. Y se cree que el verdadero amor al pueblo ha de manifestarse expresamente, tácitamente, exaltando sus costumbres, sus tradiciones, y su historia sin parar mientes en aquellas transformaciones de todo orden que son inherentes a una civilización y una época. Y con una contumacia suicida, con sistemática regularidad todo el dinamismo material y cultural del pueblo, queda concretado genéricamente a evocar en unos programas de festejos la historia del gremio de mareantes, o los milagros del santo peregrino. Y, hasta mi dilecto y culto amigo A. Curiel ha pronosticado sinsabores y malaventuras, el día que Betanzos interrumpa su fiesta votiva anual.
> Siempre he pensado que los pueblos que cifran su felicidad y su progreso en milagrerías o égidas patronales son pueblos anestesiados, atrasados y enfermos. Si en el año 1404 en que la profilaxia y la higiene estaban atrasadísimas y el fanatismo religioso se adueñara de la conciencia, podía concebirse y hasta disculparse que se impetrara de San Roque su "milagrosa" intervención, hoy sería insensato y ridículo pretender neutralizar la acción de cualquier enfermedad infecciosa con la intervención de un santo.
> Tengo para mí que todas esas evocaciones seculares de pasadas grandezas y esa ininterrumpida perpetuación del "abogado de la peste", han influído notablemente en la pereza mental del pueblo, y hasta si se quiere en lo que afecta a limpieza e higiene en general; porque hay quien en su simplicidad supone, que el santo patrono con su bordón y su perro, son segura contención de cualquier invasión morbosa. Y yo, francamente en contra de respetables opiniones guardadoras de añejas costumbres milenarias, y tradiciones pretéritas (alcanfor y polilla) encuentro más oportuno, más actual, más lógico, aunque se estime como una herejía, que fuera patrón de Betanzos un fabricante de jabones y de lejías, pues San Roque ya ha cumplido su misión histórica.
> Cuando en Betanzos se supla la música gangosa y asmática del armonium por el ruido del motor y de la forja, cuando la fábrica sustituya al convento, cuando hiendan el espacio las chimeneas de sus fábricas en vez de las espadañas de sus templos y despierten a la ciudad el ruido de las sirenas de sus industrias, acallando el sonido sombrío e impertinente de las campanas, posiblemente perderá en historia y leyendas epopéyicas de un pasado muerto; pero ganará en progreso y cultura, que es acción, que es vida, que es actualidad. José Novo Rodríguez (*Betanzos*, Publicación Oficial del "Centro Cultural Betanzos", n. 2, XII-1931).

Está claro que Novo opón a relixión, personificada en San Roque, ó progreso, e que entende por este, unha paisaxe de fábricas, de chemineas fumeantes, de sereas zoando, un paraíso de obreiros, en definitiva, que aquí non había. Un mundo que permitiría a "revolución proletaria". E como facer fábricas non estaba na súa man, propoñía eliminar o elemen-

to relixioso (o antiprogreso) que semellaba máis doado. Pero nada foi doado: nin se eliminou a relixión nin Betanzos se converteu nun «paraíso industrial».

No San Roque de 1931 non asistiu o concello ás procesións relixiosas. Así, mentres o ano anterior á «Solemne procesión» do día 15, cualificada de «religiosa comitiva» asistía o «Excmo. Ayuntamiento, con pendón y mazas, acompañado de las demás Autoridades y representaciones al efecto invitadas»[52], agora, no seu lugar aparece presidindo (non só asistindo) a «Comisión Popular de Festejos e invitados», sen alusión de ningún tipo ó clero, aínda que conservando o lugar de saída tradicional: a capela de San Roque.

¿Que pasou coa secular Función do Voto do día 16 de agosto, o día grande de San Roque? Pois, de momento, non se eliminou, pero o concello como tal non asistiu, e no seu lugar fíxoo a «Comisión popular y demás invitados». A diferencia de antes, non estivo a Banda Municipal, nin os gaiteiros nin as danzas gremiais. Nin tampouco houbo «cubos y bombas de mortero» ó comezo e remate da función. Nin orquestra.

Nas festas de agosto de 1932, cando Novo era alcalde accidental e estaba a punto de se-lo propietario, no programa dos días 15 e 16 non aparece a máis mínima alusión a procesións (só se fala da «Gran Diana» ás 10 da mañá do 15) nin á Función do Voto.

O mesmo pasa no 1933, con Beade de alcalde, onde aparece con máis amplitude que ningún outro o día 18, o dos Caneiros, que, sen dúbida, se quere converter no principal, por non ter ningunha connotación relixiosa e ser moi popular. Pero neste ano documentamos unha contestación do clero e xentes das dereitas, a través dun prospecto titulado: «Solemnes Cultos que el pueblo católico de Betanzos dedica al Glorioso San Roque...» No programa destaca un «solemnísimo novenario» que comeza o 7 de agosto, para seguir o 14 e 15 coa participación na «Sagrada Cátedra» do «orador Doctor Santiago Fernández Sánchez» e, por último, o día 16, unha «Misa solemne a toda orquesta a las once...»

No 1934 sigue Beade de alcalde e repítese o esquema, aínda que no día 15 volve a aparecer a «Solemne procesión que saldrá de la capilla de San Roque, siendo presidida por la Comisión Popular de Festejos e invitados», asistindo ó acto a banda de Santiago. E o 16 reaparece a Función do Voto:

> A las once, partirá de la Plaza de la Constitución la Comisión y demás invitados, los que, precedidos de las bandas, gaitas, murgas, danzas, gigantes, etc., se dirigirán a la capilla del Santo Patrono, en la que se celebrará la tradicional Función del Voto. El panegírico del Santo Peregrino lo pronunciará el elocuente orador sagrado, Luis Gonzaga Sánchez Santa María[53].

O feito de que Cancela voltara ser alcalde (18-X-1934/22-II-1936) non variou as costumes relixiosas que impuxera a República, e así vemos como cando o 24 de xullo de 1935 se nomea a Comisión de Festas (presidente, Rábade, acompañado por Costoya, Iglesias e Vidal Crespo) se di moi claramente: «la que habrá de sujetarse en su confección á las cantidades que reuna, disponibles para tal objeto, y circunscribiéndose exclusivamente á las fiestas de carácter popular, sin función votiva...» [54].

¿E que pasou co Globo? Pois seguiuse botando, naturalmente, e, como era algo que non tiña connotacións relixiosas, déuselle máis pulo. Por primeira vez na súa historia, no 1931 vemos un «Globo gigantesco» que se lanza na noite do 18, a dos Caneiros, o día que máis gosta ós republicanos: complementaba así o «de grandes dimensiones» do día 15 e

[52]Programas de festas (AMB).
[53]*Ibidem.*
[54]AMB, Ac, 24-VII-1935, f. 62.

o de “colosales dimensiones” do 16. Verémolo tamén nos Caneiros de 1934 e 1935 como “globo colosal”, tendo un último eco nos Caneiros de 1942 como “Globo de grandes dimensiones” (Erias, 1996a: 83-84).

**Contra as monxas do «Refugio»**

Pregunta Cancela «si es verdad que se rechazó una cuenta de medicamentos al refugio del Sagrado Corazón de Jesús. El Sr. Novo dice que es verdad, que se rechazó a instancia suya, porque se trata de beneficencia privada independiente de la municipal, que es á la que el Ayuntamiento tiene que atender...» (AMB, Ac, 31-VIII-1931, f. 152)

José Iglesias quere que se subvencione con 400 pts. anuais máis as 90 que se adeudan por medicamentos ó “Refugio de niñas anormales”. Cancela está con el:

> ...que se trata de un establecimiento que vive de la caridad; que solo de esta ciudad hay 22 niñas acogidas; que en Betanzos había suscripciones que no se elevaban mensualmente mas que á 50 pts; que con motivo de la venida de la República no pudieron salir por muchas partes á pedir su acostumbrada limosna, porque las insultaban, y gracias á Dn. Juan García, que les daba un cheque por 3.000 pts. mensuales, que es lo que necesitaban y venían reuniendo ordinariamente; que ese favor iba á ser suspendido, y que, además aunque iban por la aldea, la limosna era escasa; que allí estaban las niñas mejor atendidas que pudieran estarlo en cualquiera de sus casas, y que además de la administración y cuidados sanitarios, reciben instrucción adecuada; que esas niñas acogidas si estuvieran con sus familiares, tendrían que ser atendidas con cargo á la beneficencia municipal, porque son de familias pobres; que la institución de que se trata nada tiene que envidiar en su funcionamiento á otra ninguna de su género... (AMB, Ac, 7-IX-1931, f.154rv)

Novo di que en canto ós medicamentos xa foran denegados e no que se refire á subvención é cousa distinta, pero que é preciso cerciorarse da necesidade real, «aparte de que si el Sr García continúa con su aportación, lo encuentra lógico, el Ayuntamiento no tiene porque contribuir» (AMB, Ac, 7-IX-1931, f.155).

Hai unha discusión agria entre Novo e Cancela. O alcalde Montoto di que lle parece moito o cheque que dá D. Juan García Naveira «y que el perjuicio de otorgar la subvención solicitada... resulta de que sería de igual justicia otorgarla á los demás establecimientos de la localidad que estuviesen en iguales condiciones».

Cancela di que coas 400 pts. anuais nada resolverían as monxas do «Refugio», posto que necesitan 3.000 mensuais para o seu sostemento.

Votación: sale da sala Veiga Roel. A favor da subvención de 400 pts.: Costoya Fraga, Iglesias Pérez, Cancela Noguerol, Ferreira Muiño. «Señores que la denegaron»: Novo Rodríguez, Rey Milia, Bonome Seoane, López Mancera, Castro Bouza, Miño Abelenda, Montoto Arias. 7 en total (gañaron). Quedou, pois, aprobada por maioría non conceder a subvención. Rematada a votación, entra na sala Veiga Roel. (AMB, Ac, 7-IX-1931, f. 155rv)

> El Sr Novo dice que las monjas circulan porque las ha visto el Sr. Bonome, incluso en la Coruña. El Sr Cancela propone un voto de censura para sí mismo, porque desde el momento, dice, que la Corporación no se fía en su palabra [sobre a necesidade do «Refugio»] quiere que recaiga ese voto para saber á que atenerse.

O alcalde non acepta esto (Ac, 7-IX-1931, f. 155-156). A discusión é moi airada e o alcalde remata por impoñer a súa decisión «agitando la campanilla»: «se retira el Sr. Cancela, é inmediatamente los Sres. Iglesias Pérez, Costoya Fraga y Ferreira Muíño.



*«Juventud Católica de Betanzos» (c.1933). De arriba abaixo e de esquerda a dereita: 1ª fila: Marcial González Navaza, Juan Sabín, Justo Núñez Fernández, Marcelino Cancela Datorre, Francisco Roca Cordero, Jaime Manuel Moretón Vico, Alfredo Vía Dopico, Jesús Brage Núñez e Lino Benito Rey.*
*2ª fila: Vicente Rodríguez Ascariz, Luís Sánchez Carro, «Brandariz», Flora Vía Dopico, José Vasco Seijo, Lourdes Maceiras Castro, Ramón García López, Antonio Couceiro Freire, José Galán Simón, José Méndez, Luís Fernández Rey e Francisco Asensi Ramallo.*
*3ª fila: José Ares Teijeiro, Alfredo Rodríguez Zuloaga, Emilia Bonilla Seijo, Concha Cancela Datorre, Maruja Sobrino Otero, Rosa Lourenzo González, Victoria Mauri Sobrino e José Aparicio Vázquez.*
*4ª fila: Pedro Galán Simón, Juan José García López, Antonio García López, Gabriel Cartemil, Adolfo Otero Rivera e José Mª Alonso López.*
*5ª fila: Manuel Barral Rivas, Juan Blanco Vidal, José Roel Espiñeira, Luis Mauri Sobrino, Tomás Dapena Espinosa, Jesús Fernández Couce, Agustín Núñez Corral, Álvaro Vázquez (sobriño de Pura Espada) e Agustín Martínez Amado. Fotografía e datos de D. Marcelino Álvarez López, que donou ó AMB.*

## Contra o descanso dominical

Veiga Roel le a acta de Miranda de Ebro do 1-IX-31:

> Que se ratifique el reconocimiento de aquel derecho [celebración de mercados os domingos] en los pueblos que vienen disfrutándolos; que en compensación se conceda á la dependencia mercantil 24 horas ininterrumpidas en un día de la semana, de acuerdo entre patronos y dependientes y comunicándolo á las delegaciones locales del Consejo de Trabajo (AMB, Ac, 7-IX-1931, f. 156-157).

A Corporación, vista a intervención de Veiga Roel e Agustín Corral Castro como delegados nesa xuntanza acordou por unanimidade [Cancela, Iglesias; Costoya, Ferreira xa saíran pola discusión do Refugio] ver con satisfacción as conclusións aprobadas.

> Acordó... unánimemente la Excma. Corporación adherirse á la pretensión de la Unión Comercial de Portugalete, atendiendo la propuesta hecha por la Delegación local del Consejo del Trabajo, en cuanto á sostener y defender la excepción del descanso dominical de que goza este municipio, en virtud de resolución especial del Ministerio de Trabajo y Previsión, y participar lo conveniente á aquella Sociedad Comercial (AMB, Ac, 30-VI-1931, f. 104-5).

Miño Abelenda protestou de que se houbera convocado a xuntanza para moi cedo, non podendo asistir os traballadores do campo, e saiu da sala.

## Contra o Arcebispo en relación co Hospital de San Antonio

> Diose cuenta de una comunicación del Excmo. y Emmo Sr. Arzobispo de Santiago, que dice: «Acuso á V. recibo de su atto. oficio de 11 del corriente, relativo á los títulos de los bienes del Hospital de S. Antonio de Padua, de esa ciudad, y tengo el honor de manifestarle que estando depositados los títulos de referencia á nombre del Excmo. Sr. Arzobispo, actualmente no puede hacerse ninguna negociación con ellos por haberlo prohibido las recientes disposiciones del Ministro de Hacienda; pero, además, puede estar segura esa Corporación de que el Sr. Arzobispo sabe muy bien velar por los intereses de las Fundaciones que á él se le confieren en custodia, y no habrá que temer su disminución o su desaparición, sinó es por leyes superiores, que ahora no podemos prever. Dios guarde á V. muchos años. Santiago 30 de Septiembre de 1931. Don Fernando Peña...» Y la Excma. Corporación acordó por unanimidad solicitar del Excmo. Sr. Ministro de Hacienda la autorización necesaria para que el indicado Arzobispado, haga entrega de los títulos ó valores públicos, á que se refiere el citado oficio (Ac, 5-X-1931, f. 169-170).

## Contra a existencia de cemiterio católico e civil e outras zonas especiais

Nas sesión do concello do 16-XII-1931, Emilio Ferreira en rogos e preguntas di «que debe tirarse la muralla que divide el Cementerio civil del católico».

Máis tarde, nos primeiros días de xaneiro de 1932, pouco despois de promulgada a Constitución (v. art. 27), á superiora do Sanatorio de San Miguel non se lle ocorreu outra cousa que pedirlle ó concello, a través de Villuendas, que se lle concedese á institución un terreo no cemiterio para enterrar nel ás monxas acollidas no dito sanatorio. Villuendas, obrigado por algo que descoñecemos, presentou esa petición, de xeito aséptico e sen entusiasmo ningún (porque, de feito, votará en contra), para que se discutira. Cancela, naturalmente, está a favor. Bonome oponse por consideralo «... un privilegio que no debe de haber para nadie, y que además... se priva al Ayuntamiento de ciertos ingresos», engadindo que co goberno da República deben ser todos iguais; e, por se fora pouco, remata: «no puede apoyarse esa pretensión, porque está prohibido en la Ley, que dice que no se puede apoyar ninguna cosa en favor de Comunidades Religiosas, porque el Ayuntamiento debe ser laico»[55]. Ferreira, non sabemos por que, votaría a favor se fose o Refugio, pero, sendo o Sanatorio, vota tamén en contra, Miño está con Bonome e, ademais de votar en contra, di:

[55] AMB, Ac, 7-I-1932, p. 52.

> El Sr Miño dice que lo merece tanto una madre de familia como esas Señoras del Sanatorio; que hay un decreto que hasta á los Notarios les prohibe dar fe de los documentos de las Comunidades Religiosas; que él no trata de molestar á esas Señoras, pero que en el régimen actual no puede acceder á lo que quieren, que aunque otros Ayuntamientos hiciesen esos privilegios, eso no puede sentar principio[56].

Cancela contraataca:

> ... que la pretensión del terreno es para estar aparte, con cierta limitación, y que no podrían pagarlo porque no tienen dinero. Que no está acordada la secularización de Cementerios á que se refiere el Sr. Bonome, y que esto significa una persecución á la religión. Agrega que tiene una hermana religiosa enterrada en un terreno acotado en un cementerio de Barcelona en las mismas condiciones...[57]

Pero, nestes momentos, Cancela ten pouco que facer, e só vota con el a única persoa que lle será fiel ata o final: José Iglesias Pérez.

Na «sesión supletoria de ordinaria» do concello do 19-IV-1933, presidida por Novo e acompañado, unicamente, por López Mancera e Castro Bouza, produciuse o seguinte acordo:

> A instancia del Sr. Presidente, la Exma. Corporación municipal, en vista de lo dispuesto en el Reglamento del Ministerio de Justicia, de fecha 8 del actual, acordó por unanimidad, proceder á la incautación de los Cementerios parroquiales del término municipal, comenzando por el de la parroquia de San Martín de Brabío, filial de la de Santiago de esta ciudad, á cuyo efecto que se oficie al párroco lo que fuere procedente, señalándose para la celebración del acto el próximo día veintiseis del actual, á las seis de la tarde.

E na «sesión extraordinaria» do 2-VI-1933, presidida por Beade e con 12 concelleiros presentes, deuse conta das incautacións dos cemiterios de Requián e Piadela e aunciáronse as de Tiobre e Pontellas.

**Contra as cruces e os cruceiros**

Algúns cruceiros, como o de Santa María, derrubáronse (de noite) naqueles «turbulentos» días que seguiron á proclamación da Segunda República, tal como o manifesta o propio cura párroco, que achaca o feito a unha «turba de fanáticos».

A primeira vez que se fala de tirar cruces de pedra polo propio concello, datámola o 7-III-1932 (AMB, Ac) cando Ricardo Bonome propón que se derrube o muro que separa o cemiterio católico do civil (Villuendas está de acordo), engadindo: «que también se quiten las cruces de ambas entradas y la mesa que existe en el Cementerio, por exigirlo así las disposiciones legales». O alcalde Montoto (6-VI-1931/27-VII-1932) resposta que o que a lei diga se fará. Cancela, naturalmente, oponse a que se saquen os «Cristos» e de momento a cuestión queda así[58].

Pero aínda había cruceiros en pé, ó parecer, porque a noite do 13 ó 14 de maio de 1932 derrubáronse, e nalgúns casos destruíronse definitivamente, sete cruceiros da cidade e entorno. O concello, co alcalde Montoto á cabeza, limitouse a dar ó xuíz os nomes dos gardas municipais que estaban de servicio esa noite e acordar "por unanimidad, no mos-

---

[56] AMB, Ac, 7-I-1932, p. 52-53.
[57] AMB, Ac, 7-I-1932, p. 52-53.
[58] AMB, Ac, 7-III-1932, p. 104-105.



*Entrada en Betanzos pola Ponte Nova nunha imaxe que semella dos anos 20. O cruceiro que alí estaba sería un dos destruídos na Segunda República*

trarse parte en el sumario" (1-VI-1932)[59] , aínda que, curiosamente, tampouco renuncia ós perxuízos correspondentes.

Algúns cruceiros foron recollidos por veciños e postos a disposición do xuíz. Os anacos do de Santa María estaban na casa de Dª Pilar López. O xuíz puxo os restos dos cruceiros a disposición do concello en oficio de 27-VI-1932[60] , pero este, de momento, só parece que se fixo cargo das súas pedras, quizais pensando en telas en depósito por ser un asunto que estaba na xustiza. Despréndese esto da conta que se lle paga a Josefina Casanova Santos, «... importante 22 pts. por acarreo de piedras procedentes de los cruceros existentes, á varios puntos de la localidad»[61] .

**Contra a conducción de cadáveres con «Clero revestido» e «Cruz alzada»**

A conducción de cadáveres pola rúa con «Clero revestido» e «Cruz alzada» estaba prohibida, a menos que o alcalde o concedese. Pero adoitaba considerarse unha provocación á autoridade e, en consecuencia, unha manifestación política, cousa que era tamén verdade, aínda que só fose polo anticlericalismo oficial. Pero se esto ocorría en xeral, era tanto máis grave cando se trataba de familiares achegados a persoas con relevancia política nas dereitas da cidade.

Foi o o que ocorreu cando finou Dª Joaquina Ramos Quiroga nos primeiros días de xullo de 1932 (o 6 ou o 7). Esta muller, «propietaria», de arredor de 84 anos, viúva, pertencía a unha das familias máis poderosas da cidade, da que saíran médicos, avogados, notarios,

[59]"Expediente instruido en virtud de un oficio dirigido a esta Alcaldía por el Sr. Juez de Instrucción de este Partido, con motivo del derribo de siete cruceros". AMB, c. 1074.

[60]Expediente..., *Op. cit.*

[61] AMB, Ac, 28-XII-1932, p. 359.

alcaldes... Vivía agora coas súas fillas Mª de los Dolores García Ramos (solteira) e Mª de la Concepción García Ramos[62] .

Pois ben, esta Mª de la Concepción García Ramos acababa de ser designada, o 17-VI-1932, nada menos que presidenta da «Asociación Femenina de Unión Regional de Derechas» de Betanzos (GRANDÍO, 1993: 181). Agora, os fillos dela pretendían dar sepultura a súa avoa ó xeito tradicional, pero, evidentemente, sería imposible.

Fixeron unha instancia ó Gobernador Civil, solicitando a conducción do cadáver ó cemiterio, «con Clero revestido y con Cruz alzada» desde a casa. Pero o Gobernador, informado probablemente polo alcalde accidental, José Novo, envía ó concello o seguinte telegrama, que Novo reenvía, en forma de providencia a Enrique Álvarez García.:

> En vista sus manifestaciones é informe sobre temor alteraciones orden no es posible autorizar entierro de cadáver de Dª Joaquina Ramos Quiroga con ritos y ostentación vía pública y sírvase comunicarlo a familiares[63] .

O malestar nas familias da burguesía local debeu ser tan grande como o odio a Novo. Pénsese que na «Asociación Femenina de Unión Regional de Derechas» de Betanzos, á beira da presidenta, xa citada, estaban nomes e apelidos tan sonoros como estes: María Lago de Becaría (tesoureira), María Teresa L. de Zuloaga (vicetesoureira), Dolores Varela de Romay, María Sobrino Otero, Mercedes Becaría de Romay, Victoria Sobrino de Mauri, Andrea Datorre de Cancela e Concepción Domenech de Vázquez Leis (Grandío, 1993).

Así pois, os netos de Dª Joaquina Ramos Quiroga insisten na presión ó concello e fan que se mande ó alcalde unha petición similar, pero esta vez a nome dun labrador da Rúa de Sánchez de Taibo, Bernardo Vicos, que non asina por ser analfabeto. ¿Atreveríase o concello a denegar esta petición a un membro humilde da clase obreira? Pois ben, resulta evidente que a intención de quen fixo o escrito foi precisamente esa: a de que non houbera máis remedio que denegala, porque contiña críticas ó concello que, sabía, non ía asimilar. Desa maneira, medraría o descontento e estenderíase a máis capas sociais. Vale a pena ver o escrito:

> Excmo. Sr. Alcalde Presidente del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos
> Excmo. Sr: Bernardo Vicos Fernández, de 56 años de edad, casado, labrador, vecino de esta Ciudad, a V. S. con el mayor respeto expone:
> Que en la casa nº 4 de la Calle de Sánchez de Taibo donde tiene su domicilio, ha fallecido en el día de ayer su hija Josefa Vicos Becerra, que durante su vida y en el momento de su muerte ha dado muestras inequívocas de su acendrado catolicismo, habiendo dispuesto en vida, con arreglo a las exigencias de la legislación vigente, que su enterramiento se verificase con arreglo a los ritos de la Religión Católica Apostólica y Romana.
> Por Circular del Gobierno Civil de esta provincia se ha concedido a los Alcaldes la facultad de autorizar o denegar, habida cuenta de las circunstancias que en cada caso concurran, los enterramientos con Cruz alzada y Clero revestido. Dado que en este caso no existe ninguna circunstancia en que pueda fundamentarse la negativa, como no sea la manoseada disculpa del temor a alteraciones de orden público y la no menos manida y absurda de aprovechar el enterramiento para hacer una manifestación política, porque aparte de que en estos tópicos ya nadie cree, no cabe ni siquiera suponer, sin inferir grave ofensa al solicitante, que vaya a prestar el cadáver de uno de sus seres más queridos como medio para manejos políticos.

[62]Esta, tamén quedara viúva recentemente e tiña por fillos a: Enrique, Luís e Manuel.
[63]AMB, c. 1074.

> Por todo lo expuesto
> SUPLICO a V. S. se digne otorgar el permiso para que el enterramiento se verifique con arreglo a la voluntad de la finada.
> Así mismo suplico a V. S. se sirva resolver esta instancia a la mayor brevedad posible ya que a las diecinueve horas debe verificarse el sepelio.
> Es gracia que no dudo alcanzar de su reconocida justificación [?]
> Dios [esto é para fastidiar definitivamente] guarde a V. S. muchos años.
> Betanzos, 1 de Agosto de 1932. ["Por orden" asina Manuel Rodríguez][64].

A providencia do alcalde accidental, José Novo, tamén merece transcrición. Curiosamente asina, "por orden", o que a recibe, Manuel Álvarez García:

> Betanzos primero de Agosto de mil novecientos treinta y dos. Constando a esta Alcaldía que los Sres. Álvarez García y González García, interesados en la pretensión de que se entierre con arreglo al rito católico, la joven a que se refiere la precedente instancia, no tienen relación de parentesco ni otra alguna, con la familia de la misma, y por su significación personal y política, hacen suponer, con todo fundamento, que se trata de dar carácter sectario y político, al acto del sepelio de la Josefa Vicos; vengo en acordar denegar la autorización solicitada.
> Lo acordó y firma S. S. de que yo Secretario certifico [asina o Secretario e Novo][65].

¿Por que falaba Novo de «significación personal y política»? Pois porque acababa de constituirse (presentación de regulamento para aprobación no Goberno Civil o 28-VII-1932) a *Unión Regional de Derechas de Betanzos* con persoas á fronte como: Juan Jesús García Iribarne, Ángel Vidal Bao, Joaquín Peña, Santiago Moretón, Agustín Concheiro Golpe e José Paz y Vila, que moitas delas verémolas no concello a partir da Revolución de Outubro de 1934. E, loxicamente, neste círculo movíanse os irmáns Álvarez García, porque, de feito, Manuel será secretario da URD de Betanzos a partir do 25-V-1933 (Grandío, 1993).

O efecto buscado debeuse producir porque o seguinte paso foi outro escrito ó alcalde accidental, Novo, fortemente crítico con el e asinado por 9 persoeiros da cidade, ligados ou próximos á *Unión Regional de Derechas de Betanzos*: Juan M. García Naveira (indiano benfeitor), Ángel Vidal Bao («propietario»), Santiago Moretón Simón ("comerciante"), Gabriel Cartemil («empleado»), Agustín..., Manuel Ramírez de Arellano (notario), Andrés Sarrot («militar retirado»), Ángel González («militar retirado») e Joaquín Peña. Vexamos ese escrito:

> Sr. Alcalde Presidente del excmo. Ayuntamiento de Betanzos.
> Los firmantes, vecinos de esta Ciudad, mayores de edad y provistos de cédulas personales correspondientes al ejercicio actual, a V. S. respetuosamente exponen:
> La última parte del párrafo tercero del artículo 27 de la vigente Constitución del Estado, fecha 9 de Diciembre de 1931, dice: "Las manifestaciones públicas del culto habrán de ser, en cada caso, autorizadas por el Gobierno". Conforme a este precepto, si los entierros fuesen manifestaciones públicas del culto, sólo podrían celebrarse mediante el permiso solicitado, en cada caso, de la autoridad superior. En la práctica, no se consideran como tales y por ello se realizan sin intervención ni cortapisas salvo los de carácter católico a los cuales se prohibe por V. S. ostentar la cruz, signo esencial de nuestra confesión, y los ornamentos sagrados a los sacerdotes.
> Esta prohibición, cuyo fundamento legal desconocemos, nos impele a dirigirnos a V. S. para desvanecer la atmósfera que se ha formado en torno a tal anomalía y que pudiera confundirse

[64] *Ibidem.*
[65] *Ibidem.*

con afán persecutorio de índole sectaria. Nosotros pretendemos robustecer con nuestra asistencia las decisiones de la Autoridad, cuando se inspiran en la justicia y en el bien común; pero entendemos asi mismo, es deber ciudadano combatir legalmente cuanto signifique capricho o subordinación a compromisos de carácter subalterno.

Los entierros católicos no son actos del culto porque según el Diccionario de la Lengua: culto es homenaje a Dios en forma de sacrificios, cánticos u otras manifestaciones dirigidas a su Omnipotencia. Los entierros son testimonios colectivos de afecto al muerto y fervorosas súplicas rituales al Supremo Hacedor impetrando su Misericordia para con el alma del fallecido.

Si no son manifestaciones públicas, ni actos del culto, ¿en qué se funda la intervención y las limitaciones que V. S. impone a los entierros católicos que se celebran en la localidad?

Esperamos de su probado buen sentido y del natural deseo de no mortificar innecesariamente a sus convecinos, rectifique en forma notoria su criterio, notificándonos la resolución que recaiga con la brevedad que la índole del asunto requiere, a fin de utilizar los recursos legales en caso de que nuestra demanda sea desatendida.

Dios le otorgue larga vida

Betanzos, 6 de Agosto 1932[66].

Non coñecemos a resposta, pero si que uns días despois, o 10-VIII-1932 Villuendas asina, como alcalde accidental, unha providencia suspendendo a sesión supletoria ordinaria que debía ter lugar ás 9 da tarde debido ós "distintos rumores que con más ó menos fundamento circulan por la Ciudad, respectivos a alteraciones de orden"[67].

O 14-XI-1932 Beade, para alixeirar os impostos ós campesiños propón, entre outros, «que otro medio recaudatorio es el gravar los entierros que lleven curas con cruz alzada, de conformidad con el apartado [...] del artículo [...] del Estatuto municipal, y que pueden clasificarse, á los efectos del cobro, en tres categorías, de 1ª, que pagará 300 pesetas, de 2ª, que pagará 200, y de 3ª, que pagará 100». «El Sr. Cancela dice que en nombre del pueblo católico rechaza el arbitrio que se establece sobre los entierros [...]» Pero a pesar diso aprobouse (xunto cos arbitrios de trigos, fariñas, viños e barcos), cos votos a favor de: Novo, Beade, Rey Milia, Rey Castro, López Mancera, Miño e Castro Bouza. En contra: Veiga Roel, Ferreira; Cancela e Villuendas.

En abril de 1934, o cura párroco da igrexa de Santiago pediu ó Gobernador Civil permiso para face-los enterros coa procesión tradicional polas rúas. O Gobernador pregunta ó alcalde, Beade, se procede ou non deixar facer esto, e Beade, sentíndose premido, redacta un longo oficio, que máis ben se diría manifesto, no que traduce con exactitude a arquitectura mental que o sector republicano de esquerdas debía ter. Pero traduce tamén a batalla política de fondo que distinguía ós contendentes en católicos e ateos:

Excmo. Sr.:

Al tener el honor de remitir a V.E. la instancia que el Sr. Cura regente de la parroquia de Santiago de esta Ciudad me entrega para su curso reglamentario, me considero en el deber de manifestarle que con fecha 9 del pasado se cursó a V. E. otra suscrita por el mismo Sacerdote, concebida en términos análogos; y habiéndose ordenado por telegrama de fecha 12 del mismo mes que telegráficamente informase sobre el particular, lo hice al día siguiente, en el sentido de que desde la fecha de vigencia de la Ley de Secularización de Cementerios, creyendo interpretarla en su letra y en su espíritu, esta Alcaldía no autorizó la celebración pública de ceremonias religiosas en los enterramientos, por entender que pugnaba con lo dispuesto en el art. 1 de dicha Ley y con el apartado 3 del art. 27 de la Constitución, que al determinar que todas las confesiones podrán

[66] *Ibidem*.
[67] *Ibidem*.

ejercer sus cultos privadamente, añade que "Las manifestaciones públicas del culto han de ser, en cada caso, autorizadas por el Gobierno".

Y no existiendo a esta Alcaldía duda alguna en cuanto a que la celebración pública de un enterramiento religioso constituye una manifestación pública del culto, que en todo caso corresponde autorizar al Gobierno; cabe dudar, sin embargo, en la interpretación de la Orden del Ministerio de la Gobernación de 23 de Febrero pasado (Gaceta núm. 55 pág. 1457) que al dejar entrever en su preámbulo la posibilidad de que podrá autorizarse la celebración pública de dicha ceremonia, salvo que la autoridad competente estime que su celebración pueda aparejar o provocar desórdenes, a renglón seguido, el art. 1 de esta disposición, nos dice que cuando se pretenda ejercer el derecho establecido en la Ley de Secularización de Cementerios, celebrando un enterramiento religioso, las autoridades facultarán el ejercicio de este derecho en la medida que lo autorizan las leyes y como en el art. 1 de la repetida Ley y en el 44 del Reglamento para su aplicación, se determina que los ritos del culto solo podrán practicarse en cada sepultura, nos encontramos en el caso a que se refiere el art. 3 de la mencionada disposición Ministerial, al determinar que cuando exista duda, procede consultar a los Gobernadores civiles. Y aunque el informante entiende que el ejercicio de los derechos que autoriza la Ley, en cuanto al de practicar los ritos en cada sepultura, como claramente determina, está de lleno garantizado y se observa en esta localidad desde la promulgación de la misma y por otra parte razones de orden sanitario y espectacular aconsejan que la conducción de cadáveres ha de hacerse con la máxima rapidez, como ya se viene efectuando en todas las ciudades importantes, sin paradas en la vía pública ni rezos, etc. etc., había de entenderse, salvo mejor parecer de V. E., que estas autorizaciones se concederían en cada caso, cuando la voluntad del fallecido así quedase expresada o concurriesen las demás circunstancias establecidas en la Ley, para que la autoridad local, atendiendo a las circunstancias de orden de la población, concediese o denegase el permiso.

Otra novedad plantea el Sr. Sacerdote de la solicitud, al pedir autorización para suministrar el Viático a los enfermos, en manifestación por la vía pública, revestido de sobrepelliz. Con todos los respetos que me merece el solicitante, juzgo su idea descabellada; por que aparte de consideraciones y máximas de orden evangélico, que yo no soy llamado a interpretar, pero que según sus exégetas más eminentes todo acto piadoso se agranda y sublima ante la Divinidad cuanto más intimamente y con menos ostentación y pomposidad se practique, existen otras consideraciones que no se ocultan a V. E. que me imponen la obligación de aconsejarle la no autorización de estas manifestaciones por la vía pública, por la serie de incidentes que suelen provocar al rozar los sentimientos de personas no creyentes que al no querer descubrirse al paso del Viático suscitan siempre cuestiones desagradables entre los ciudadanos de una y otra tendencia, que a todo trance hay que evitar impidiendo las causas que las motiven.

Ya antes del advenimiento de la República se limitó el ejercicio de este menester por la Autoridad local, precisamente para evitar sucesos desagradables, y me parece una imprudencia, ya que muy lejos de atribuir a dicho Sacerdote un propósito provocativo, que en esta época de agudización de las pasiones políticas, se trate de buscar un motivo más para exacerbarlas.

Estas son las consideraciones que a la petición de referencia me considero en el deber de exponerle. No obstante V. E. resolverá en la forma que considere más procedente.

Viva V. E. muchos años.

Betanzos, 11 de Mayo de 1934

El Alcalde, Ramón Beade Méndez[68] .

A pesar destas manifestacións, o propio Beade fixo algunhas excepcións, polo menos en setembro de 1934, cando permitiu que se enterrase «con clero revestido y con cruz alzada» a persoas de Caraña (a nai de José Mª Torres Vico), da rúa da Ribeira (o esposo de María Pernas Paz), de Requián (esposa de Manuel Ríos)...

---

[68] AMB, c. 1075.

**Contra o "toque de campanas"**

Coa recentemente constituída *Unión Regional de Derechas* de Betanzos encirrando, e co malestar en moita xente pola prohibición de enterros á maneira tradicional, vemos o 28-X-1932 como o flamante alcalde propietario, José Novo, parece verse na obriga de frear outra vía de ataque psicolóxico das dereitas, a través das campás das igrexas[69]. Non esquezamos que nesta guerra os cregos eran tamén belixerantes.

> En beneficio de la tranquilidad y sosiego públicos, he acordado que en todas las iglesias, conventos y capillas, que pertenecen a mi jurisdicción, sólo se efectúe el toque de sus campanas desde las 8 de la mañana hasta las 7 de la tarde, quedando prohibido ejecutarlo fuera de las horas designadas[70].

**Contra a «Ofrenda ó Santísimo» en Lugo**

No 1933 tocáballe a Betanzos facer esa ofrenda inmemorial, pero o concello, como era de esperar, non tivo a máis mínima intención de ir. A ofrenda fíxoa Agustín Corral Castro[71], un home que se significou na dictadura de Primo de Rivera, que participou cos «independientes» nas eleccións do 12 de abril de 1931, presidente do Liceo Recreativo nese ano, e, desde logo, un persoeiro agora da dereita local. Era avogado e vivía na Rúa das Monxas, 27, con súa irmá Erundina (moi ligada a asociacións relixiosas) de 43 anos, solteira, e con seu irmán Manuel, médico, de 39 anos, solteiro tamén. Con eles vivían dúas serventas da aldea, de 42 anos, solteiras.

## VII.- A RELIXIÓN COMO CAMPO DE BATALLA (X-1934//II-1936)

É o tempo en España do tetrapartidismo ata decembro de 1935 e de gobernos técnicos, despois, ata febreiro de 1936. En Betanzos asistimos á alcaldía de Cancela (18-X-1934 // 22-II-1936)

A Revolución de Outubro deu como resultado en Betanzos a alteración da legalidade, posto que o «General encargado del despacho de la Octava División Militar» designou como Delegado Gobernativo «para las funciones inherentes al cargo de Alcalde» a Villuendas, tomando posesión o 11-X-1934. O día 15 Villuendas comunica a detención de quen era alcalde, Beade, así como de Miño e Novo, mentres que Bonome fuxira. O 16, o mesmo Villuendas asina o seguinte oficio (AMB, c. 1078):

[69] Un telegrama da Coruña de "Rentas Públicas", do 20-II-1933, pide ó concello "urgentemente" relación do número de "conventos iglesias seminarios y edificios destinados vivienda o recreo obispos y párrocos que existan en ese municipio. Así sabemos que hai 2 conventos, 15 igrexas e 3 vivendas de párrocos: "Santiago (casa rectoral), S^to^ Domingo, S. Roque, Santa María, S. Francisco, Monjas, N^tra^ S^ra^, Tiobre (casa rectoral), Brabío, Pontellas, Angustia, Requián (casa rectoral), Piadela, Magdalena e Sampayo". *Ibidem.*

[70] *Ibidem.* Foi comunicado esto: ó cura párroco de Santiago, Manuel Rivera; ó vicario do convento de Madres Agustinas, Santiago Pinedo; ó cura párroco de Pontellas, Pablo ...; ó de Santiago de Requián, Pedro Galdo Calvo; á superiora do *Refugio* do Sagrado Corazón, Sor Dinisia Roz; á *Madre Supeirora* do Sanatorio de San Miguel, que non asina, faino o capelán, José Benito García Jorge; ó cura párroco de Brabío, Manuel Rivera; ó de Santa Mª do Azougue, Manuel Rivera; ó de San Pedro das Viñas, Manuel Rivera: ó *Padre Guardián* da Comunidade de PP. Franciscanos, P. Francisco Blanco; *Madre Superiora* do Hospital de San Antonio, Sor Manuela Marquínez; *Madre Superiora* do Asilo García Naveira, Sor Rosario de S. Clara; *Madre Superiora* do Asilo Manuel Naveira, *Hermana* Mª Socorro Vizca..., e ó cura párroco de Tiobre, M. Pérez.

[71] Abel Vilela, Adolfo de Abel, "Ofrenda del Reino de Galicia", *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 23, p. 21.

DON MANUEL VILLUENDAS PEÑA, Concejal del Excmo. Ayuntamiento de esta Ciudad y Delegado del Excmo. Sr. General Divisionario de esta región en la función de orden público.

HAGO SABER: Que el mencionado Excmo. Sr. General encargado del despacho de la Octava División Militar de la región, se ha dignado designarme Delegado, para las funciones gubernativas inherentes al cargo de Alcalde, del que me posesioné a las once y media horas del día de hoy.

Al hacerlo público creo contar, con una general asistencia, por parte de todos, para el mejor cumplimiento del difícil cometido que se me encomienda; en estos críticos instantes, en que la paz y la tranquilidad pública, han sido alteradas, y en que la obediencia y el respeto al Gobierno legítimamente constituído, han sido sustituídos por actos de grave violencia, siempre condenables.

En la función delegada, me propongo mantener el principio de Autoridad, de acuerdo con las órdenes superiores.

Por último he de recomendar a todos los ciudadanos, la máxima cordura, en la inteligencia de que las represiones, necesarias, han de acomodarse a las circunstancias de estos instantes, en los cuales debido al estado de guerra, envuelven excepcional dureza; así como que en todo caso presten con la mayor eficacia el auxilio ciudadano a las Autoridades y a la fuerza pública.

Lo que hago público para general conocimiento.

Betanzos, 11 de octubre de 1.934.

ALCALDIA CONSTITUCIONAL BETANZOS

M. Villuendas

En la mañana de hoy fué detenido el Alcalde de esta Ciudad Don Ramón Beade Méndez por orden del Señor Juez Permanente de Ferrol quién en este momento sale conducido para aquella Ciudad a disposición de la autoridad reclamante.

En su virtud y para los efectos que estime conveniente referente a la parte administrativa de éste Ayuntamiento, tengo el honor de comunicárselo.

Viva V. muchos años

Betanzos 15 de Octubre de 1934

El Teniente

Bernardino Rodríguez García

Delegado gubernativo a Gobernador civil Coruña Ampliando informes suministrados debo significar V. E. que de averiguaciones practicadas resulta que los Concejales de este Ayuntamiento Sres. D. Ricardo Rey Castro, José Rey Milia y Francisco Castro Bouza, además de pertenecer al partido Socialista simpatizan con elementos directivos del mismo, por cuya razón entiendo que no deben continuar desempeñando el mencionado cargo.

Ese mesmo día (16-X-1934) o Gobernador Civil suspende a Beade como alcalde e ós concelleiros, Novo, Miño, Rey Castro, Bonome, Mancera, Rey Milia e Castro Bouza. Ó mesmo tempo nomea concelleiros interinos a: Manuel Lousa Díaz, Constantino Rábade Carrodeguas, Benito Piñón Rodríguez, José Méndez Díaz, José Vidal Crespo, Santiago Moretón Simón, José Paz Vila, Ignacio Aparicio Falcón, José Pérez Castro e Ángel Vidal Bao.

O 17, sorpresivamente Villuendas comunica ó Gobernador que Rey Milia, Rey Castro e Castro Bouza «son elementos incondicionales política que dirijo» e que Mancera renunciou por «falta salud». Quizais era un intento de protexelos, pero, de todos modos, ningún permanecerá no cargo. De pronto atopámonos cunha corporación na que só queda da anterior: Villuendas, José Iglesias Pérez, Emilio Ferreira Muíño, Cancela, Veiga, e Costoya. (AMB, Ac, 1-X-1934, f. 102v).

Cancela sería elixido como alcalde por 14 votos de 15 (un en branco), cargo que ostentará ata febreiro de 1936 (falece o 27 ou 29 de abril), quedando como Alcaldes accidentais: Santiago Moretón Simón (desde o 11-XI-1935 ó 30-I-1936) e Emilio Ferreira Muíño (22-II-1936). Aceptou o cargo con orgullo e dixo que «se consideraba en el deber de dar gracias al Concejo por haberle elevado al puesto de Alcalde...» (Ac, 18-X-1934, f. 104rv).

Socialmente triunfan os pequenos comerciantes (nos que podemos incluir os chamados industriais) e voltan os propietarios. Permanecen na nova Corporación: Villuendas, impresor; José Iglesias Pérez, comerciante; Emilio Ferreira Muíño, mecánico; Cancela Noguerol, médico; Veiga Roel, comerciante, e Costoya, carpinteiro. Os novos son: Manuel Lousa Díaz, comerciante[72]; Constantino Rábade, industrial (asimilable a un pequeno comerciante)[73]; Benito Piñón Rodríguez, comerciante[74]; José Méndez Vía, propietario[75]; José Vidal Crespo, labrador[76]; Santiago Moretón Simón, comerciante[77]; José Paz Vila, "empleado"[78]; Ignacio Aparicio Falcón, comerciante[79]; José Pérez Castro, industrial[80]; Ángel Vidal Bao, propietario[81].

Resumindo, xa non hai concelleiros de fóra da cidade. E, en canto á extracción socio-profesional, de 3 pequenos comerciantes pasamos a 6 e de 1 industrial impresor, que se mantén, aparecen agora dous industriais máis, asimilables socialmente ós pequenos comerciantes. Fenómeno suliñable é tamén a reaparición de 2 propietarios (antes só Víctor Montoto, falecido).

Desaparecen os 5 labradores de antes e temos agora un novo. Segue a haber 1 empregado (aínda que outra persoa). Desapareceu o xastre. E de 2 carpinteiros queda 1. Permanece o médico e o mecánico nas mesmas persoas.

Parecería que a vida ía ser grata para Cancela, que por fin podería levar a cabo os proxectos nos que traballaba (auga, *alcantarillado*, Instituto, etc.), pero non: sería ataca

---

[72]Ten agora 41 anos, vive na Rúa da Pescadería, 11, e está casado con María Seijo Rodríguez. Os seus fillos son: Manuel, Vicente, Margarita e Aquilino: Teñen unha serventa.
[73]Ten 48 anos e procede de Begonte, Lugo. Vive na Praza dos Irmáns García Naveira, 12 e está casado con Consuelo Souza. Fillos: Constante, Marcial, José Luis, Ramón e Antonio. Viven con eles o pai e un sobriño.
[74]Ten 58 anos e é natural da Coruña. Vive na Rúa de Roldán, 1. Está casado con Juana García. Fillos: Josefina, Antonia e Félix.
[75]Ten 45 anos e vive na Rúa Travesa, 32, 1º. Está casado con Julia Méndez Otero.
[76]Ten 63 anos e vive na Rúa da Ribeira, 109. Está casado con Andrea Sánchez. Fillos: Mª de la Gloria, Francisco.
[77]Natural de Piedra (Valladolid), vive na R/ Sánchez Bregua, 4. Está casado con Josefa Vico López e ten un fillo, Jaime Manuel, bachiller, de 19 anos.
[78]Ten 56 anos e vive na Rúa do Mandeo, 6. Está solteiro e con él vive unha serventa e tres persoas máis.
[79]Natural de Aranga, ten 60 anos e vive na R/Sánchez Bregua, 8, 1º. Está casado con Enriqueta Vázquez Vieites. Fillos: José e Antonio.
[80]Natural de Pastoriza, ten 47 anos e vive na R/Saavedra Meneses, 20. Está casado con Remedios Troitiño Cagiao. Fillos: Francisco, Ofelia, R..., Salomé, Remigio, Carmen, Amador, Remedios e Antonio.
[81]Ten 48 anos e vive na Rúa Pardiñas, 7, 2º. Está casado con Mercedes López Díaz e teñen unha serventa.

do polos concelleiros da CEDA e tamén por un extraño grupo denominado «delegados de propietarios», que curiosamente participa moi activamente nas sesións do concello. Eran estes o 10-XII-1934: Emilio Romay Montoto, Agustín Concheiro Golpe, Jaime Costas Peláez, José Babío Teijeiro e Juan Teijeiro Bouza.

**Reedificación dun cruceiro**

O novo contexto político parecía doado para que o cura da igrexa de Santa María, Manuel Rivera (que se trata a si mesmo de «Excmo. Señor») solicitase permiso para instalar de novo o cruceiro no adro, cousa que se concedeu por unanimidade: todo un símbolo do cambio político en España e no concello. Pero a carta deste cura, máis que unha mera solicitude, é un alegato antirrepublicano:

> Al Excmo Ayuntamiento de Betanzos
> Excmo. Señor:
> El que suscribe, Cura párroco de Santa María de esta Ciudad tiene el honor de dirigirse a V. E. para exponer á su consideración lo siguiente.
> No ignora V. E. que en los días turbulentos que siguieron á la proclamación de la República, una turba de fanáticos inconscientes se dedicó, aprovechando las tinieblas de una noche de triste recordación para toda persona decente, aunque no tenga creencias, á la tarea sacrílega de derribar los Cruceros de esta Ciudad, entre ellos el que existía en la plazuela de la Iglesia de Santa María.
> Hasta ahora ha guardado silencio el exponente por no creer llegada la hora de las justas reivindicaciones.
> Mas hoy, bajo la égida protectora de un Concejo católico, que vela por los intereses, no sólo materiales, sino también espirituales de un pueblo que no dejó de ser católico, cree el exponente que ha llegado el momento de dar satisfacción á las vivas ansias de un pueblo que reiteradamente viene pidiendo la reposición de los Cruceros destruidos.
> Por lo que el exponente suplica á V. E. permita la erección del referido Crucero de Santa María que, aunque no tuviera valor artístico alguno, como afirma algún pseudo técnico indocumentado, tiene valor bastante con ser la imagen del Redentor del género humano.
> Dios guarde á V. E. por muchos años.
> Betanzos, Diciembre 31 de 1934.
> Excmo. Señor
> Manuel Rivera[82] .

> El Sr. Presidente hace uso de la palabra y dice que la propuesta del citado párroco es aceptable por su parte, y lo será también por los Sres. del Concejo que profesan ideas católicas, y por el resto, aunque no sea más que por la parte artística.
> Y la Excma. Corporación enterada, acordó, por unanimidad, acceder á lo solicitado por el citado párroco[83] .

Reedificaríase, por fin, no 1935, pero, segundo noticias verbais, foi destruido de novo ese mesmo ano, e o mesmo seica pasou co cruceiro da Cruz Verde unha vez arranxado. Somente se reedificarían de maneira definitiva, e non todos, co novo réxime do “Movimiento” a finais de 1936.

---

[82]"Expediente instruido en virtud de una instancia suscrita por el Sr. Cura párroco de Santa María de esta Ciudad, solicitando del Ayuntamiento autorización para instalar de nuevo en el atrio de la mencionada iglesia el crucero que fue derribado recientemente”. AMB, c. 1075.

[83]AMB, Ac, 31-XII-1934, f. 170.

La historia no recuerda jamás [illegible] vida española un trance tan difícil como éste, para los que somos [illegible] fundamento de la sociedad cristiana. Ha llegado una hora en que todo nuestro acervo de tradiciones, cultura y religión, se vé seriamente amenazado.

Si las derechas, llámense monárquicas o republicanas unidas, no constituímos un frente de hierro, seremos barridas por la ola marxista, que ya tiene en toda España poderosas ramificaciones. Tened del momento visión clara; dejad a un lado pequeñas diferencias y querellas. Pensad solamente en que una sola vacilación puede llevarnos a la ruína.

Los obreros de esta ciudad son, en su mayoría, sindicalistas y, por tanto, apolíticos. No olvidéis que este apoliticismo favorece nuestra causa y nos beneficia. No deben existir entre nosotros las mismas diferencias que dividen a los obreros, y así nuestra unión y su abstencionismo, contribuirán a la victoria.

Aun estamos a tiempo de vencer. Si por un momento las distintas fracciones obreras llegaran a unirse, tened presente que entonces sería casi imposible el que obtuviésemos la victoria. Aprovechemos el momento en que los sedicentes proletarios se encuentran divididos. El sufragio es nuestra palanca más fuerte. Los sindicalistas no la utilizarán contra nosotros. Cerremos, pues, contra nuestro único enemigo: el marxismo.

Si nos dais el triunfo en las urnas, he aquí las leyes que inmediatamente derogaremos:

1.º Restableceremos las Congregaciones religiosas inicuamente disueltas.

2.º Restableceremos el presupuesto de Culto y Clero.

3.º Suprimiremos el sufragio femenino y los jurados mixtos.

4.º Desaparecerán la autonomía catalana y la ley de términos municipales.

5.º Haremos nuevamente obligatoria la enseñanza religiosa; suprimiremos el divorcio y las leyes que equiparan a la mujer con el hombre.

6.º La necesidad de defender a la Patria y de reintegrar a España a su antiguo prestigio, nos hará aumentar el servicio en filas a tres años, y restablecer la férrea disciplina militar.

7.º Devolveremos a sus dueños las tierras que les han sido confiscadas. En el agro gallego impidiremos las talas de pinos por los campesinos y las luchas contra los arrendamientos.

8.º Abandonaremos la Sociedad de las Naciones y aumentaremos la jornada de trabajo para intensificar el esfuerzo nacional.

Estos son nuestros postulados, que defenderemos con todo vigor, apelando, si es preciso, a la fuerza y a los procedimientos aconsejados por uno de nuestros más preclaros paladines: José Antonio Primo de Rivera.

Aplastaremos de una vez para siempre a esa plaga universal que se llama el socialismo enemigo declarado de nuestra paz y de nuestras creencias.

Invocamos la ayuda de todos los partidos de derechas, incluso de los hombres que, pensando como nosotros, militan en el partido radical, para dar la batalla contra el enemigo común.

¡Viva el fascio español! Abajo el proletariado que quiere usurpar el poder que nos pertenece!

*Folla propagandística do «fascio español», do que un dos seus máis «preclaros paladines» é José Antonio Primo de Rivera. Circulou en Betanzos antes de febreiro de 1936. AMB.*

**A ausencia do concello nos actos relixiosos**

Nas festas de San Roque, de agosto de 1935, podería pensarse que con Cancela de alcalde os actos relixiosos terían maior releve no programa de festas. Pero, nembargantes, non hai a máis mínima alusión a eles e nin siquera se fala da Función do Voto.

## VIII.- A RELIXIÓN COMO CAMPO DE BATALLA (II-VII-1936)

O triunfo do Frente Popular nas eleccións a Cortes do 16 de febreiro de 1936 supón para Betanzos a volta do alcalde e concelleiros que foran depostos en outubro de 1934. Volve, pois, Andrés Beade Méndez, do PSOE (da liña de Prieto), á Alcaldía (22-II-1936/25-IV-1936), con Ricardo Bonome de alcalde accidental, aparecendo pronto como alcalde, Tomás López da Torre (da liña de Largo Caballero) (25-IV-1936/VII-1936) cando Beade volta ó seu escano de deputado a Cortes.

**O Partido Comunista contra os conventos relixiosos e o Brigo Club e a favor de parados, obreiros e transeuntes**

A relixión será de novo campo de batalla, pero esta vez en tono máis virulento, de revancha; os ánimos alteráronse en progresión xeométrica e dese tempo suliñamos un escrito do Partido Comunista ó «Ciudadano Alcalde» Beade, datado o 11 de abril do 36, que rezuma linguaxe revolucionaria herdada tanto da Revolución Francesa como da Revolución Soviética. Todo o que se pide neste escrito é aprobado polo concello: 1) a incautación definitiva do convento de S. Francisco para adicalo a unha «Escuela de Artes y Oficios» ou a outro centro docente, «en una palabra, algo útil para el pueblo»; 2) abrir o Brigo Club (con fama de ser de dereitas, en dependencias do Edificio Arquivo) e adicalo a «biblioteca popular»; 3) «que los propietarios de inmuebles procedan al saneamiento de viviendas por dentro y por fuera, á fin de mitigar el paro obrero y puedan comer los que desean trabajar», e 4) incautación do convento das Agustinas para adicalo a vivendas ou refuxio de transeuntes:

> Diose cuenta de un escrito del partido Comunista, que dice así:
> Ciudadano Alcalde de Betanzos: El partido comunista de esta ciudad en reunión que celebró el día 11 del actual acordó, por unanimidad, el acuerdo siguiente; 1º) Que por la Corporación de su digna presidencia se proceda inmediatamente á la incautación definitiva del convento de los frailes, para dedicarlo á una Escuela de Artes y Oficios, y de no poder ser que se dedique á cualquier otro Centro docente; en una palabra, algo útil para el pueblo. 2º) Que así mismo sea abierto con toda rapidez el Brigo Club y dedicado á una biblioteca popular, de pura necesidad en el pueblo, y más útil que á lo que estaba dedicado. 3º) Que se obligue, al igual que la mayoría de los Ayuntamientos de España, á que los propietarios de inmuebles procedan al saneamiento de viviendas por dentro y por fuera, á fin de mitigar el paro obrero y puedan comer los que desean trabajar; y 4º) Que se incaute también del Convento de las Agustinas y dedicaro interinamente á viviendas ó refugio para pobres transeuntes, y evitar el espectáculo bochornoso de ver esos desgraciados y en noches invernales durmiendo á la intemperie. Casa del Pueblo, tercer piso. Betanzos, 15 de Abril de 1936. Por el Comité, el Presidente, Antonio López, el Secretario, Amador García, el Tesorero, Africano Fariñas
> Y la Excma. Corporación enterada, acordó, por unanimidad:
> En cuanto al primer caso del escrito inserto, facultar á la Alcaldía-Presidencia para que haga las gestiones precisas de quien proceda, á fin de incautarse del convento de los frailes franciscanos de esta ciudad.

> En cuanto al segundo caso, se acordó que por la Alcaldía se requiera á la directiva de la Sociedad Brigo Club para que se avenga á rescindir el contrato, toda vez no es solo sociedad de recreo, sino también Sociedad política.
> En cuanto al tercer caso, que se forme una relación de casas del extrarradio, que no reunan las condiciones higiénicas de habitabilidad, y que por la Intervención de fondos y Comisión de Hacienda se redacte un proyecto de Ordenanza para la imposición de un arbitrio á los propietarios de fincas urbanas, que no reunan las condiciones mínimas para vivir en ellas los colonos; y
> Por lo que respecta al cuarto, se acordó igualmente por unanimidad, que por la Alcaldía se hagan las gestiones necesarias para la incautación del convento de las Madres Agustinas de esta población (AMB, *Ac*, 19-IV-1936, f. 162rv).

**A linguaxe e o papel xustificativo da Igrexa na hora da gran vinganza**

O triunfo do Alzamento Nacional do 18 de xullo de 1936 supuxo o rexurdimento da vinganza máis absoluta, xa ensaiada en outubro do 34 co fracaso da Revolución de Asturias. Foi o momento de pasar factura mediante a farsa de consellos de guerra e xuicios sumarísimos seguidos dos conseguintes fusilamentos, ou de numerosos «paseos» sen máis contemplacións. Outros, simplemente morreron na cadea. En todo caso, as listas negras eran redactadas por xentes da cidade, mentres que os executores, nos «paseos», acostumaban ser de fóra. As acusacións máis extendidas viñan precisamente de parte da Igrexa, que non esquecía nada, pero sobre todo daba ós feitos o sesgo, a linguaxe e a valoración que máis dano podía facer ós agora vencidos. O coengo compostelán Silva Ferreiro transmite perfectemente no 1938 esa linguaxe de odio e confrontación do 36, que se perpetuaría ademais nas décadas seguintes como un dos grandes xustificantes da dictadura de Franco:

> Destierro del más alto representante de la Iglesia Española; supresión del presupuesto de Culto y Clero; prohibición de procesiones y entierros católicos; limitación del toque de campanas; expulsión del Santo Crucifijo de los locales escolares; prohibición de la enseñanza a las congregaciones religiosas; clausura de colegios católicos e incautación de sus bienes; instauración del divorcio y matrimonio civil, como único válido; conversión de las escuelas en antros de corrupción; protección oficial a la pornografía más desvergonzada, etc. etc.
> [...]
> El crimen y el desorden se paseaban triunfantes por el suelo de nuestra patria con un sadismo y una furia propios de pueblos salvajes; el incendio había sido adoptado como medio de exterminio de todo aquello que la revolución podía creer un obstáculo a su marcha devastadora y sangrienta; el asesinato se practicaba con una frecuencia horripilante, sin que sus autores fuesen molestados por la justicia en la mayor parte de los casos; en todas partes aparecían los exterminadores de la libertad, del orden, de la propiedad, de la vida y tranquilidad de los ciudadanos honrados, empuñando siempre el arma homicida que había de llevar negras sombras de tragedia a los hogares, o la tea incendiaria que habían de aplicar a conventos, iglesias, centros derechistas, edificios de prensa católica, etc., etc.
> Ciento sesenta iglesias destruidas; 251 asaltos de templos, intentos de incendio y destrucciones parciales; 269 asesinatos; 1.287 heridos; 215 agresiones; 138 atracos; 23 tentativas de atraco; centros destruídos, 69; asaltos de centros, 312; huelgas generales, 113; parciales, 228; periódicos destruídos, 10; asaltos a periódicos, 33; explosiones de bombas, 148, y bombas recogidas sin estallar, 78.
> Tal era el resultado macabro que en su haber tenía el Gobierno del Frente Popular a los cuatro meses de su detestable actuación, según resumen hecho por el Sr. Gil Robles en pleno Parlamento el 16 de Junio de 1936... [...]

¡Franco! ¡Franco! ¡Franco! Su figura se dibuja ya flotando inmaculada y redentora sobre todas las desgracias de España... (Silva Ferreiro, 1938: 9).

O propio Silva (pp. 24 e 30) se lamenta de que, entre outras poboacións, a de Betanzos estivese «entregada en masa al socialismo de López da Torre»; «el día 11 [de abril], cinco pistoleros roban en Betanzos una caja de caudales de las oficinas de un contratista de obras; [...] son groseramente insultados el día 2 en Betanzos [foi o 1º de maio], dos sacerdotes que iban en un entierro y que estuvieron a punto de ser linchados por las turbas; [...] asaltan el 27[84] [non, é o 22] en Betanzos el convento de San Francisco, cargando con lo que en él encontraron de más valor»

**O caso dos dous curas no enterro o 1º de maio do 36, o da requisa de armas, o do incendio do Brigo Club e o de San Francisco**

Sobre o que aconteceu ós curas que ían co enterro, Silva engade desde a súa particular visión, outros datos (pp. 208-211):

Los *camaradas* de Betanzos, tan laboriosos que, cuando no tenían que hacer, se entretenían en derribar cruceros, no podían pasar sin salir a la calle el día 1º de Mayo en conmemoración de la fiesta del trabajo, y... a la calle salieron. Y... después de monstruoso mitin (monstruoso, más que por el número de asistentes, por las *monstruosidades* que en él se dijeron) en el que tomaron parte juventudes socialistas y comunistas de dentro y de fuera de la localidad, no quisieron disolverse sin haber antes entonado un himno a la barbarie, aunque para ello tuvieran que echar mano de un pretexto macabro.

Cruzaba la plaza de García Hermanos un entierro, en el que, entre otras personas, figuraban como acompañantes del cadáver, D. Eliseo Barros Gamallo Cura-encargado de la parroquia de Santiago y otro sacerdote del pueblo [D. José Acuña].

Verlos los trabajadores marxistas y prorrumpir en groseros insultos contra ellos, fué todo uno [esto pasou na Porta da Vila].

Abucheados los pobres sacerdotes, abandonados de todos -hasta de los mismos que figuraban en la comitiva fúnebre, y que huyeron cobardemente dejando el cadáver en medio de la calle- y entregados a su suerte, buscaron refugio en el último piso de una casa que bien pronto fué rodeada por las turbas que, alocadas, manoteaban y rugían como panteras hambrientas y feroces.

Avisada la Guardia Civil, acude el Cabo del puesto con algunos números, y se consigue amansar de momento a la fiera, comprando su transitoria mansedumbre con la libertad de los sitiados, *precio* fijado por el Alcalde.

Los sacerdotes fueron detenidos, y llevados a la cárcel por la fuerza pública.

Una vez encerrados, la turba de manifestantes -agotada ya la vianda de la injusta detención- pedía más carnaza. Ahora protestaba airada en torno de la cárcel, porque no habían llevado a los detenidos "debidamente esposados". ¡Fútil pretexto, para continuar la algarada revolucionaria, con el asalto al "Liceo" [en realidade a sociedade "Brigo Club" que estaba no mesmo edificio, na planta baixa, e que tiña fama de ser moi de dereitas] y el incendio de todo su mobiliario!

La cosa tomaba mal cariz, y... era necesario proceder con energía.

Mientras fueron los curas el blanco de las iras marxistas... no había que apurarse. Podrían matarlos; pero... "en esto no había perjuicio de tercero". Ahora sí. Cuando entran al "Liceo" [Brigo Club] y sacan los muebles a la calle, y les ponen fuego, y gritan y palmotean alrededor de la hoguera... ¡Ah! entonces... entonces hay que desplegar toda la actividad para cortar de raíz

[84][Dubidamos se foi o 27 ou o 22, pero, en calquer caso, o mesmo día queimouse a igrexa, aínda que non afectou completamente ó convento, que é o que fundamentalmetne se roubou].

tales desmanes; hay que sacar toda la fuerza que haya en el Cuartel, y pedir además con toda urgencia refuerzos a la Coruña.
Así se hizo. Salió el completo de fuerzas de la Guardia Civil, y, bastó esto, para que huyesen revoltosos y alborotadores, y se restableciese la tranquilidad. Los refuerzos pedidos a la Coruña llegaron, pero... ya no hicieron falta.
¡Media hora antes, había que pactar con las masas, en vista de que "no era posible contenerlas"!... ¡Media hora después, *se bastaba la fuerza de Betanzos*, para dominar la situación! Pero... ¡Qué barbaridad Sr. Alcalde!... ¡cuanto adelantan las ciencias!"·"
Así las cosas en 1º de Mayo, no es extraño que, a los dos meses, surgido el Movimiento Nacional, tropezase éste en Betanzos con una resistencia bastante seria, aunque del todo inútil.
La noticia de lo acaecido en África y de lo que estaba ocurriendo en España, puso en movimiento a las organizaciones obreras de Betanzos que, cumpliendo órdenes superiores y secundando las de autoridades del F. P., se entregan a la requisa de armas, dentro y fuera de la población.
Los primeros en ser visitados por las patrullas de requisa, fueron acaso, D. Eliseo Barros Gamallo y el otro sacerdote que, como él, sabía ya -por experiencia- de la *cultura y buenos modos* de los visitantes. Estos sin embargo no fueron recibidos, y, como protesta a tal *descortesía*, comenzaron a disparar sus armas contra la casa-vivienda de los aludidos sacerdotes, y a lanzar contra ella cartuchos y más cartuchos de dinamita.
Los moradores no se asustan por eso, y continúan una larga resistencia que tiene entretenidos por varias horas a los revoltosos, salvando así a medio pueblo, de los efectos de la dinamita para él preparada.
Claro que, el valiente proceder de aquellos sacerdotes, fué espléndidamente recompensado:
Enterado el Alcalde López da Torre, del asedio de que estaban siendo objeto por parte de los rojos -temiendo que el movimiento revolucionario fuese a fracasar por precipitación- ordena a la Guardia Civil que acuda a desalojar a las turbas, lo que se efectúa sin grandes dificultades, aunque no con la facilidad con que se lleva a cabo el desalojamiento también de los sacerdotes que, en ser *desalojados*, quedaron ciertamente equiparados a los revoltosos; pero fueron en cambio objeto de distinción especial, al tratar de buscarles *nuevo alojamiento*: Los revoltosos... ¡que se las arreglen como puedan! Los sacerdotes... ¡a la cárcel!
Los días 19, 20 y 21, fueron días de concentración en Betanzos.
Las aldeas y parroquias circunvecinas habían volcado sobre la ciudad todo cuanto de malo y de cobarde (los malos acudían convencidos; los cobardes, obligados por el miedo) tenían en el censo de su población, y una gran cantidad de armas de lo más variado y pintoresco (escopetas de todas clases, pistolas antiguas y modernas, hachas, azadones, palanquetas, hoces, etc. etc.).
Calles y plazas aparecían completamente llenas de gente en armas, y la población de orden... parte recluída en sus casas, y parte huída a lugares más seguros.
En la mañana del día 22, la Guardia Civil del puesto de Betanzos, algunos elementos civiles y varios marinos a los que el Movimiento cogiera en aquella plaza, salieron -mandados por dos Alféreces de Navío sorprendidos también allí por la revolución, y dos sargentos del Ejército- y se adueñaron, después de algún paqueo sin importancia, del casco del pueblo y posiciones estratégicas, que habían de facilitar la entrada de una columna que de Coruña venía sobre Betanzos.
Antes ya de la llegada de estas fuerzas, los revolucionarios de Betanzos huyeron a la desbandada, dejando tras de sí muestras inequívocas de su salvajismo (saquearon e incendiaron luego el convento de San Francisco; colocaron dos potentísimas bombas en el puente nuevo sobre el Bandeo [Mandeo, pero en realidade esa ponte está sobre o Mendo] y otra en el Puente del Ferrocarril, que no causó desperfectos)[85].

[85]Desde logo as bombas non eran "potentísimas". Na Ponte Nova a penas se produciu un buxeiro e, desde aquela, seica lle decían a un de Brabío: "fuches poñer a bomba e nin siquera fixeches nada".

# COMUNISMO

(CONCLUSIÓN)

## La voz del Papa

A las palabras del Padre sucéden el día 15 de mayo de 1931 las autorizadas palabras del Maestro y del Doctor universal, que en la epístola «Quadragesimo anno», después de dejar bien asentados los principios para resolver en cristiana razón los problemas sociales, que tienen trastornado al mundo, condena especialmente el comunismo, último avance del socialismo condenado ya por León XIII.

«Una parte del socialismo ha sufrido un cambio parecido al que acabamos de notar en la economía capitalista y se ha inclinado al comunismo. Este, tanto en la teoría como en la práctica tiene un doble objetivo que persigue, no en secreto y por caminos disimulados, sino abiertamente, a todas luces y por todos los medios, aun por los más violentos: la lucha implacable de clases y la desaparición de la propiedad privada. Por conseguir este fin no hay cosa a que no se atreva ni nada que respete. Donde logra alcanzar el poder, se muestra salvaje e inhumano en un grado increíble, que raya en lo prodigioso, como lo demuestran las matanzas y las ruinas, de que ha sembrado los inmensos países de la Europa Oriental y de Asia».

Un año más tarde, el 3 de mayo de 1932 el Papa describe y condena enérgicamente el ateísmo moderno cuya campaña está siendo promovida sobre todo por el comunismo, como S. S. lo advierte ya desde el principio, cuando dice: «aprovechándose de este tan gran malestar económico y moral, los enemigos de todo orden social, llámense como se llamen, comunistas o de otra manera, se emplean con audacia en romper todo freno, en quebrantar todo lazo impuesto por leyes divinas y humanas, en emprender oculta o descaradamente la lucha más encarnizada contra la religión, contra Dios mismo en ejecución de un programa diabólico». No queremos prolongar más la pavorosa cita de la sustanciosa encíclica «Caritate Christi», que tan magistralmente descubre las lacras de la moderna sociedad, señalando al mismo tiempo su remedio. En el fondo de este cuadro se destaca horrible la sombra del sovietismo, cortejada a su vez por todo el funesto aquelarre de las sociedades secretas, que de él se valen cuanto pueden, según las circunstancias de los países y de los gobiernos. Tal aparece en la alocución consistorial «Iterum vos» de 13 de marzo de 1933, en que vuelve el S. P. sobre el tema obsesionante de la guerra, que los enemigos del orden hacen a la sociedad, a la religión y a Dios mismo; tal en la carta «Dilectissima nobis», consagrada especialmente a España, en donde hace responsables a las sectas del estado de nuestra pobre patria, manejada por ellas al estilo de Méjico y de Rusia.

En estos tres últimos años los documentos pontificios condenatorios de los manejos comunistas se han multiplicado tanto como los ataques del mismo comunismo antirreligioso y ateo contra la religión y contra la sociedad entera. No habremos de consignarlos aquí, por no alargar en demasía las dimensiones de este artículo. El sentir de la Iglesia sobre la tendencia comunista está bien claro tanto o más que esta misma tendencia y que su táctica descristianizadora, que no se recata de acercarse a las mismas filas de los católicos con pretensiones de colaboración y mutua ayuda.

El comunismo pretende ganar adeptos en el catolicismo, valiéndose del sentimiento, de las ansias tan justificadas de reparación y de justicia social, de la liberación de los explotados, de los socorros internacionales, del sentimiento patriótico más o menos exagerado, del movimiento antimilitar y antifascista. En este punto son sumamente aleccionadoras las normas prácticas del Comunismo francés, dictadas al oído por Rusia, lo mismo que las del español:

«Los católicos, dicen, jamás aceptarán el frecuentar medios francamente marxistas o comunistas: es necesario pues atraerlos hacia organizaciones, que no lo son oficialmente, y que tienen un carácter meramente sindicalista o profesional, como socorro rojo, cajas de resistencia y sobre todo Liga antifascista. Hay que conquistarlos por el sentimiento, creando en ellos el odio contra el fascismo, desde luego contra el italiano, y sobre todo contra el alemán, perseguidor del catolicismo, el odio contra las alianzas de tipo nacionalista y corporativo como la de Hitler y Mussolini, y por último contra todo lo que no es marxista y representa un catolicismo agonizante».

A continuación las normas se extienden en concretar casos prácticos de propaganda a tiro hecho; consignemos aquí algunas de ellas, que pueden sernos de provecho:

1.ª En los liceos, despachos y oficinas fijarse quiénes de los católicos son de tendencias pacifistas, y quiénes manifiestan desprecio por las alianzas fascistas.

2.ª Comenzar por decirles que el Comunismo no es anticatólico, que admira todo lo grande y lo noble del Catolicismo; hablarles después del régimen fascista opresor de los católicos y de los obreros, interesándoles por

**1.º DE NOVIEMBRE DE 1936**

la suerte de los camaradas que luchan en todo el mundo.

3.ª Después generalizar insensiblemente la noción de fascismo, extendiéndola a todas las alianzas nacionales, crear en ellos un odio verdadero contra todos los elementos armados. Atraerlos cada vez con más frecuencia a las reuniones antifascistas, de suerte que vivan en un medio más socialista que católico. Cuando ya esta primera categoría de católicos haya avanzado lo bastante en el comunismo, por su medio procurar atraer a otros».

Como se ve, el procedimiento de seducción y de proselitismo no puede estar mejor calculado. Gracias a él ha conseguido y está consiguiendo el Comunismo introducirse en ciertos medios católicos, que se podían considerar completamente inmunizados, y por él ha podido realizarse en España, en Francia y en algunos otros países esa funesta amalgama del «Frente popular», en que no faltan católicos, que militan contra su madre la Iglesia. Ideológicamente los campos no pueden estar más delimitados; únicamente la insensatez puede dejarse engañar por el señuelo comunista, cuyos frutos de destrucción y de muerte tenemos todos a la vista. Reparación y justicia social sí, cuanta se quiera y sea posible en este mundo, el cual no podemos olvidar que está poblado por una naturaleza pecadora, aunque sostenida y ayudada por la gracia; pero justicia y reparación a lo cristiano, bien fundada en el derecho natural, interpretado y perfeccionado por Cristo y por su Iglesia. Los que por un deseo loable de captación o por cierto prurito de popularidad aprovechable exageren o interpreten mal estos principios, tengan en cuenta que están labrando más bien el campo enemigo en las peores condiciones para sí, sin participaciones y sin sueldos, y encima sin reconocimiento y gratitud. Recuerden el dicho popular: «así paga el diablo a quien bien le sirve».

AUGURIO SALGADO.

# ¡CATOLICOS!

**NO BASTA TENER UNA "SECCION RELIGIOSA" PARA QUE UN PERIODICO SEA CONSIDERADO COMO CATOLICO.**

**PERIODICO CATOLICO TAMPOCO ES EL QUE CUIDA TAN SOLO DE NO ATACAR A LA IGLESIA, SINO EL QUE LA DEFIENDE Y ESTA PRONTO A DEFENDERLA SIEMPRE.**

**EL PERIODICO CATOLICO AUTENTICO ES EL QUE SE PUBLICA CON CENSURA ECLESIASTICA.**

**¡GUARDAOS DE LOS PERIODICOS FRIOS, HIPOCRITAS, SUTILES, Y NEUTROS.**

Imp. EL IDEAL GALLEGO — M. 5.829

**J. A. P.**

**ESPAÑOLES:**

El Movimiento Nacional de Acción Popular va a tener en Galicia su manifestación ostensible en la grandiosa concentración que las J. A. P. gallegas van a celebrar el 1.º de Septiembre en Compostela.

Galicia, esta hermosa región que a la belleza de su paisaje une la grandeza racial de sus hijos, quiere demostrar ante la faz del mundo entero que también está en pie y con el JEFE por la España Imperial.

En esta formidable cruzada nos acompañan nuestros hermanos que en América luchan y trabajan labrándose un porvenir para el día de mañana ofrendar a su madre Patria el fruto de sus trabajos. Los centros de Acción Popular que ya hay fundados en América, nos alientan con su entusiasmo en nuestra gran campaña.

Recordemos también nosotros a nuestros hermanos de América, y gritemos con ellos:

**ESPAÑA ¡UNA! ESPAÑA ¡JUSTA!**
**ESPAÑA ¡IMPERIO!**

Oficinas de información.—La Coruña: Secretariado Regional: Galán, 10 (antes Real). Santiago: Toral, 10.

TIP. EL IDEAL GALLEGO

*Unha mostra da belixerancia católica de* El Ideal Gallego *e un panfleto de apoio ó «Jefe» (Gil Robles), que remata cun antecedente da posterior «!España, Una, Grande y Libre!». Abaixo, dúas viñetas máis de propaganda católica publicadas por «Editorial Ibérica» (Alburquerque,12, Madrid), quizais no 1931. Tirada: 50.000. AMB.*



El chico: ¡Si yo pudiera votar, Maruja, no sucederían estas cosas.




Los enemigos de la República

> Quedaron sin embargo algunos, los más decididos, que desde unas barricadas levantadas en la calle de los Herreros y desde otros lugares, hostilizaron a las tropas de la columna libertadora, retrasando en una hora al menos su entrada en la ciudad, que, desde entonces, disfrutó ya de tranquilidad absoluta.

Sobre a actitude dos dous curas (D. Eliseo Barros Gamallo e D. José Acuña, coadxutores os dous da igrexa de Santiago) aquel soleado 1º de maio do 36 no enterro e indo revestidos e con cruz alzada, cousa prohibida na República, algúns vellos cos que falamos refírena como provocadora pola súa parte, dadas as circunstancias, mesmo sacando un deles unha pistola fronte ós manifestantes na Porta da Vila, logo de pasar por diante do palco da música onde as organizacións obreiras estaban dando un mitin e, logo, cantando a Internacional.

É certo que o féretro acabou no chan, porque ía moita xente perseguindo ós curas, que se refuxiaron na panadería de Manolita Mantiñán (entrando á Rúa Nova). Avisouse ó alcalde López da Torre que, coa axuda do barbeiro Fariñas e doutros máis, logrou conter a multitude e evitar o linchamento, metendo ós cregos na cadea, como medida de protección para eles.

Ese mesmo día López da Torre tiña unha intervención na radio EAJ41 co título, «la significación de este primero de mayo», que estaba fixada entre as 5 e as 6, pero polos incidentes dos curas, non poido asistir, se ben o Gobernador Civil lle mandou un coche para enterarse do sucedido e para que poidera dar a charla. En calquer caso, os curas saíron pronto da cadea e seguiron exercendo o seu ministerio.

Algo semellante será o que pase cando en xullo os mesmos curas sexan asediados polos requisadores de armas. Os dous vivían no 2º piso da casa da actual carnicería de Emilio na R/ Pescadería. Certa persoa, que será máis tarde un guerrilleiro, ten contado que lles puxo dúas bombas, unha na escaleira e outra no portal, pero despois pensouno mellor e estoupounas no calexón que baixa enfrente da casa. Mentres tanto, dise que Beade e Novo sacaron ós curas por outra casa (onde está a *Relojería Otero*) que dá á R/ Roldán, e o alcalde López da Torre meteunos outra vez na cadea para evitar males maiores. Pero a actitude de da Torre parece que tampouco foi ben entendida polos interesados e dise que un deles sería testigo furibundo na súa contra (Beade Méndez, 1955) no proceso fatal que o levaría ó fusilamento.

A igrexa e mosteiro[86] de San Francisco foron incendiados e saqueados, ó parecer, o 22 de xullo de 1936. No saqueo interviu moita xente da cidade.

O incendio foi espectacular e rápido, posto que os incendiarios botaron gasolina polo tellado. A igrexa de Santa María quedou sen queimar de milagre, a pesares de que xa lle botaran tamén gasolina. Varias persoas contan que un dos que a botou era das «Juventudes Socialistas Unificadas» (aínda que un nos dixo que era anarquista) e que logo do Alzamento foi dos primeiros en afiliarse á «Falange». En calquera caso, esta «fazaña» constitúe un dos feitos históricos dos que renegan todos. Ninguén quere herdar esa autoría e mesmo o fillo de Ramón Beade, Andrés Beade Dopico (actualmente concelleiro de Betanzos polo PSOE), chegou a escribir o seguinte (Beade Dopico, 1996: 232):

---

[86]Este, pegado á parede sur da igrexa só databa de 1914-19 despois da destrucción do gótico nos anos 70 do s. XIX

> El que suscribe estas líneas recuerda con dolor como, siendo un niño, observara con otros convecinos desde el atrio de la iglesia parroquial de San Martín de Tiobre el espectáculo dantesco del incendio del Convento de San Francisco de Betanzos. Y memoriza también como desde el púlpito de la misma iglesia parroquial un misionero perteneciente a una orden religiosa de Salamanca manifestara en la Santa Misa desarrollada en ese templo en los inicios de los años cuarenta, después de un ataque furibundo contra las chicas que vestían de manga corta, que “a los rojos, como la mala hierba, hay que proceder extirpándolos de raíz” [...]
> Hay testimonios fehacientes de como un caudillo local de los grupos extremistas de “la dialéctica de las pistolas” tramó y desarrolló el operativo provocador de San Francisco. Aprovechando la confusión creada por la ausencia de autoridades en Betanzos, y en vista de que en el pueblo no había existido ningún tipo de violencia ni agresiones personales [...], concibió y desarrolló una operación de infiltración y comando para producir el incendio del histórico templo franciscano y desatar el odio.

Non sabemos a que «testimonios fehacientes» se refire. Quizais á testemuña de seu pai, Beade Méndez, a quen se adxudica na clandestinidade o folleto, *Betanzos honra a sus mártires*, do que se responsabiliza un «Comité Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito», constituido en Betanzos no 1955 e remitido ó Centro Betanzos de Buenos Aires: logo foi editado a través dunha «Comisión en la Argentina de homenaje a los mártires de Betanzos» no 1958. Aquí dise con respecto ó día da queima de San Francisco:

> Salen de La Coruña carros de asalto[87] en dirección a Betanzos. En Guísamo son tiroteados, pero continúan su marcha. Desde Vista Alegre tirotean la población y los grupos que la defienden contestan al tiroteo desde el Puente Nuevo y la vuelta del Codo. La guardia civil del puesto local se sitúa en la torre del reloj del Campo e incumpliendo su promesa de “fidelidad” a la República, disparan contra los obreros quedando estos cogidos entre dos fuegos. Agotado el último cartucho y ya perdido el control de la ciudad por las autoridades republicanas se produce el incendio y el saqueo del Convento de San Francisco, suceso lamentable que los sediciosos cargaron a los republicanos pero que no llegaron a esclarecer porque, sencillamente, a los fascistas incumbe plenamente la responsabilidad del mismo.

Un dos vellos cos que falamos dounos esta versión: «os revoltosos que viñeron da parte de Ferrol querían queimar o concello, cousa que impediu Agustín Sánchez García que os calmou, pero o que si queimaron foron os cortinóns e os mobles da sociedade Brigo Club, facendo unha fogueira con todo eso no Campo, e logo queimaron tamén San Francisco, axudados por algúns de Betanzos, quizais enganados».

Un testigo presencial díxonos que primeiro queimaron a igrexa e que o convento só ardeu en parte. Aquí estaba a Biblioteca, considerada como unha das boas de Galicia, e que agora foi obxecto de expolio, tirándose os libros polas fiestras. O mesmo testigo seica viu disparar a «un da C. N. T.» (díxonos o alcume) desde o campanario da igrexa de Santiago: apuntaba moi ben ás campás de San Francisco que sonaban a cada disparo[88] . Ó pouco tempo este home sería paseado. E tamén viu fronte ó «cuartelillo»[89] (onde hoxe está a papelería Lugami) na Rúa da Pescadería a «un de esquerdas» (díxonos nome e apelidos), coa escopeta ó hombro, facendo unha lumeirada coas sotanas e hábitos de

---

[87]O de “carros de asalto” é unha esaxeración, segundo distintos testigos.

[88]Outro informante fala de que eran dous tiradores e que tiraban desde a zona do Mandeo ás campás de Santo Domingo, aínda que parece que fala dun incidente distinto.

[89]Onde hoxe está á cárcere era a cárcere comarcal e, despois da Guerra, estivo aquí a Prisión Provincial de Mulleres.

cregos e frades. A nai foi ata alí alporizada para que deixase eso, pero non lle fixo caso: ó pouco tempo, escapou para Sudamérica...

E sobre que «a los fascistas incumbe plenamente la responsabilidad» como di Beade Méndez (1955), ou máis explícitamente, como di o seu fillo, Beade Dopico (1996), que un «caudillo local» desenrolou unha «operación de infiltración y comando para producir el incendio del histórico templo franciscano y desatar el odio», só podemos dicir o seguinte: 1º) o posible feito que nos contaron que máis se achega a esa suposta «operación de infiltración» estaría nese membro directivo das «Juventudes Socialistas Unificadas» que andaba co bidón de gasolina (máis de un nos refire o asunto con nome e apelidos) e que ó pouco tempo pasou a ser un membro destacado da «Falange» local. ¿Non podería ser este un caso de intelixente cambio de bando para evitar a morte? Porque dalgunha maneira, algo semellante lle pasou a certo betanceiro (chófer e bo mecánico) que, sendo de esquerdas, marchouse voluntario ó Exército Nacional e, aínda que logo foi reclamado pola Garda Civil, o seu alférez salvouno mediante a cuartelaria frase de: "Si tienen [...] que vengan a buscarlo".

En todo caso, ¿que fan anarquistas e xentes de esquerdas participando na «festa», disparando ás campás, queimando roupas de cregos e frades...? E logo están as diversas igrexas da comarca queimadas eses días e o que sobre diso di a xente que o lembra. Non parecen quedar moitas dúbidas, a verdade. Agora ben, do que si estamos convencidos, en cambio, (e os informantes de distintas tendencias así o ratifican) é de que este acontecemento non foi responsabilidade das autoridades municipais republicanas que, por ese tempo, xa non controlaban a cidade e estaban detidas ou escapaban por onde podían.

Na memoria da xente daqueles tempos queda aínda unha serie de anécdotas que dan cor ó que alí pasou. Por exemplo, unha delas di que as imaxes que non arderon quedaron en mal estado, por exemplo a da Virxe das Dores e a do Nazareno. Pois ben, Dª Consuelo e Dª Victorina Montoto Roca levaron esas imaxes para a súa casa e a primeira delas fíxolle ó Nazareno unha capa nova de terciopelo vermello a partir dun cortinón e os botóns e galóns dourados que foran do uniforme de enxeñeiro dun sobriño de Víctor Montoto Arias, o alcalde republicano e ateo.

Parece ser que ó arder a igrexa botáronlle auga non só coa intención de apaga-lo lume senón de ver no chan por onde escapaba para así descubrir o pasadizo secreto que estaban seguros tiña que haber. A idea deste pasadizo estaba moi arraigada entre os inimigos dos *frailes*. Así, un dos nosos informantes viu (supoñemos que se refire a 1931) como sacaban ós *frailes* precipitadamente e os metían nun ómnibus de cor verde. Levábanos cara á Coruña, ó parecer, pero «¡faltan dous!», berrou alguén, e, como non apareceron, deuse por feito que escaparan polo famoso pasadizo. Esa noite quedáronse tres homes facendo garda alí, dous puxéronse detrás dun confesionario e o outro quedou diante das escaleiras que subían ó altar maior e, como este fora logo "paseado" dicíase que era porque estivera falando cerca da entrada do famoso pasadizo e o identificaran os frades escapados.

> Miña abolita [dinos un informante] mercoulle a unha señora un santo de altar por dous pesos e despois veo á casa a buscalo un *fraile* que estaba enterado da compra e, aínda que miña abolita non lle quería nada, el insistiu en devolverlle os dous pesos.

> «Vin sacar un armario e un órgano». O órgano tíñoo, ó parecer, un *maletero* alcumado «O Campanillero» e cando, alí mesmo en San Francisco, chegou a súa sogra, el todo entusiasmado

seica lle dixo, sinalando o instrumento: ¡Mamá! ¡Piano!, co que a xente lle cambiou inmediatamente o alcume polo de «Mamá Piano».



*Ángel González Vázquez, «O Chiqito».*

Moitos libros e cadros collidos por persoas humildes, por aquelo de «se non o levo eu lévoo outro», remataron na casa dalgún burgués (os informantes póñenlle nome e apelidos) que lles metía medo dicíndolles que se llos entregaban para el devolvelos non lles pasaría nada. E como naqueles tempos o medo era grande, dábanlle todo. Sen embargo eses libros, cadros e demais non semella que fosen devoltos nin á igrexa nin a ningunha institución pública.

**A represión: fusilados, «paseados» e mortos na cadea**

«Cando estalou o revuelo» ou «cando veu o Movimiento» (que das dúas maneiras empezan as súas narracións os testigos referíndose a eses días que van do 18 de xullo do 36 a finais de mes), parece ser que veu un ómnibus cargado de xente da parte de Presedo e, probablemente tamén viñeron doutros concellos veciños. Semella que viñan armados, aínda que de forma moi anárquica. Pero á altura da Maragata na Avenida Jesús García Naveira frenounos un cable que atravesaba a estrada, cun foco alumándoa. Non sabemos que pasou cos de Presedo e contornos nese momento, pero si que entre eles tamén houbo ó pouco tempo asasinados, como os houbo en toda a comarca e en Galicia.

O 27 de xullo inicia o seu camiño unha Comisión Xestora Municipal composta por: Ángel González Vázquez, «O Chiquito», Ezequiel Núñez y Núñez, Francisco Lafont Cabanas, Santiago Moretón Simón, Raúl Fernández Meás e Vicente Castro Aguiar (Grandío, 1996: 165-174). Presentou o cese nesta sesión, José Purriños Conles, capataz da Cuadrilla de Limpieza, José Sánchez Mata, carteiro, e Antonio Sánchez Deive, caixeiro da Banda Municipal. Máis tarde, o 6 de agosto recibiríase un telegrama do Comandante Militar da 8ª División: «Precisa desarme absoluto rápidamente pueblos elementos no afectos... Disponga separar de Ayuntamientos, Telégrafos, Teléfonos y Correos a personal opuesto movimiento. Active recluta paisanos en los pueblos instruyéndolos someramente por Oficiales Ejército retirados o Guardias Civiles» (AMB, c. 51 cit. por Grandío, 1996: 171).

Como resultado deste telegrama depuráronse os seguintes funcionarios o 7-VIII-1936:

> Ramón Ramallal Rumbo, Interventor de fondos, de ideología y fé arraigada marxista; Francisco Fernández López, Auxiliar de Secretaría, propagador de fé de ideas marxistas; Germán López Doval[90], Alguacil, y José Taibo García, Alguacil, ambos socialistas extremistas; José Fernández Crespo, peón de la cuadrilla de limpieza, ideas destacadas de marxista; Antonio Lagares Gómez[91], Inspector de Arbitrios, Germán López Pérez y José Barral Bello, del mismo ramo, los tres son entusiastas convencidos del ideal marxista; y el músico Antonio Sánchez Deive, destacado y de fé extremista sindicalista (AMB, c. 51, cit. por Grandío, 1996: 172).

[90]Debe ser o que foi paseado cerca de Ordes o 23-X-1936, Germán López [Pérez di Beade, “capataz de arbitrios municipales”] (Beade Méndez, 1955).

[91]«Paseado» o 28-X-1936. É avó de Manuel, Antonio e José Luis Lagares Pérez...

Pero a represión máis dura chegara de inmediato, afectando a dous dos principais líderes republicanos de Betanzos: José Novo Rodríguez, ex-alcalde, e Tomás López da Torre, alcalde.

Tomás López da Torre, de 36 anos[92] , do PSOE, alcalde da cidade, negouse a escapar ó monte como facían moitos outros. Pensou precipitadamente en refuxiarse en Asturias onde tiña amigos de cando exercera de avogado defensor dalgúns revolucionarios de outubro do 34, así que convenceu a Novo, que daquela vivía na Coruña, e os dous marcharon inxenuamente nun taxi con «chaufer» profesional (Ricardo García de Ben, «O Paxariño») o 29 de xullo[93]. Pero á altura de Guitiriz comprobaron que os seguía unha moto, que estaba todo tomado e entregáronse de inmediato[94] . Trouxéronos á cárcere de Betanzos onde entraron ás 2 (debe ser da tarde). López da Torre estaría aquí ata o 3 de xullo, sendo conducido ese día ás 11 da mañá á Coruña onde o fusilarían o 1 de outubro en Adormideras.

José Novo Rodríguez, por ese tempo de Izquierda Republicana, alcumado «O Ánimas», de 43 anos, xastre e ex-alcalde, casado, 5 fillos, ateo, sen antecedentes penais, debía ser por aquel tempo o republicano máis odiado polas xentes ben pensantes da cidade. Non se recatara en atacar ó clero, de palabra, en panfletos e na prensa; hai quen di que tiña unha amante (cousa grave para as «personas de orden») e mesmo arredor del se debuxou unha especie de lenda que o convertía definitivamente nunha especie de demo. As rapaciñas de familias conservadoras, que agora son vellas, aínda tremen ó lembrar a *rifa* das mozas máis fermosas das familias da dereita que, segundo din, organizaron dentro da Casa do Pobo Novo e outros de esquerdas. Se pasou tal cousa é de supoñer que fose de broma, pero, certo ou non, no ambiente do momento, esas rapazas toleaban ó ouvir ese conto e aínda unha nos dixo con horror que a ela lle tocara un comerciante de gorras do Valdoncel (non sabemos se o horror era porque era moi feo ou por outra cousa).

Por atribuirlle maldades a Novo, que certamente non era dado á contención verbal, tamén se dicía que nunha reunión de xentes das esquerdas no piso da casa de galería que fai esquina, perto do Alfonsetti, estaba dicindo un día ós compañeiros en voz alta: «Mirade, nada de contemplacións, un tiro na nuca e xa está». Pero para ser xustos, dixéroo ou non, de feito, nin Novo nin os republicanos de Betanzos mataron xamais a ninguén que se saiba. Pero estas lendas eran agora lousas demasiado pesadas.

Novo xa entrou na cadea de Betanzos baixo a orden de ser entregado ó oficial de carabineros da cidade para ser executado. Segundo se conta, sacárono moi pronto da cárcere e fixéronlle no Liceo unha farsa en forma de *Consejo de Guerra*, onde, por suposto, o acusaron de estar complicado na «revolución», de queimar San Francisco e doutras tropelías. Logo, en plena noite, buscaron un taxi para levalo ó cemiterio e fusilalo. Solicitaron ese servicio ó taxista alcumado «O Machacante», pero como a muller deste era parente de Novo, negouse alporizado. Non tería máis remedio que levalos, pero, o que é peor, a súa actitude custoulle tamén ser fusilado, inmediatamente despois de Novo. A hora

---

[92]Segundo o seu fillo, ós 14 anos xa era simpatizante do PSOE, aínda que non estaba afiliado. Estudiou Dereito en Madrid, tivo tuberculose e curouse no balneario de Busou en Alicante...

[93]O día 27 que di *Betanzos honra a sus mártires* debe ser un erro a menos que tardasen dous días en metelos na cadea, cousa que non cremos. E na cadea entraron o 29.

[94]Outra versión di que Tomás se marchou para o Balneario de Guitiriz e Novo foise con el. Alí, certa señora (dinnos o alcume) que tiña un comercio en Betanzos, viunos e deu o chivatazo á Garda Civil. Colléronos no Balneario e quizais utilizaron os servicios do taxista citado para traelos a Betanzos.

destes crimes sería a das 4,45 da madrugada do mesmo día 29 de xullo, o da detención: 6 gardas civís e carabineros mandados polo Teniente José González Rodríguez, da Garda Civil (natural do Incio, a quen Novo nunha das súas múltiples follas soltas, «Al Pueblo», seica lle chamara «muñeco uniformado») fusilaron a Novo e ó «Machacante». O impacto das balas aínda hai pouco que se vía nunha das paredes do cemiterio.

E para darlle un certo sentido de legalidade ó feito obrigaron ó xuiz Ricardo Curiel, curiosamente gran amigo de Novo, a que dése fe do acontecido.

A época do Teniente José González Rodríguez[95] coincidirá coa dos «paseos», que rematarían cando foi sustituido polo coronel de Betanzos, Lisardo Lissarrague (solteiro, fora retirado pola lei de Azaña)[96] .

A Tomás López da Torre (nado en novembro do 1899), que vivía na Rúa do Valdoncel, 29, non lle perdoaron que logo de moverse no medio de xentes da elite social da cidade[97], entrase no PSOE, cousa que lle valeu, por certo, un consello de guerra no 1934, xunto a Ramón Beade Méndez, na Escollera de Ferrol (Tomás defendeuse el mesmo e a Beade defendeuno un tal Manso, avogado do PSOE, que sería fusilado no 1936): saíron absoltos. Tampouco lle perdoaron que se distinguira (acto seguido do remate do consello de guerra) na defensa dos traballadores de Asturias que participaran na Revolución de Outubro do 1934. E, para rematar, no seu tempo tivo lugar o chamado asalto ás graneiras (éstas eran dos vellos fidalgos e grandes propietarios que vivían de rendas, naturalmente)[98] debido a un imposto sobre o grau a pagar en cartos ou en especie, de tal maneira que o cereal collido debía ir para os pobres (Bernardo Miño tivo aquí, ó parecer, gran protagonismo)[99] ... Se a esto engadimos o encadeamento dos dous curas para defendelos da multitude o 1º de maio, primeiro, e dos requisadores de armas, despois, e o feito de que era

---

[95]Na "revista" realizada polo Alcalde accidental, Sr. Moretón, o 1-II-1936, o "puesto" de Betanzos (1ª Compañía, Comandancia da Coruña) do 6º Tercio da "Guardia Civil", estaba composto por 12 persoas (e 8 cabalos): José González Rodríguez ("Teniente"), Dimas Llamas Centeno (1º Brigada), Aniceto Díaz Andión (Cabo), Julio Rodríguez Ruíz (Trompeta), Serafín García Pascual ("Guardia 2º"), Bárbaro Ortega Rodríguez, Evaristo Pardo, Manuel Vila y Vila, Escolástico Vaquero Sánchez, Sebastián de Pedro Carrascal, Segundo Vega Montesinos e Benito Pando Cachafeiro (AMB, c. 6425). Conta a xente que o Teniente José González Rodríguez viñera desde Carballo, reprendido ou castigado dalgunha maneira, porque alí non metera a nadie na cárcere, e eso explicaría o seu celo en Betanzos.

[96]A comandancia militar desde o Alzamento estivo no Liceo, mentres que a Garda Civil seguía no exconvento de Santo Domingo, compartido co instituto. Presidía a Comisión Xestora Municipal, Ángel González Vázquez, "O Chiquito", Delegado Gubernativo Militar desde o 27 de xullo do 36.

[97] Foi pasante do avogado e político liberal, Agustín García Sánchez, do que herdou a súa clientela. Logo foi concelleiro da Dictadura e nas follas propagandísticas de Unión Monárquica (que se presentou ás eleccións municipais do 12-IV-1931) asinaba xunto ó tamén avogado e ex-presidente da Deputación, Emilio Romay Montoto, xunto ó Alcalde accidental, na ausencia deste, Raúl Fernández Meás e xunto a Carlos Peña Rodríguez. De feito, foi un dos tres candidatos dese partido nesas eleccións.

[98]Foi Beade na sesión do 14-XI-1932 o que propuxo (e así se aproba) fixar un imposto de consumos de 25 céntimos por ferrado ós 25.000 ferrados que, segundo el, recollían por rendas os más ricos da cidade. Faríase como inspección sanitaria das graneiras ...

[99]Di o coengo Silva Ferreiro desde a súa posición de hipercatólico e antirrepublicano (p. 207):
"Elementos de la C. N. T. -organización que predominaba en el Partido sobre todas las demás y en la que figuraban como principales dirigentes el "Purriños", Antonio Vázquez, el "Pintavacas" y el "Besugo"- comenzaron, en tiempos ya de constituyentes, a poner en práctica su política de métodos y procedimientos terroristas, en la que no faltaron el asalto con explosivos (fué asaltada la casa de Babío, entre otras, y el Garage "Couceiro"), ni los boicots a comercios cuyos propietarios mantenían ideologías derechistas, ni el derribo y destrozo de cruceros, dando, junto con la nota de impiedad, la de una incultura a toda prueba que, si alcanzaba a los ejecutores, *marcaba* de una manera muy especial a las autoridades que lo consentían, cuando no lo instigaban.

o alcalde no momento do Alzamento, estaba claro que non tiña nada que facer. Agora non contaba en absoluto que defendera gratis ós traballadores no seu oficio de avogado, nin sería suficiente que lembrara Dª Carmen Pita, no proceso, que lle enviara a Garda Civil cando ela a solicitou para mante-la orde nunha procesión relixiosa.

Estaba na peor situación, no punto de mira. Todo xogaba fatalmente na súa contra e, despois de dous meses de cadea, de dous expedientes e dun «juicio sumarísimo», foi fusilado o 1 de outubro de 1936 no *Campo da Rata*, xunto ó polvorín de *Adormideras* na Coruña onde mataron a tantos republicanos.

Un telegrama do «Juzgado Militar permanente 8ª División» ó alcalde permítenos coñecer os nomes dos que foron chamados para ser testigos no proceso. O redactor orixinal da lista debía ser de Betanzos porque, procurando o peor para Tomás, escolleu ampliamante entre o mundo eclesiástico, a Garda Civil, outros militares, altos cargos da administración (Xulgado, Telégrafos...), antigos e novos inimigos políticos, etc. É evidente que moitas destas persoas (militares, funcionarios...) estaban practicamente obrigadas a decantarse polo novo réxime se querían manter a vida e o traballo; outras, como os eclesiásticos, presupoñíase o que dirían, e, por último, pensaríase que os inimigos políticos farían o mesmo. Como non coñecemos o proceso, tampouco sabemos o que cada quen dixo e, en certo modo, mellor é así. O que si sabemos é que non todos dixeron o que se esperaba deles, posto que houbo quen defendeu a Tomás e, ademais, coñecemos pola súa familia que houbo quen, como Romay Montoto, se negou a participar nesa farsa, da que xa se coñecía o final de antemán.

A noite anterior ó fusilamento a familia pasouna con el na cárcere: a súa muller, Mª Luisa Loureda Espiñeira, o seu fillo Tomás e o seu irmán Bernardo. Non esquencerán nunca que ó seu favor testificaron: Raúl Fernández Meás[100], Carmen Pita que mandou un escrito favorable (alcumábana «A Papisa» porque se dicía que poñía e quitaba curas, ademais de soster a capela de San Roque) e outros máis: «Me ayudaron en todo momento Raúl Fernández, Becaría, el Forense, Doña Carmen Pita, Antonio Amor, un sereno (?) Otero, la Superiora del Hospital y del Refugio, Domingo Navaza, José Noguerol... » (da carta que el escribe, pouco antes de morrer e que aquí se transcribe íntegra).

---

Beade, primer alcalde de las constituyentes en Betanzos, daba con sus satélites frecuentes mítines en los que se injuriaba a la Religión, se aconsejaba a los paisanos que se abstuviesen de pagar las rentas, y a los colonos, que talasen los pinos de las tierras que llevaban en arriendo.

A raíz de las elecciones de Febrero, madurado ya el fruto de las prédicas ultraconservadoras de Beade y comparsa, el 11 de Marzo de 1936, se exigió en Betanzos a los propietarios de trigo, la entrega de un diez por ciento de la cosecha, que fué recogido por el Ayuntamiento y entregado a la C. N. T., encargada de hacer el reparto.

El reparto de los 3.000 ferrados de trigo a que ascendió la incautación (11.300 k.), se hizo por los afiliados de la C. N. T. en su local social de la Casa del Pueblo, en donde, además de ondear la bandera comunista, colocaron un letrero ufanándose de que, *merced a su golpe de audacia*, se había arrancado del poder de los ricos, el trigo objeto del reparto.

Entre los propietarios tan *ingeniosamente atracados*, figuraban las familias siguientes: Echevarría, Naveira, Naveira Pato, Condes de Taboada, Marqués de Figueroa, Castro Ares, Castro Miño, Barús, Montoto, Seoane, Dans Pita, Pita Caramés, Pita Espelosín, Leis Ponte, Lisarrague, Leis, Muiño, Otero Calviño, Maury Inglés, López Freire, González Bouza, Veiga Roel, Fernández Folla, Concheiro Folla, Curiel Rodríguez, Ares Teijeiro, Sánchez Díaz, Puente Pérez, Pérez Meás, Gómez Folla, Couceiro Núñez, Vda. e hijos de Ezequiel Núñez, etc. etc."

[100]Dise que Fernández Meás, solteirón e terratenente coa mellor bodega de viño (foi quen trouxo o lúpulo a Betanzos) extendeuse ampliamente nun sinfín de detalles sobre a figura de Tomás, tratando de salvalo, e o Presidente díxolle: "oiga, pero Ud. es labrador o detective"

¡Pena de morte e un millón de pts. de multa! foi a sentencia, se ben na década dos 40 quedou sen efecto a incautación do capital. Tamén embargaron os seus libros, aínda que algúns escondéronos no faiado debaixo das patacas e salváronse. De tódolos xeitos, Andrés Brage, en representación do Xulgado, levou 5 caixóns grandes cheos deles.

Tomás López da Torre deixou unha viúva de 31 anos e un fillo de 13, ademais dun irmán. Pero deixou algo máis: unha carta (inédita ata o momento) redactada pouco antes de morrer e que coñecemos por xentileza e amizade do seu fillo, Tomás López Loureda. Esta carta é o verdadeiro testamento do último alcalde da Segunda República en Betanzos e amosa nidiamente as virtudes deste home bo e xeneroso.

Escribe ós camaradas do partido (PSOE), amosándose como un militante fiel e comprometido ata o final; explica a verdadeira razón do seu inminente asasinato: a defensa en Asturias dos procesados de 1934; pídelles que velen pola súa familia e, finalmente, preocúpase moito de que non se tomen represalias contra xentes da dereita, que cita con nomes e apelidos e para as que demanda protección. Morre perdoando a todos, mesmo ós seus inimigos. Con el e con tantos outros morre con dignidade e tinguida de sangue a Segunda República Española. Só queda o cemiterio, o monte, o exilio, as ideas e a memoria. Pero as ideas e a memoria non morren doadamente.

> A cualquiera de los camaradas, Beade, Quintanilla o Santamaría.
> Queridos amigos y camaradas: Os dirijo estas líneas momentos antes de morir. Lo hago en primer lugar para deciros que cumplí, en todo momento, con los deberes de un buen militante y espero seguir haciéndolo ante el pelotón que me fusile, convencido de que no fui juzgado sino asesinado.
> Después de dos meses de preso durante los cuales se instruyeron dos expedientes que fueron sucesivamente examinados para ver si había materia en que fundar mi muerte, se me sigue un juicio "sumarísimo" que dura dos días entre el procesamiento y la condena, donde se me prohibe defenderme, viéndome obligado a confiar esta misión a un amigo, López [...], Tte. de Artillería, que se comportó caballerosamente, ayudándome a bien morir. Tuve que contestar en unos minutos, de noche, a un sin fin de cargos, todos absolutamente falsos, fundados en supuestos dichos de gentes que

"Telegrama
Juzgado Militar permanente 8ª División
a Alcalde
25 [septiembre 1936]
Ruego cite comparecencia Consejo Guerra contra Tomás López Datorre sábado 26 cuartel infanteria diez treinta al brigada guardia civil Dimas Llamas Centeno, superiora hospital Sor Patrocinio, Emilio Romay Montoto, Alfredo Curiel Rodríguez, Antonio Amor Barallobre, Carmen Pita Caramés, Superiora refugio Sor Dionisia Ros, José Babío Teijeiro, José Calviño Salazar, médico, Armando Suárez, Lisardo Lissarrague Molezún, coronel, Manuel Fernández Folla, Augusto Bonilla, Jefe Telégrafos, Carlos Peña Rodríguez, Tomás Brea Bouza, José Iglesias García, Antonio Gómez Iglesias, José María Sánchez Maceiras, Antonio Golpe López, Bárbaro Ortega Rodríguez, guardia civil, Juan Guisado Rodríguez, idem, Sebastián de Pedro, idem, Benito Ogando, idem, Manuel Vila, idem, Evaristo Pardo, idem, Antonio Díaz Andión, cabo idem, Escolástico Vaquero, idem, Segundo Vega, idem, Serafín García, idem, Eliseo Barros, sacerdote, José Acuña, idem, José Vázquez Crespo, Luis Álvarez García, Julio Rodríguez Ares, Manuel Fernández Puga, Comandante, Andrés Brage Bouza, Secretario Juzgado Municipal, Marcial Gómez Rodríguez, funcionario de idem, José Iglesias García, Arturo Filgueiras Eiroa, Tomás Brea Louzao, Manuel Otero Martínez, Pedro Pellicer, guardia civil, Benito Saya, en Villozás Pderne, Roque Bonome Rodríguez, Villozás Paderne, Antonio Abarrategui Vales, el nichero, Raimundo Carro, Abogado, Jesús Veiga, Secreatario Ayuntamiento, Pedro Couce, oficial idem, Luis Couceiro Núñez, José Fernández Comerciante [*sic.*], José González, Comandante Militar, Ángel González Teniente Coronel y Alcalde, Manuel Becaría, Francisco López González, oficial Ayuntamiento Paderne, César Rodríguez Carril, Abogado, José Alguero, Notario, y su esposa, Agustín Concheiro Golpe, Raúl Fernández Meás, Domingo Nevares Gil, Ricardo Deben, chófer, Pura Puente, esposa comandante Gómez Iglesias, Antolina Puente, cuñada idem, Otero, guardia municipal, Empleada comercio Sres. Núñez, bajo casa Gómez Iglesias, el Jefe de la Cárcel". [AMB, c. 1075]


TOMÁS LÓPEZ DA TORRE
ABOGADO
BETANZOS

TELÉFONO 95

A cualquiera de los camaradas Beade, Quintanilla Santamaría.

Queridos amigos y camaradas: Os dirijo estas líneas momentos antes de morir. Lo hago en primer lugar para deciros que cumplí, en todo momento, con los deberes de un buen militante y espero seguir haciéndolo ante el pelotón que me fusile, convencido de que no fui juzgado sino asesinado.

Después de dos meses de preso durante los cuales se instruyeron dos expedientes que fueron sucesivamente examinados para ver si había materia en que fundar una muerte, se me [illegible] un juicio "sumarísimo", que dura dos días entre el procesamiento y la condena, donde se me prohibe defenderme, viéndome obligado a confiar esta misión a un amigo, López [illegible], Tte de Artillería que se comportó caballerosamente ayudándome a bien morir. Tuve que contestar en unos minutos, de noche, a un sin fin de cargos, todos absolutamente falsos fundados en supuestos dichos de gentes que no comparecían, ni se [illegible] conocían o habían muerto sin guardar constancia de su declaración. Por encima de todo esto, carente de base, existía el motivo cierto: se castigaba en mí al Abogado que en Asturias luchó en favor de los procesados por Octubre de 1934. La misma persona que, entonces, me corrigió disciplinariamente, ahora firma mi sentencia. Es la lógica consecuencia de haberlo conservado en el puesto.

La situación económica en que dejo a mi familia es bastan

no comparecían, ni se relacionaban o habían muerto sin guardar constancia de su declaración. Pero por encima de todo esto, carente de base, existía el motivo cierto: se castigaba en mí al Abogado que en Asturias luchó en favor de los procesados por Octubre de 1934. La misma persona que entonces me corrigió disciplinariamente, ahora firma mi sentencia. Es la lógica consecuencia de haberlo conservado en el puesto.

La situación económica en que dejo a mi familia es bastante mala. Gasté dinero de mi mujer, mis padres son viejos, mi hermano, Abogado, no se ha encauzado y tengo un hijo de trece años. Espero que os ocupeis de ellos porque, además, el triunfo del Frente popular les privará de algunos ingresos por rentas de tierras que constituyen su único caudal. Deseo que procureis a


te malo. Gasté dinero de mi mujer, mis padres son viejos, mi her-
mano, Abogado, no se ha encausado y tengo un hijo de trece años.
Espero que os ocupéis de ellos porque, además, el triunfo del Frente que
[illegible] les privará de algunos ingresos por rentas de tierras que constituían
ya su único caudal. Deseo que procuréis a mi hermano una
ocupación retribuída: es inteligente, leal y trabajador, y que ayudéis
a mi hijo para que se abra paso en la vida.
Un abrazo a todos los compañeros, especialmente a [illegible]
[illegible], al que diréis que no me equivoqué en los pronósticos de mi
última carta. El error estribó en la magnitud del suceso: nos
encontramos los camaradas en la cárcel y en el cementerio.
Adiós ¡Viva el Socialismo!
Tomás López Da Torre
Cárcel de La Coruña a 27 de Septiembre 1936
P. D. Deseo que en Betanzos se eviten represalias. Me ayudaron
en todo momento Raúl Fernández, Becaría, el Forense, Doña Carmen
Pita, Antonio Amor, un sereno Otero, la Superiora del Hospital y del Refugio, Domingo Navaza, José
Noguerol ... A todos les guardo reconocimiento y espero que voso-
tros les protejáis si fuese necesario. A quienes me calumniaron ante
el Consejo de Guerra, les he perdonado ya.
Vale

mi hermano una ocupación retribuída: es inteligente, leal y trabajador, y ayudeis a mi hijo para que se abra paso en la vida.

Un abrazo a todos los compañeros, especialmente a [...], al que diréis que no me equivoqué en los pronósticos de mi última carta. El error estuvo en la magnitud del suceso: nos encontramos los camaradas en la cárcel y en el cementerio.

Adiós ¡Viva el Socialismo!

Tomás López Da Torre

Cárcel de La Coruña a 27 de Septiembre 1936

P. D. Deseo que en Betanzos se eviten represalias. Me ayudaron en todo momento Raúl Fernández, Becaría, el Forense, Doña Carmen Pita, Antonio Amor, un sereno (?) Otero, la Superiora del Hospital y del Refugio, Domingo Navaza, José Noguerol... A todos les guardo reconocimiento y espero que vosotros les protejais si fuese necesario. A quienes me calumniaron ante el Consejo de Guerra, les he perdonado ya.

Vale



*Tomás López da Torre. Imaxes da súa xuventude, que coñecemos (estas e tódalas demais que del se presentan neste traballo) gracias á xentileza do seu fillo, Tomás López Loureda.*

Ata o 20 de setembro de 1939 en que morre na cadea da Coruña José Vaamonde Valiño, da C. N. T., sucederanse arredor de 30 asasinatos de betanceiros. A esto hai que engadir a miseria que tiveron que pasar os escapados, o medo por eles e polas súas familias, e a condena social capitaneada polo clero rexurdinte, que utilizaría durante décadas, a modo de chantaxe, a terrible e disuasoria arma do «certificado de buena conducta», en connivencia co poder civil. Ademais, escenificaríase toda unha estética social arredor do mundo eclesiástico e tamén da Falanxe.

Seguindo o folleto, *Betanzos honra a sus mártires,* de 1955, editado no 1958 e atribuido a Ramón Beade Méndez, podemos saber os nomes deses asasinados:

> [...] El día 22 [...] salieron a la calle jubilosos y alborozados en cuanto los sediciosos ocuparon la ciudad. La encontraron intacta y con 75.000 ptas. (entonces eran pesetas) en las arcas municipales. El día 26, o sea cuatro días después, dos jóvenes betanceros, Tomás Fuentes Belón y Julio Sas, Presidente y Secretario del Sindicato local de la C. N. T. eran detenidos y conducidos a Ferrol, donde fueron fusilados inmediatamente, sin formación de causa.
>
> Al día siguiente 27 de Julio [foi o 29], el Primer Teniente de Alcalde, José Novo Rodríguez, de Izquierda Republicana, que ha sido detenido en Guitiriz, en unión de López Datorre, fué sacado de la cárcel de Betanzos, a las cuatro de la madrugada, llevado al cementerio municipal y asesinado cobardemente.
>
> [...] El 13 de Agosto.- Antonio Maceiras Campillo y José Edreira, afiliados a la C. N. T., pero que no desempeñaban cargos, son detenidos y "paseados" al monte de la Reborica de Aranga, inmediaciones de la carretera de Coruña a Madrid, donde cayeron asesinados, permaneciendo insepultos hasta que los perros y aves de presa terminaron sus restos.
>
> El 15 de Agosto.- Manuel Vales y José Rilo Jorabel, también de la C. N. T. como sim



*Tomás López da Torre no 1936 cando era Alcalde. Abaixo, co seu fillo, Tomás López Loureda, a quen debemos tamén a publicación por primeira vez da carta de seu pai, escrita antes de ser fusilado.*



ples afiliados, son igualmente detenidos, conducidos "de paseo" hasta Teijeiro y vilmente asesinados en la carretera de Curtis a Sobrado.
25 de Agosto.- Manuel Ríos Fraga, afiliado a la U. G. T. sin cargo político sindical, también es detenido y asesinado en la playa de Bastiagueiro, cerca de Santa Cruz de Mera.
El 9 de septiembre.- Son detenidos Juan Moreira Suárez y Manuel Calviño Babío, el primero perteneciente al Partido Comunista y a la U. G. T. el segundo, e inmediatamente asesinados en el paso a nivel de la Espantosa, en la línea Betanzos-Ferrol.
El 16 de septiembre.- Felipe Veiga Montouto y Pedro Barral, ambos afiliados a la C. N. T. sin desempeñar cargos, son detenidos y "paseados" apareciendo sus cadáveres en las inmediaciones de Órdenes.
El 19 de Septiembre.- Es detenido en La Coruña Luis Naveira Carballo, afiliado a la C. N. T. Conducido a Betanzos, se le "pasea" y es asesinado en el kilómetro 2 de la carretera Betanzos-Ferrol.
El 20 de Septiembre.- Gerardo Mosquera Fidalgo, perteneciente a la C. N. T. es asesinado en Tiobre, en el propio portal de su casa, en presencia de su esposa e hijos, en el mismo momento en que, agotadas las municiones, se rendía tras haber sostenido un tiroteo con la fuerza que fué a detenerle.
El 22 de Septiembre.- Es detenido Manuel Vázquez Gómez, afiliado a la C. N. T., "paseado" hasta Osedo, cerca de Sada, y allí asesinado.
1º de Octubre.- Es fusilado en La Coruña Tomás López Datorre, del Partido Socialista, Abogado, Alcalde de Betanzos y Diputado Provincial. Fué detenido en compañía de Novo el 22 de julio, sometido a la farsa de un proceso militar y juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte.
23 de Octubre.- [...] es fusilado en La Coruña Francisco García Coducho, afiliado a la C. N. T., por virtud de sentencia dictada por un tribunal militar sedicioso que lo condenó a muerte.
23 de Octubre.- José Carro afiliado a la C. N. T. es perseguido a tiros por las calles de Betanzos, cayendo gravemente herido en el vientre cerca del hospital. Fué recogido, y con el pretexto de trasladarlo al hospital de Santiago, para su curación, lo metieron en un coche llevándolo hasta el Crucero de Santiso, en el ramal de Meangos, donde fué rematado y su cadáver lanzado a la cuneta.
28 de Octubre.- Bernardo Miño Abelenda, Antonio Lagares Gómez, Camilo Naveira Ferreño y Manuel Fernández, socialistas los dos primeros y



*Tomás López da Torre e a súa esposa, Mª Luisa Loureda Espiñeira, na Exposición de 1929 en Sevilla, a onde foron (o mesmo que á de Barcelona ese ano) con Carlos Peña Rodríguez e a súa muller, Mercedes Otero. Eran anos felices nos que ningún deles podía presaxiar a traxedia de 1936.*

de la C. N. T. y comunista, respectivamente, los otros dos. Miño que era septuagenario desempeñaba el cargo de 2º Teniente Alcalde y Lagares era Capataz de arbitrios. Todos fueron detenidos y llevados a La Coruña, donde se les hizo saber que no aparecían cargos contra ellos. Para ser puestos en "libertad" han sido devueltos al cuartel de la Guardia Civil de Betanzos, y a las dos de la madrugada se les "paseó" hasta la casilla de San Payo, en la carretera de Betanzos a Ferrol, donde se les mató cobardemente.



En Betanzos

LA CIUDAD FUE LIBERTADA POR UNA COLUMNA MILITAR

Durante un par de días, en Betanzos se vivió en gran angustia, alarmadísimo el vecindario al contemplar los hechos que allí se desarrollaban.

Las bandas armadas de campesinos y obreros campaban por el terror impuesto a los habitantes pacíficos, recluídos en sus viviendas.

La histórica y artística iglesia de San Francisco de Betanzos fué asaltada por los grupos armados, lo mismo que la residencia aneja de los frailes franciscanos.

El templo fué volado con dinamita y la residencia incendiada.

También fué volada la cabeza de uno de los puentes y se produjeron destrozos.

Se había establecido por la Casa del Pueblo un régimen comunistas, sometiendo a todos a las órdenes que emanaban de aquel céntro.

Cuando en La Coruña se recibieron noticias de la situación dominante en Betanzos, se envió a aquella ciudad fuerza de la Guardia civil para restablecer la normalidad.

Un camión con fuerzas de la benemérita que se dirigía a Betanzos, fué hostilizado cerca de Guísamo, resultando herido el conductor del auto y muerto por el mismo proyectil, que le atravesó la garganta, uno de los guardias.

Salió inmediatamente una pequeña columna de La Coruña para Betanzos, que entabló una lucha con los revoltosos, dominándolos, después de un fuerte tiroteo, y tomando la Casa del Pueblo.

Quedó rápidamente restablecida la normalidad, proclamado el estado de guerra, y tranquilizado el vecinario, ya garantizado en su vida tranquila.

El guardia muerto se llamaba Alejandro Reyes. Pertenecía al puesto de Padrón y estaba concentrado en La Coruña.

Cuando recibió la alevosa muerte, iba encargado de servir la ametralladora que el camión conducía.

El otro miembro del benemérito instituto, víctima del atentado, que guiaba la camioneta en el momento en que aquél se cometió, se halla herido en un hombro, y fué traído a nuestra ciudad. Se llama Manuel Barreiro y está destinado en la Comandancia de La Coruña.

*Esta é a versión de La Voz de Galicia, 24 de xullo de 1936, da toma de Betanzos polos nacionais.*

30 de Octubre.- Es "paseado" y asesinado cerca de Curtis, Francisco Barreiro Permuy, fotógrafo, afiliado al Partido Comunista.

16 de Noviembre.- Aurelio Castillo, de la C. N. T. es fusilado en La Coruña, donde fué condenado a muerte por un tribunal militar sedicioso.



Un fusilamiento en Betanzos

En Betanzos ha sido fusilado José Novo Diz, jefe de los revoltosos que primero en Betanzos y luego en La Coruña agredió con armas de fuego cortas y largas a las fuerzas del Ejército.

Novo había sido alcalde de aquella ciudad.

*Nota de La Voz de Galicia, 30-VII-1936, ó día seguinte do fusilamento de José Novo Rodríguez [aquí, «Diz» por erro].*

27 de enero de 1937.- Manuel Muñoz Otero y Manuel Allegue, Maestre de Marinería el primero, y Cabo de mar el segundo, ambos también de Betanzos, son fusilados en Ferrol, tras haber sido juzgados por un tribunal sedicioso que los condenó a muerte por haberse mantenido leales a la República.

15 de Febrero de 1937.- Son detenidos y "paseados" los hermanos Pedro y Julio Teijo, ambos afiliados a la C. N. T., cuyos cadáveres aparecieron en las inmediaciones de Cambre.

16 de Noviembre de 1937.- José Maseda Baamonde, afiliado a la C. N. T. estaba herido y lo detuvieron en el lugar de la Arumida, en Cesuras, con el dueño de la casa donde estaba oculto y un hijo de éste. Todos fueron conducidos a La Coruña y juzgados por un tribunal faccioso, que condenó a muerte al Maseda Baamonde y al hijo del dueño de la citada casa. Ambos fueron fusilados en la fecha indicada y al viejo lo pusieron en libertad tras haberle usurpado su modesto patrimonio.

20 de Agosto del 38.- Es fusilado en La Coruña, Celestino Veiga, directivo del Sindicato local de la C. N. T. Anduvo huido por los montes en compañía de su padre. Sorprendidos durmiendo por los falangistas, los condujeron a La Coruña; el primero ha sido juzgado por un tribunal sedicioso que lo condenó a muerte y su padre fue puesto en libertad tras horribles torturas.
29 de Noviembre del 38.- Muere asesinado en plena plaza de Betanzos Francisco Cortiñas Díaz, de tendencias derechistas. Lo asesina un guardia civil al negarse a entregar una máquina de escribir, propiedad de su hermano Luis, que se encontraba detenido.
20 de Septiembre del 39.- Muere en la cárcel de La Coruña José Baamonde Valiño, afiliado a la C. N. T., después de sufrir una serie de penalidades en los tres años que estuvo huido y a consecuencia del régimen de hambre y miseria que sufrió en la prisión.

A Segunda República chegara sen sangue a España e os republicanos tiveron verdadeiro esmero en non enturbiar o nacemento do novo réxime con violencia. Pero as cousas non saíron ben para aqueles apóstolos da moderación como medio máis seguro para acadar os cambios que preconizaban. Desbordados pola esquerda e pola dereita, non podían resistir moito tempo. E ó remate, todos serían xulgados polo mesmo raseiro, o máis negativo posible, como se foran auténticas alimañas que había que eliminar sen contemplacións.

E mentres os cadáveres permanecían abandonados nas cunetas das carreteras, uns cuantos mozos da cidade, cheos de entusiasmo e fervor patriótico (non era a «patria» dos mortos das cunetas nin a dos mortos en vida) marcharon voluntarios á guerra, á fronte de Asturias, integrando o «Batallón de Mariscos», todo de galegos, do que foi un dos fundadores, Salvador Sánchez García, «Limiñón», xefe da «Falange» en Betanzos no 1936.

## IX.- ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

1ª.- A campaña electoral das eleccións do 12 de abril de 1931 é moi importante, por poñer de manifesto, mediante numerosos mitins e unha verdadeira guerra de panfletos, artigos e demais, quen era quen na cidade e de que se acusaban mutuamente os partidos.

2ª.- Todo semella que as eleccións do 12 de abril foron irregulares, como era costume, aínda que somente fora porque non se chegara a constituir a mesa que, curiosamente, dominaban as xentes que logo traerán a República.

3ª.- Aínda que gañaron os «independientes» nesas eleccións non lles serviu para nada, porque, debido ós resultados do resto de España, caeu a Monarquía e, por conseguinte, o novo goberno municipal tiña que ser republicano.

4ª.- Para dar legalidade ós concellos provisionais, aqueles onde non gañaran os republicanos, fixéronse as elccións municipais do 31 de maio de 1931. Esas eleccións non tiveron en Betanzos practicamente contendentes, polo que as gañou sen problemas a «Coalición Republicano-Socialista». Precisamente, a ausencia de contendentes levou a que os datos fosen amañados (semella unha especie de pacto entre os distintos compoñentes da coalición), cousa que resulta moi evidente, tanto se analizamos as cifras (en cada «sección» meteuse case a mesma cantidade de votos a cada candidato), como se comparamos estas co censo: había 1.065 votos máis que electores.

5ª.- Os distintos gobernos republicanos municipais de Betanzos (como, probablemente, a maioría dos do resto de España) non foron capaces de articular unha política local integradora das distintas clases sociais, debido, en boa maneira, no caso dos gobernos de esquerda, a un anticlericalismo que consagraba a propia Constitución e tamén ó espiritu

revolucionario que moitos seguiron, a imaxe da Revolución Soviética triunfante de 1917. E cando o goberno municipal foi de dereitas a fenda social tampouco deixou de medrar.

6º.- En función do que eles entendían por «progreso», é certo que se enfrontaron co clero local e coas tradicións (enterros, festas...), cousa que era xeral para o Estado por vir determinada pola lei. Pero, aínda así, por moito que asustaran ás xentes «de orden», non mataron a ninguén, cousa que si farían despiadadamente con eles.

7º.- A chegada á Alcaldía de López da Torre, logo da victoria electoral do Frente Popular, que pasara desde os liberais romanonistas de 1914 a concellos da Dictadura e á «Unión Monárquica», para asentarse definitivamente no PSOE (avogado e articulista, afín agora ás teses de Largo Caballero) non arranxou a fractura social. Pola contra, foi fatal para el nun contexto cada vez máis radicalizado. E non lograría salvarse, a pesar dos esforzos persoais dalgún dos vellos compañeiros (Fernández Meás...) e outras persoas de moi diversas ideoloxías, nos escuros días do Alzamento do 36. Alí rematou todo: moitos morreron, fusilados, «paseados» ou na cárcere, mentres se poñía punto final á Segunda República en Betanzos coa queima da igrexa de San Francisco, unha «fazaña» que ninguén quixo nin quere reivindicar.

8º.- A Igrexa, como fixera nos séculos anteriores cos herexes, foi implacable na súa vinganza. Acostumada a actuar con prepotencia baixo o paraugas dos poderosos, e con Deus da súa parte, non foi en absoluto un elemento neutral nin de apaciguamento dos ánimos. Non demostrou piedade para os republicanos asasinados nin para as súas familias. Nada hai que supoña un papel moderador por parte do clero da localidade. Pola contra, segundo se recorda, permitiron o esperpento dalgún notorio persoeiro que chegou a dar «certificados para ir al cielo» a executores dos asasinatos. Nin que dicir ten que algúns deses persoeiros considerábanse con dereito a sentarse nos «mellores» bancos da igrexa e, certamente, ese era o seu lugar naquela igrexa tinguida coa sangue da República.

9º.- Betanzos, de calquera maneira, foi un microcosmos, un pequeno espello do que pasaba no resto de España, e esto non só se pode levar á relixión como campo de batalla senón a moitos outros aspectos máis positivos. Porque, aínda que agora non o estudiamos, a Segunda República en Betanzos supuxo moitas outras cousas: avance na educación primaria con novas e mellores escolas; mellora na educación secundaria conseguindo un Instituto, non no Liceo como pretendía o concello, senón no exconvento de Santo Domingo; mellora nas infraestructuras públicas con atención especial á parte rural (fontes, lavadeiros, camiños...); construcción do Parque Pablo Iglesias; traída de augas e *alcantarillado*, como un feito verdadeiramente histórico, etc. Non está mal para tan pouco tempo.

10º.- Os mortos republicanos nunca foron esquencidos e, dalgún xeito, e por aquelo de que a historia responde a movementos pendulares, rexurdiron na era da Constitución de 1978, onde a Monarquía é democrática e onde moitas das conquistas e dos sonos republicanos se fixeron de novo realidade, esquecendo uns e outros inimizades excluíntes.

O presente traballo non procurou nunca facer unha historia de bos e malos. Pero houbo un límite que se pasou e ese límite estivo no asasinato sistemático do inimigo político, ademais vencido. ¿Resultado?: os perdedores morreron fisicamente, e os gañadores morreron eticamente.







*Igrexa de San Francisco, de Betanzos, despois de ser queimada en xullo de 1936. Fotos: José Veiga Roel. Xentileza de Dª María Consuelo Veiga Sánchez.*









*Igrexa de San Francisco, de Betanzos, despois de ser queimada en xullo de 1936. Fotos: José Veiga Roel. Xentileza de Dª María Consuelo Veiga Sánchez.*

BIBLIOGRAFÍA

ABEL VILELA, Adolfo de Abel, "Ofrenda del Reino de Galicia", *Gran Enciclopedia Gallega*, 23: 21-22.

BEADE DOPICO, Andrés, 1997, "El incendio del convento en 1936: la historia no contada", *Anuario Brigantino 1996*, 19: 229-232.

[BEADE MÉNDEZ, Ramón] Comité Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito [redactado no 1955.], 1958. Buenos Aires: Comisión do Centro Betanzos.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo.

(1996a): "El Globo de Betanzos, protagonista de las fiestas políticas y religiosas del s. XIX y más allá", *El Globo de Betanzos*. Madrid, Goya Estela S. L. (Biblioteca Artabrorum).

(1996b): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos», *Anuario Brigantino 1995*, 18: 29-60.

(2001): "Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)", *Anuario Brigantino 2000*, 23: 311-374.

ESTEBAN, Jorge de, *1983, Constituciones españolas y extranjeras*, Madrid, Taurus.

GRANDÍO SEOANE, Emilio.

(1993): "La CEDA en el partido judicial de Betanzos: organización local y comportamiento electoral (1931-1936)", *Anuario Brigantino 1992*, 15: 175-199.

(1996): "Os primeiros meses da Guerra: Betanzos, Xullo-Novembro de 1936", *Anuario Brigantino 1995*, 18: 165-174.

LAGARES PÉREZ, Antonio, 1994, "A primeira Corporación Municipal da II República en Betanzos". *Anuario Brigantino 1993*, 16: 171-174.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos, 2000, «Unha achega á historia da F.A.I. en Galicia: o grupo «Plantas Nuevas» de Betanzos», *Anuario Brigantino 1999*, 22: 237-254.

ROMERO LARGO, Luis *et al*, 1992, "La Segunda República", *Historia de España*, 9. Madrid, Club Internacional del Libro.

SILVA FERREIRO, M., 1938, *Galicia y el Movimiento Nacional: páginas históricas*. Santiago de Compostela: Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar.

TORRES REGUEIRO, Xesús, 1992, «O movemento obreiro e agrario no Betanzos da II República», *Os conquistadores modernos: movemento obreiro na Galicia de anteguerra*. Vigo, Edicións A Nosa Terra (Historia de Galicia, 17): 83-119.

*Convento e igrexa de San Francisco despois de seren queimados. Foto Blanco (La Voz de Galicia, 29-VII-1936).*



AGRADECEMENTO

A D. Tomás López Loureda, D. Marcelino Álvarez López, Familia Couceiro, Dª Mª Consuelo Veiga Sánchez, Dª Angélica Moretón, D. Xulio Cuns Lousa, D. Adolfo Sánchez Castro (†), D. Carlos Pereira Martínez, D. Xosé Mª Veiga Ferreira, D. Antonio Noguerol Otero, D. José Luis Abarrategui, D. José García (†), D. Emilio Ferreira Muíño (†) e moitas outras persoas, que, ó longo das últimas dúas décadas, viñeron colaborando con documentos textuais, fotografías e informes verbais.